Facultade de Filoloxía e Tradución

(*)

Horarios

Horarios

http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74

Grao en Tradución e Interpretación

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G230V01101	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego	1c	6
V01G230V01102	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español	1c	6
V01G230V01103	Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés	1c	9
V01G230V01104	Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés	1c	9
V01G230V01105	Idioma moderno: Idioma 2, I: Inglés	1c	9
V01G230V01106	Idioma moderno: Idioma 2, I: Francés	1c	9
V01G230V01107	Idioma moderno: Idioma 2, I: Alemán	1c	9
V01G230V01108	Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués	1c	9
V01G230V01109	Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática	1c	6
V01G230V01201	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego	2c	6
V01G230V01202	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español	2c	6
V01G230V01203	Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés	2c	6

V01G230V01204	Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés	2c	6
V01G230V01205	Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés	2c	6
V01G230V01206	Idioma moderno: Idioma 2, II: Francés	2c	6
V01G230V01207	Idioma moderno: Idioma 2, II: Alemán	2c	6
V01G230V01208	Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués	2c	6
V01G230V01209	Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación	2c	6
V01G230V01210	Introdución á teoría da tradución e a interpretación	2c	6

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G230V01301	Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego	1c	6
V01G230V01302	Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español	1c	6
V01G230V01303	Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés	1c	6
V01G230V01304	Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés	1c	6
V01G230V01305	Idioma 2, III: Inglés	1c	6
V01G230V01306	Idioma 2, III: Francés	1c	6
V01G230V01307	Idioma 2, III: Alemán	1c	6
V01G230V01308	Idioma 2, III: Portugués	1c	6
V01G230V01309	Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01310	Tradución idioma 1, I: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01311	Tradución idioma 1, I: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01312	Tradución idioma 1, I: Francés-Español	1c	6
V01G230V01313	Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación	1c	6
V01G230V01401	Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego	2c	6
V01G230V01402	Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español	2c	6
V01G230V01403	Idioma moderno: Idioma 1, IV: Inglés	2c	6
V01G230V01404	Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés	2c	6
V01G230V01405	Idioma 2, IV: Inglés	2c	6
V01G230V01406	Idioma 2, IV: Francés	2c	6

V01G230V01407	Idioma 2, IV: Alemán	2c	6
V01G230V01408	Idioma 2, IV: Portugués	2c	6
V01G230V01409	Tradución idioma 2, I: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01410	Tradución idioma 2, I: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01411	Tradución idioma 2, I: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01412	Tradución idioma 2, I: Francés-Español	2c	6
V01G230V01413	Tradución idioma 2, I: Alemán-Galego	2c	6
V01G230V01414	Tradución idioma 2, I: Alemán-Español	2c	6
V01G230V01415	Tradución idioma 2, I: Portugués-Galego	2c	6
V01G230V01416	Tradución idioma 2, I: Portugués-Español	2c	6
V01G230V01417	Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés	2c	6
V01G230V01418	Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés	2c	6

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G230V01501	Tradución entre lingua A1 e lingua A2	1c	6
V01G230V01502	Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01503	Tradución idioma 1, II: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01504	Tradución idioma 1, II: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01505	Tradución idioma 1, II: Francés-Español	1c	6
V01G230V01506	Tradución idioma 2, II: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01507	Tradución idioma 2, II: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01508	Tradución idioma 2, II: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01509	Tradución idioma 2, II: Francés-Español	1c	6
V01G230V01510	Tradución idioma 2, II: Alemán-Galego	1c	6
V01G230V01511	Tradución idioma 2, II: Alemán-Español	1c	6
V01G230V01512	Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego	1c	6
V01G230V01513	Tradución Idioma 2, II: Portugués-Español	1c	6

V01G230V01514	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01515	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01516	Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01517	Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Español	1c	6
V01G230V01518	Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía	1c	6
V01G230V01601	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01602	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01603	Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01604	Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Español	2c	6
V01G230V01605	Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01606	Tradución idioma 1, III: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01607	Tradución idioma 1, III: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01608	Tradución idioma 1, III: Francés-Español	2c	6
V01G230V01609	Tradución idioma 2, III: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01610	Tradución idioma 2, III: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01611	Tradución idioma 2, III: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01612	Tradución idioma 2, III: Francés-Español	2c	6
V01G230V01613	Tradución idioma 2, III: Alemán-Galego	2c	6
V01G230V01614	Tradución idioma 2, III: Alemán-Español	2c	6
V01G230V01615	Tradución idioma 2, III: Portugués-Galego	2c	6
V01G230V01616	Tradución idioma 2, III: Portugués-Español	2c	6
V01G230V01617	Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01618	Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01619	Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01620	Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Español	2c	6
V01G230V01621	Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución	2c	6

Curso 4			
Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G230V01701	Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos	1c	6
V01G230V01702	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01703	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01705	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Francés-Español	1c	6
V01G230V01801	Tradución económica idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01802	Tradución económica idioma 1: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01804	Tradución económica idioma 1: Francés-Español	2c	6
V01G230V01901	Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01902	Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01903	Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01904	Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Francés-Español	1c	6
V01G230V01905	Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01906	Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01907	Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01908	Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Francés-Español	1c	6
V01G230V01909	Interpretación idioma 2: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01910	Interpretación idioma 2: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01911	Interpretación idioma 2: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01912	Interpretación idioma 2: Francés-Español	2c	6
V01G230V01913	Interpretación idioma 2: Alemán-Galego	2c	6
V01G230V01914	Interpretación idioma 2: Alemán-Español	2c	6

V01G230V01915	Interpretación idioma 2: Portugués-Galego	2c	6
V01G230V01916	Interpretación idioma 2: Portugués-Español	2c	6
V01G230V01917	Relacións Internacionais	2c	6
V01G230V01918	Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01919	Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01920	Tradución científica-técnica idioma 1: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01921	Tradución científica-técnica idioma 1: Francés-Español	1c	6
V01G230V01922	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01923	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01924	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01925	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Español	2c	6
V01G230V01926	Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01927	Tradución editorial idioma 1: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01928	Tradución editorial idioma 1: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01929	Tradución editorial idioma 1: Frances-Español	2c	6
V01G230V01930	Tradución especializada lingua A1-lingua A2	1c	6
V01G230V01931	Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada	1c	6
V01G230V01932	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01933	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01934	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Francés-Español	1c	6
V01G230V01935	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Alemán-Galego	1c	6
V01G230V01936	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Alemán-Español	1c	6
V01G230V01937	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Portugués-Galego	1c	6

V01G230V01938	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Portugués-Español	1c	6
V01G230V01939	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01940	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01941	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01942	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Francés-Español	2c	6
V01G230V01943	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Alemán-Galego	2c	6
V01G230V01944	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Alemán-Español	2c	6
V01G230V01945	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Portugués-Galego	2c	6
V01G230V01946	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Portugués-Español	2c	6
V01G230V01947	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01948	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01949	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01950	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Francés-Español	2c	6
V01G230V01951	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Alemán-Galego	2c	6
V01G230V01952	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Alemán-Español	2c	6
V01G230V01953	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Galego	2c	6
V01G230V01954	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Español	2c	6
V01G230V01955	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01981	Prácticas externas: Prácticas en empresas e organismos	2c	6
V01G230V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego				
Materia	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego			
Código	V01G230V01101			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Gómez Clemente, Xosé María			
Profesorado	Gómez Clemente, Xosé María Solla González, Amparo			
Correo-e	xgomez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Visión sistemática da normativa que rexe o uso da lingua galega, para que o alumnado chegue a te-lo dominio necesario da norma gramatical que lle permita producir textos con corrección. Nas clases presentaranse e comentaranse os diferentes aspectos da normativa actual: ortografía, morfoloxía, léxico e sintaxe e estudaranse polo miúdo os que presenten unha aplicación máis problemática. O punto de partida é o nivel C2 do Marco de referencia europeo para a aprendizaxe de linguas.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber • saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• saber facer
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• saber
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT14	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Analizar e avaliar criticamente textos orais e escritos en lingua galega.	CB1 CB3 CE3 CE4 CE18 CE27 CT6
Adquirir ou completar con coñecementos teóricos unha expresión oral e escrita en galego correcto, adecuado e coherente.	CE3 CE4 CE25
Adquirir autonomía para producir e corrixir textos orais e escritos, utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega.	CB1 CB3 CE3 CE4 CE18 CE24 CT14

Contidos	
Tema	
1. A norma escrita da lingua galega	
	1.1. Acentuación 1.2. Signos ortográficos 1.3. Sufixos e terminacións 1.4. Grupos consonánticos 1.5. Formación do plural e do feminino.
2. O estándar oral galego	4.1. Pronuncia das vogais abertas e pechadas, da nasal velar e da fricativa prepalatal xorda. 4.2. As vogais medias nos paradigmas verbais. 4.3. Os grupos cultos. 4.4. Elisións e contraccións na cadea fónica.
3. Morfosintaxe	2.1. O artigo 2.2. O substantivo e o adxectivo 2.3. O pronome persoal (formas, contraccións, concorrencia de pronomes, dativo de solidariedade e de interese interferencias, colocación, interpolación) 2.4. Posesivos e demostrativos (formas, contraccións, usos especiais) 2.5. Cuantitativos e indefinidos 2.6. O verbo (morfoloxía, usos e valores dos tempos, formas nominais, perífrases verbais) 2.7. O adverbio 2.8. A preposición 2.9. A conxunción
4. Léxico normativo	1. O estándar léxico do galego. 2. Interferencias no léxico. 3. Familias léxicas

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	48	72
Resolución de problemas	20	0	20
Resolución de problemas de forma autónoma	0	30	30
Traballo tutelado	2	15	17
Exame de preguntas obxectivas	2	9	11

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Traballo tutelado	O/A estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do/a estudante.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Resolveranse as dúbidas que o alumnado puider ter sobre os contidos teóricos explicados na materia.
Traballo tutelado	Resolveranse as dúbidas que o traballo tutelado puider presentar.
Resolución de problemas	Na aula, resolveranse as dúbidas que os exercicios lle presenten ó alumnado.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolveranse as dúbidas que as prácticas propostas puideren xerar.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Consistirá na lectura dun libro que se proporá ó inicio das aulas. Pedirase un resumo e unha valoración persoal. Avaliarase especialmente a corrección lingüística.	20	CE3 CE24 CE27
Resolución de problemas de forma autónoma	Cada estudante deberá facer catro exercicios prácitcos, un por tema, que serán corrixidos e entregados. Ó final de curso, volveranse recoller coas correccións introducidas.	30	CE3 CE4 CE18 CE24
Exame de preguntas obxectivas	Haberá dúas probas por un valor total de 10 puntos. 1ª (5 puntos), ó rematarmos o tema 1 e 2. Esta parte deberán repetila ó final do cuadrimestre tódolos alumnos que non consigan unha puntuación do 50% da nota. 2ª proba (5 puntos), na data indicada no calendario de exames da FFT: temas 3 e 4.	50	CE3 CE4 CE18 CE24

Outros comentarios sobre a Avaliación

Se se considerar preciso, haberá unha proba diagnóstica ó principio do curso que non contará na avaliación.

1ª Edición das actas.

-Avaliación continua.

As porcentaxes indicadas soamente se aplicarán nos casos en que o alumnado realice as dúas probas previstas e entregue os comentarios dos textos e mailo traballo sobre os textos propostos, é dicir, que opte pola avaliación continua.

-Avaliación única.

O alumnado que se acolla ó sistema de avaliación única deben presentarse a un exame (80% da nota) sobre os 4 temas do temario. Tamén deberá presentar un traballo sobre a obra de lectura obrigatoria por valor do 20%.

2ª Edición das actas.

O alumnado que se acolla ó sistema de avaliación única deben presentarse a un exame (80% da nota) sobre os 4 temas do temario. Tamén deberá presentar un traballo sobre a obra de lectura obrigatoria por valor do 20%.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Real Academia Galega, Dicionario da RAG, RAG, 2012, http://www.realacademiagalega.org/dicionario

NAVAZA BLANCO, G. (coord.), Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos, Xerais, 2011, Vigo

PENA, X. A. (dir.) et alii, Gran dicionario Cumio da lingua galega, Edicións do Cumio, 2007, Vigo

REAL ACADEMIA GALEGA, Dicionario castelán-galego da Real Academia Galega, Fundación Barríe, 2005, A Coruña

FERNÁNDEZ SALGADO, coord.), Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega, Galaxia, 2004, Vigo

CARBALLEIRA ANLLO, X. Mª (coord.), Gran dicionario Xerais da lingua, Xerais, 2009, Vigo

REAL ACADEMIA GALEGA/INSTITUTO DA LINGUA GALEGA, Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 23 ed., RAG-ILG, 2012, Santiago

HERMIDA GULÍAS, C., Gramática práctica (Morfoxintaxe), Sotelo Blanco, 2006, Santiago de Compostela

FREIXEIRO MATO, X.R., Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe, 2ª ed., A Nosa Terra, 2006, Vigo

ÁLVAREZ BLANCO, R. e XOVE, X., Gramática da lingua galega, Galaxia, 2002, Vigo

ÁLVAREZ BLANCO, R., H. MONTEAGUDO e X. L. REGUEIRA, Gramática galega, Galaxia, 1986, Vigo

REGUEIRA, Xosé Luís, Un modelo de estándar oral para a lingua galega, D. Kremer (ed.) Actas do VI Congreso Internacional, 2000,

CALLÓN, Carlos, Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez, 6ª, Xerais, 2016, Vigo

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

Outros comentarios

Aconséllase a consulta periódica de http://ocartafol.usc.es ou de http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/uip/index.html) e a subscrición ó Boletín de recomendaciones da Fundación del Español Urgente (www.fundeu.es).

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español				
Materia	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español			
Código	V01G230V01102			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Baez Montero, Inmaculada Concepción			
Profesorado	Baez Montero, Inmaculada Concepción			
Correo-e	cbaez@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia revisa e reforza os coñecementos de lingua española que ten o alumnado e incide na aplicación práctica da lingua adaptada á construción de discursos orais e escritos en contextos comunicativos formais para conseguir mellorar a capacidade de comunicación oral e escrita en lingua española.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber • saber facer
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber • saber facer
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión	• saber • saber facer
CE14	Dominio de ferramentas informáticas	• saber
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos	• saber • saber facer
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• saber • saber facer
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia	• saber • saber facer
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos	
CT5	Coñecementos de informática aplicada	
CT7	Toma de decisións	
CT9	Razoamento crítico	

CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT18	Creatividade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Adquisición de coñecementos teóricos que fundamenten unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita en lingua española.	CB2 CB5 CE3 CE4 CE10 CE13 CE24 CT1 CT3 CT9 CT10 CT15
Dominio avanzado e plenamente autónomo da producción expositiva e argumentativa de textos en lingua española a partir do uso de datos dentro de entornos profesionais.	CB2 CB3 CE3 CE8 CE13 CE14 CE15 CT1 CT5 CT9 CT15 CT18
Consolidación de aspectos teóricos e prácticos avanzados do español oral e escrito nos distintos niveis lingüísticos (léxico-semántico, morfosintáctico, fónico e ortográfico) e discursivos.	CB1 CB2 CB4 CE3 CE4 CE8 CE10 CE13 CE14 CE24 CE33 CT1 CT7 CT10 CT15 CT18

Contidos

Tema	
Tema 1: Introdución xeral à linguaxe e as linguas xestuais e orais e aos sistemas de comunicación orais e escritos e audiovisuais. Que é a linguaxe e que son as linguas? Como analizar as linguas para profundizar nelas?	a) Crenzas e prexuizos nas linguas e nos falantes b) A incidencia da escrita nas linguas e nos falantes c) Elementos e procesos na comunicación. d) Subsistemas de análise das linguas e da comunicación
Tema 2: Linguas pluricéntricas. Norma e uso da lingua española. Unha ou varias normas? Linguas ou variacións na lingua española?	a) A norma académica e o concepto de estándar culto en español b) A política lingüística panhispánica da RAE c) Fonética, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, semántica e pragmática da lingua española d) Materiais de consulta: dicionarios, gramáticas, manuais de estilo, corpus lingüísticos, etc.

Tema 3: Sistemas directos de comunicación: oralidade e xestualidade en español. Como preparar unha presentación oral? Falar con acento?	a) Emisión e interacción oral en español. b) Ortología e ortofonía do español c) Neoloxismos, préstamos, cultismos, etc. d) A xestualidade en español e) O acento e a pronunciación do español de Galicia
Tema 4: Sistemas sustitutivos de comunicación: a escritura en español. Como elaborar un texto escrito? Que é a escritura inmediata?	a) Corrección gramatical e léxica en español b) Ortografía e ortotipografía en español c) Organización e creación de textos escritos. Coherencia, cohesión e adecuación textual d) Normas de escritura de español académico e) Referenciar, citar, textos académicos sin plagiar
Tema 5: A edición de textos audiovisuais con ferramentas e metodoloxías do sécalo XXI.	a) Procesadores e correctores de textos b) Dicionarios electrónicos e bases de datos c) As entrevistas d) Os corpus lingüísticos e) Edicion audiovisual

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	11	33	44
Resolución de problemas de forma autónoma	1	29	30
Design Thinking	20	20	40
Traballo tutelado	16	16	32
Cartafol/dossier	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Presentación	Actividade teórica. Exposición teórica da materia que irá acompañada de exemplos que aseguren a comprensión axeitada dos temas.
Resolución de problemas de forma autónoma	Recompilación do traballo do/a estudante co obxectivo de amosar os seus esforzos, progresos e logros nunha área. A recompilación debe incluír contidos elixidos polo alumno/a, os criterios de selección e evidencias de autorreflexión.
Design Thinking	Potencia a innovación centrada nas persoas. Tres pasos: explora, colabora e ofrece (ECO) 1) na exploración e adquisición de coñecementos básicos sobre os usuarios/as dun produto, situación ou problema; 2) na construción de prototipos coas ideas máis axeitadas; 3) no ofrecimiento aos usuarios/as do prototipo.
Traballo tutelado	Práticas textuais de redacción de textos expositivos e argumentativos especialmente para contextos académicos e profesionais. Dominio da interacción oral (debates).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	Reservarase un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Os alumnos que o desexen poderán concertar horas de consulta co profesor de forma adicional ao horario establecido para as titorías.
Resolución de problemas de forma autónoma	a) biografía académica, b) selección de tres probas de entre os debates, exercicios e resolucion de problemas c) autoevaluación da aprendizaxe
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	Documento elaborado polo estudante que recompila información sobre as experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de formación.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Presentación	Exposicion dos traballos individuais e de grupo.	20	CB2 CB3 CB4

Traballo tutelado	Actividades nas que se formulan problemas e exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións apropiadas ou correctas mediante a aplicación de diferentes rutinas ou procedementos.	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE3 CE4 CE8 CE10 CE14 CE24 CE33 CT1 CT5 CT7 CT9 CT10 CT15 CT18
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado debe responder, mediante metodoloxías autorreguladoras do aprendizaxe, as preguntas e cuestions propostas e inducidas nos debates de grupo.	20	CB1 CB3 CE3 CE8 CE14 CT5 CT9 CT10 CT15 CT18
Cartafol/dossier	Documento elaborado polo estudante que recompila a informacion sobre as experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de formación asi como a autoevaluacion da aprendizaxe. As partes do cartafol son: a) biografía académica, b) selección de tres probas de entre os debates, exercicios e resolucion de problemas c) Diario de clase e autoevaluación da aprendizaxe	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE3 CE4 CE8 CE10 CE14 CE24 CE33 CT1 CT5 CT7 CT9 CT10 CT15 CT18

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

A avaliación será **continua**. Non se poderá obter a cualificación de aprobado se alén de ter feito a presentación oral na aula

e ter entregado na data o traballo tutelado escrito, non se apresenta un portafolio final docente que conteña:

a) biografía académica,

b) selección de tres probas de entre os debates, exercicios e resolucion de problemas e

c) diario de clase e autoevaluación da aprendizaxe.

As presentacións orais terán lugar en datas marcadas polo profesor preferentemente na última semana de outubro e primeiras de novembro.

A entrega do cartafol dossier programarase para a primeira semana de decembro.

As partes da avaliación definidas como "participación en debates", "exercicios, actividades e problemas" deberán entregarse na semana seguinte á que sexan plantexadas na aula.

As alumnas e alumnos que non alcancen o aprobado co sistema arriba exposto durante o periodo lectivo poderán presentarse ao exame de **avaliación única** no periodo de exames na data establecida no calendario aprobado pola Xunta de FFT. O día do exame deberán facer entrega do portafolio, do traballo tutelado e realizar unha presentación oral.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)

O alumnado que non alcance o aprobado neste sistema de avaliación única poderá presentarse a exame na **segunda edición de actas en xullo**, na data oficial correspondente aprobada pola Xunta de FFT, nas mesmas condicións que rexen para o exame de sistema de avaliación única na primeira edición de actas.

NOTA: O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1. O plagio será castigado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Álvarez Menéndez, Alfredo; Enrique del Teso Martín, Hablar en español, Oviedo, Ediciones Nobel, 2005,

Ballenato, Guillermo, Comunicación eficaz, Pirámide, 2013,

Bernárdez, Enrique, ¿Qué son las lenguas?, Alianza, 2004,

Briz, Antonio, Saber hablar, Aguilar, 2010,

Cassany, Daniel, La cocina de la escritura, Anagrama, Barcelona, 1995,

Cassany, Daniel, Afilar el lapicero, Barcelona, Anagrama, 2007,

Escandell Vidal, Victoria, La comunicación, Gredos, 2005,

Ewald Jennifer D. y Anne Edstrom (eds.), El español a través de la lingüística: Preguntas y respuestas, Cascadilla Press, 2008,

Fernández Romero, Jose Antonio, Manual atípico y sinóptico para la corrección de textos (ortografía y morfosintaxis), Universidade de Vigo, 2012,

Gallardo Paúls, Beatriz, Lingüística viva, Universidad de Valencia, 2018,

Herrero Blanco, Ángel Luis ... [et al, Signolingüística: introducción a la lingüística de la LSE, Fundación Fesord, Valencia, 2001,

Martínez de Sousa, José, Ortografía y ortotipografía del español actual, Gijón, Trea, 2004,

Montolío, Estrella (coord), Manual práctico de escritura académica, Ariel, Barcelona, 2011,

Moreno Cabrera, Juan Carlos, La dignidad e igualdad de las lenguas, Alianza Ensayo, 2016,

Múñoz-Basols, Moreno, Taboada y Lacorte, Introducción a la lingüística hispánica actual: teoría y práctica, Routledge, 2017,

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA, Nueva gramática de la lengua española, Madrid, Espasa, 2009,

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA, Ortografía de la lengua española, Madrid, Espasa, 2013,

Recomendacións

Outros comentarios

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das

datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

O alumnado Erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta imposible seguir esta materia sen ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.

Os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio. De se producir esta circunstancia, poderán activarse as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario.

Mais que bibliografía o listado de referencias son fontes de información.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés				
Materia	Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés			
Código	V01G230V01103			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	González Álvarez, María Dolores Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Profesorado	González Álvarez, María Dolores Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Correo-e	dglez@uvigo.es rosalia@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia céntrase na consolidación das competencias lingüísticas e comunicativas a nivel avanzado, prestando especial atención ás destrezas de audición e produción oral. O nivel final do curso é C1, segundo os estándares do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer • Saber estar / ser
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber • saber facer
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber • saber facer
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• saber facer • Saber estar / ser
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	• saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• saber facer • Saber estar / ser
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• saber facer • Saber estar / ser
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos	• saber facer • Saber estar / ser
CT9	Razoamento crítico	• saber facer • Saber estar / ser
CT12	Traballo en equipo	• saber facer • Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber facer • Saber estar / ser
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	• saber facer • Saber estar / ser
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber facer • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Adquisición das habilidades de comprensión e expresión oral en inglés a nivel avanzado.	CB2 CB5 CE1 CE4 CE18 CT15 CT23
Adquisición e utilización do repertorio léxico de nivel avanzado do inglés entroncado coa temática a tratar nos contidos.	CB2 CB4 CB5 CE1 CE4 CE24 CT15 CT23
Adquisición da capacidade para desenvolverse cun nivel avanzado en inglés a través de presentacións na clase, individualmente ou en grupo.	CB2 CB4 CB5 CE1 CE2 CE4 CE10 CE11 CE18 CE24 CE27 CT3 CT9 CT12 CT17
Promoción da autonomía do alumnado para desenvolver unha competencia comprensiva de nivel avanzado de diversos tipos de textos en inglés.	CB3 CB5 CE1 CE4 CE18 CE24 CT15 CT17 CT23

Contidos	
Tema	
I. THE PRONUNCIATION OF ENGLISH [Clases teóricas. Docente: Dolores González Álvarez]	1. The pronunciation of vowels and consonants: 1.1. Phonemes and allophones: The IPA chart 1.2. Sounds and spellings 2. Word stress and sentence stress: 2.1. Strong and weak vowels, syllables and words 2.2. Rhythm 3. The accents of English: 3.1. Standard accents: RP and GA 3.2. Nonstandard British accents 3.3. Other accents of English 4. Intonation: 4.1. Statements and questions 4.2. Other intonation patterns

II. LISTENING [Clases prácticas. Docente: Rosalía Rodríguez Vázquez]	1. Strategies: 1.1. Listening for general meaning and for specific information 1.2. Coping with unknown vocabulary 1.3. Coping with different accents 2. Listening practice: 2.1. News programmes 2.2. Interviews 2.3. Academic lectures 2.4. TV and films
III. SPEAKING [Clases prácticas. Docente: Rosalía Rodríguez Vázquez]	1. Speech vs. Writing: 1.1. Characteristics of spoken language 1.2. Register and style 2. Speaking practice: 2.1. Ordinary conversation: making introductions, answering questions, stating an opinion 2.2. Building arguments: using language to describe, compare and contrast, hypothesise and comment upon a topic 2.3. Structuring and delivering academic presentations
IV. VOCABULARY [Clases teóricas. Docente: Dolores González Álvarez]	1. British and American English vocabulary 2. The language of the media: 2.1. Advertising and the mass media 2.2. The language of the written press 3. Academic language

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	1	5
Lección maxistral	12	24	36
Resolución de problemas	18	36	54
Debate	4	12	16
Prácticas autónomas a través de TIC	0	12	12
Eventos científicos	4	4	8
Presentación	24	40	64
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	24	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	8	10
Exame de preguntas obxectivas	4	16	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia ao alumnado (semana 1 de curso).
Lección maxistral	Sesións teóricas. Explicacións de contidos de tipo gramatical, de vocabulario ou das destrezas comunicativas por parte da docente.
Resolución de problemas	Sesións prácticas. Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas.
Debate	Sesións prácticas. Actividades de conversa grupal relacionadas coas destrezas comunicativas.
Prácticas autónomas a través de TIC	Traballo autónomo. Resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais, léxicos e as destrezas comunicativas de forma autónoma a través da plataforma de docencia en liña.
Eventos científicos	Actividades formativas. Asistencia a charlas e/ou seminarios impartidos por profesorado externo na facultade.
Presentación	Probas de competencia oral, que serán avaliadas por medio de exposicións na aula realizadas polo alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Presentación	Para resolver as dúbidas sobre a materia e/ou as probas e presentacións orais que haxa que preparar e expoñer, as docentes atenderán ao alumnado nos seus despachos en horario de titorías. É recomendable que o alumnado informe ás docentes con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico. En ningún caso se desenvolverán sesións de titorías por correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Presentación	En sesións prácticas do curso previamente anunciadas pola/s docente/s, o alumnado fará presentacións orais na aula que serán avaliadas con respecto á destreza de "Speaking".	40	CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE4 CE10 CE11 CE18 CE24 CE27 CT3 CT9 CT12 CT15 CT17 CT23
Resolución de problemas e/ou exercicios			
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas sesións prácticas das semanas 6 e 12 (as semanas poden variar lixeiramente en función do calendario do cuadrimestre), o alumnado será avaliado da destreza de "Listening" por medio de exercicios de resposta curta.	20	CB5 CE1 CE2 CE4 CE18 CE24 CE27 CT9 CT15 CT17 CT23
Exame de preguntas obxectivas	Nas sesións teóricas das semanas 6 e 12 (as semanas poden variar lixeiramente en función do calendario do cuadrimestre), o alumnado será avaliado dos contidos teóricos da materia.	40	CB2 CB5 CE1 CE2 CE4 CE18 CE24 CE27 CT9 CT15 CT17 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

a) Primeira edición de actas:

a.1) Avaliación continua:

O dominio das competencias lingüísticas e comunicativas a nivel C1 será avaliado por medio de dúas probas parciais para cada unha das destrezas especificadas no programa.

As probas orais, en forma de presentacións, terán lugar ao longo do cuadrimestre, en datas anunciadas polas docentes con suficiente antelación. As probas de contido teórico terán lugar durante as sesións teóricas das semanas 6 e 12 (as datas correspóndense coas datas das clases nesas semanas). As probas de escoita terán lugar durante as sesións prácticas das semanas 6 e 12 (as semanas poden variar lixeiramente en función do calendario do cuadrimestre). Se alguén realiza só unha proba parcial, a súa nota corresponderase coa nota ponderada obtida nesa proba.

En ningún caso se realizarán probas parciais en datas diferentes ás anunciadas polas docentes.

Para aprobar a materia, o alumnado deberá aprobar cada unha das destrezas que se avalían, isto é, destrezas de audición e produción oral, así coma contidos teóricos. O suspenso nunha destas partes implica un suspenso na materia.

De suspender algunha(s) das catro partes de que consta a materia -- isto é, Pronunciation, Vocabulary, Listening ou Speaking -- , o alumnado examinarase no mes de xullo da(s) parte(s) suspensa(s) (para máis detalles, véxase apdo. b). De non aprobar en xullo, o alumnado deberá examinarse de todas as destrezas no seguinte curso académico (non se gardarán notas parciais das distintas destrezas dun curso para outro).

A realización dunha ou varias das probas parciais ou notas obtidas pola participación activa do alumnado nas sesións docentes implica a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. O alumnado avaliado mediante o sistema de avaliación continua non poderá presentarse ao exame final e a súa nota da primeira edición de actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas na(s) proba(s) realizada(s) durante o curso.

a.2) Avaliación única:

O alumnado que non realice ningún exame parcial poderá presentarse a un exame único (100% da cualificación final), que terá lugar na data oficial establecida no calendario de exames da Facultade de Filoloxía e Tradución. Ese exame terá asignadas as porcentaxes que seguen: escoita (20%); produción oral (40%); contidos teóricos (40%), divididos entre vocabulario (20%) e fonética-fonoloxía (20%).

Para aprobar a materia, o alumnado que se presente ao exame único deberá aprobar cada unha das destrezas que se avalían, isto é, destrezas de audición e produción oral, así coma contidos teóricos. O suspenso nunha destas partes implica un suspenso na materia.

De suspender algunha(s) das partes das que consta o exame único, o alumnado examinarase no mes de xullo da(s) parte(s) suspensa(s) (para máis detalles, véxase apdo. b). De non aprobar en xullo, o alumnado deberá examinarse de todas as destrezas no seguinte curso académico (non se gardarán notas parciais das distintas destrezas dun curso para outro).

Como se indicou anteriormente, o alumnado que teña obtido algunha nota polo sistema de avaliación continua non poderá realizar o exame único.

b) Segunda edición de actas (xullo):

O alumnado que suspenda a avaliación continua ou, de ser o caso, o exame final, será avaliado mediante o exame único que o centro fixe oficialmente para o mes de xullo. Este exame computará coma o 100% da nota e constará de diversas partes correspondentes a escoita (20%); produción oral (40%); contidos teóricos (40%), divididos entre vocabulario (20%) e fonética-fonoloxía (20%).

Tal e como se explicou no apdo. a), a este exame poderá presentarse o alumnado que teña suspensa algunha das partes da materia. O alumnado deberá examinarse só da(s) parte(s) que ten suspensa(s) e gardaránselle as notas parciais das outras partes obtidas ben ao longo do curso, ben no exame único (ditas notas só se gardarán ata a convocatoria de xullo, en ningún caso durante máis tempo).

c) Observacións finais:

Durante a realización dos exames non se permitirá a utilización de dicionarios, ordenador, teléfono móbil, nin a conexión a Internet.

A reproducción total ou parcial de contidos cuxa autoría non sexa do alumnado sen que este cite as fontes dos devanditos contidos constitutirá plaxio; o plaxio considérase falta moi grave, e conducirá ao suspenso na parte ou partes en que se teña incorrido nesta falta.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Brazil, David, Pronunciation for Advanced Learners of English, Cambridge University Press, 1994, Cambridge
Burgess, Sally & Thomas, Amanda, Gold Advanced Coursebook (with Audio CD), Pearson Education, 2015, Essex
Campbell, Colin, English for academic study: Vocabulary, Garnet, 2012, Reading (England)
Carr, Philip, English phonetics and phonology: an introduction, Wiley-Blackwell, 2013, Chichester (England)
Cauldwell, Richard, Streaming speech: listening and pronunciation for advanced learners of English, Speech in Action, 2003, Birmingham
Cruttenden, Alan, Gimson□s pronunciation of English, 8th ed., Routledge, 2014, London
Edwards, Lynda & Newbrook, Jacky, Gold Advanced Exam Maximiser with Key (with CD), 2nd ed., Pearson Education, 2014, Essex
Estebas Villaplana, Eva, Teach yourself English pronunciation: an interactive course for Spanish speakers, UNED, 2014, Madrid
Hewings, Martin, English pronunciation in use. Advanced: self-study and classroom use, Cambridge University Press, 2017, Cambridge
Hughes, Arthur, English accents and dialects: an introduction to social and regional varieties varieties of English in the British Isles, 5th ed., Hodder Education, 2012, London
McCarthy, Michael & Felicity O□ Dell, English Vocabulary in Use, Cambridge University Press, 2002, Cambridge
McCarthy, Michael & Felicity O'Dell, English Idioms in Use, Cambridge University Press, 2004, Cambridge
McCormack, Joan and Sebastian Watkins, English for academic study: Speaking, Garnet, 2012, Reading (England)
Preiss, Sherry, Northstar: listening and speaking. Advanced, Pearson Education, 2009, White Plains (NY)
Smith, Jonathan and Annette Margolis, English for academic study: Pronunciation, Garnet, 2012, Reading (England)
Stott, Rebecca, Tory Young, and Cordelia Bryan, Speaking your mind: oral presentation and seminar skills, Longman, 2001, Harlow, England; New York
Wells, John Cristopher, Accents of English, Cambridge University Press, 1982, Cambridge
Bibliografía Complementaria
Carter, Ronald, Michael McCarthy, Geraldine Mark and Anne O' Keeffe, English Grammar Today. An A-Z Spoken and Written Grammar, Cambridge University Press, 2011, Cambridge
Greenbaum, Sydney and Randolph Quirk, A Student's Grammar of the English Language, Pearson, 2003, Essex
Hewings, Martin, Advanced Grammar in Use, Cambridge University Press, 2005, Cambridge
Hewings, Martin, Cambridge Grammar for CAE and Proficiency, Cambridge University Press, 2009, Cambridge
McCarthy, Michael & Felicity O'Dell, English Phrasal Verbs in Use, Cambridge University Press, 2004, Cambridge
Capel, A. & W. Sharp, Objective proficiency [Student□s book], Cambridge University ress, 2002, Cambridge

Recomendacións
Materias que continúan o temario
Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés/V01G230V01203

Outros comentarios

Recoméndase unha aplicación constante e seria no estudo da materia. O alumnado que non posúa o nivel de partida B2 terá que procurar formación en inglés pola súa conta (EOI, Centro de Linguas, materiais bibliográficos, etc.).

O alumnado deberá consultar a plataforma de axuda á docencia (www.faitic.uvigo.es) con asiduidade e, en calquera caso, sempre antes das sesións presenciais, xa que moitos dos materiais utilizados nas clases serán colgados nesa plataforma con antelación.
É responsabilidade do alumnado estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar. Esas datas serán publicadas na citada plataforma.

Durante as clases, o alumnado non poderá utilizar dispositivos móbiles nin computadores, a non ser que a(s) docente(s) permitan ou requiran a utilización destes dispositivos con algunha finalidade pedagóxica.

Cómpre lembrar ao alumnado que debe respectar os dereitos de copyright, tanto dos libros utilizados como apoio á docencia coma dos materiais orixinais elaborados e facilitados polas docentes na aula ou a través da plataforma de apoio á docencia.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés				
Materia	Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés			
Código	V01G230V01104			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Castro Lorenzo, Carla			
Profesorado	Castro Lorenzo, Carla			
Correo-e	carlacastro@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Ademais dos contidos, a corrección lingüística tamén é un factor a ter en conta na avaliación.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades nas materias, publicados en FAITIC, e estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO): Avaliación continua: exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación, que se realizará na data fixada no calendario de examen publicado polo Decanato da FFT.

Para o alumnado que durante o curso se acolleu á **avaliación única,** este exame ten un valor do 80% da nota; este alumnado terá que facer tamén unha proba oral polo 20% da cualificación para superar a materia, caso de haber obtido alomemos un 4 na proba escrita da materia.

A nota do exame escrito tanto no caso da avaliación continua como no da avaliación única non deberá ser inferior a 4 sobre 10 para superar a materia. A proba oral realizarase nunha data concertada co profesorado.

En calqueira das convocatorias de exames, o profesorado pode esixir a realización dunha proba oral a aquel alumnado da avaliación continua que, segundo o seu criterio, non demostrara suficiente competencia na materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Schulz-Griesbach, Deutsche Sprachlehre für Ausländer 1, Hueber, 1999,

Lemcke, C. y Rohrmann, L., Grammatik, Intensivtrainer, Klett-Langenscheidt, 2018, München

Castell, A., Gramática de la Lengua Alemana, Idiomas, 2011, Madrid

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma moderno: Idioma 2, II: Alemán/V01G230V01207

Outros comentarios

Nesta materia se parte dun nivel cero de alemán, polo que non é necesario ter coñecementos previos.
Recoméndase a asistencia ás clases, a participación activa nas mesmas e o traballo regular, así como o uso dos recursos da biblioteca.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués				
Materia	Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués			
Código	V01G230V01108			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua impartición	Portugués			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Arias Freixedo, Xosé Bieito			
Profesorado	Arias Freixedo, Xosé Bieito			
Correo-e	freixedo@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumnado adquira coñecementos básicos de lingua portuguesa e das culturas lusófonas (ata o nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas). Aviso importante para alumnado de intercambio (Erasmus): O ensino de Lingua Portuguesa na UVigo diríxese a un alumnado que ten o galego e/ou castelán como lingua materna, de maneira que a progresión é rápida. Non se recomenda ao alumnado de intercambio que non teña un nivel de B1 nestas linguas ou un A1-A2 (como mínimo) en lingua portuguesa matricularse nesta materia.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber • saber facer
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE10	Capacidade de traballo en equipo	
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE22	Destrezas de tradución	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística	

CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT4	Resolución de problemas	• saber • saber facer
CT12	Traballo en equipo	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber • saber facer • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Adquirir coñecementos básicos da cultura e da sociedade dos países de lingua oficial portuguesa, de acordo co nivel A2 do Marco Comum Europeu de Referência das Línguas.	CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE4 CE8 CE10 CE21 CE22 CE25 CE28 CE32 CT2 CT4 CT12 CT17 CT22 CT23
Saber traballar en grupo na realización de actividades prácticas nas aulas.	CB1 CB3 CB4 CE1 CE2 CE4 CE10 CE25 CE28 CE32 CT4 CT12 CT22 CT23

Contidos

Tema	
Contidos gramaticais	Contidos relacionados co nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas.
Contidos lexicais	Contidos lexicais e semánticos relacionados co nivel A2 de lingua portuguesa do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas.

Contidos pragmáticos	Formas de tratamento. Idiomatismos. Falsos amigos. Diferenzas entre o portugués de Portugal e o do Brasil.
Elementos básicos de Cultura Lusófona	Aspectos seleccionados da Historia de Portugal, Historia do Brasil, Historia dos países africanos de língua portuguesa; Historia da literatura na lusofonía; música e arte nas culturas lusófonas actuais; sistemas políticos dos países lusófonos; outros aspectos culturais da lusofonia.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	40	37	77
Traballo tutelado	22	40	62
Eventos científicos	5	5	10
Práctica de laboratorio	1	10	11
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	8	10
Traballo	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Organización e explicación da materia: calendario, exames, exercicios, bibliografía, ferramentas de traballo.
Lección maxistral	O profesorado explicará, combinando teoría e práctica, os contidos esenciais de cada un dos temas, aclarando os conceptos-clave da materia e orientando ao alumnado nas lecturas obrigatorias relacionadas con cada tema.
Traballo tutelado	Sesións prácticas, exercicios prácticos de produción oral e escrita. Revisión de contidos gramaticais con exercicios realizados dentro da aula.
Eventos científicos	Asistencia a conferencias, seminarios, filmes ou outras actividades relacionadas cos contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atención a dúbidas.
Traballo tutelado	Atención a dificultades xurdidas durante as sesións prácticas. Atención a dificultades xurdidas durante a preparación de traballos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Presentación de traballos individuais ou en grupos sobre temas gramaticais diversos a partir de textos de cultura lusófona. Estes traballos poderán ter unha frecuencia semanal.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CE1 CE8 CE21 CE32 CT2 CT4 CT17 CT22 CT23

Práctica de laboratorio	Exercicios orais de comprensión, expresión e fonética. Haberá unha proba oral individual.	30	CB3 CB5 CE1 CE2 CE10 CE22 CT12 CT17 CT22 CT23
Exame de preguntas de desenvolvemento	Unha proba escrita sobre os contidos teórico-prácticos e de civilización lusófona vistos durante o curso. O alumnado de avaliación única debe tamén estar presentes no día do exame.	40	CB1 CB2 CB3 CE1 CE2 CE8 CE21 CE25 CT4 CT17 CT22 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudantes deberán escoller, de forma obrigatoria, nas primeiras duas semanas do cuadrimestre en cuestión, entre dúas opcións: un sistema de avaliación continua (cf. supra a descrición en Avaliación) ou un sistema de avaliación única. Recoméndase optar polo primeiro.

Avaliación continua

Dado que se trata do ensino dunha lingua estranxeira, é moi recomendábel asistir con regularidade ás aulas. Quen non teña posibilidade de asistir a un mínimo de 80% das aulas debe comunicalo ao profesorado. En todo caso, a non realización de probas ou exercicios parciais previstos polo sistema de avaliación continua (cf. supra a descrición en Avaliación) suporá a obtención dunha cualificación de 0 (cero) puntos nesta.

A data do último exame de avaliación continua coincidirá coa data do exame de avaliación única recollida no calendario oficial da FFT.

Avaliación única

A avaliación única consiste dunha proba escrita seguida doutra proba oral que se realizarán no mesmo día en salas de aula contiguas. É preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para superar a materia e, en caso de suspenso, haberá que recuperar ambas as probas na convocatoria de xullo.

A avaliación única valorarase da seguinte forma:

1. Proba escrita teórico-práctica: 75% da nota final.

2. Proba oral: 25% da nota final. Esta proba será gravada en formato audio e a participación nela suporá o consentimento da gravación.

É preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para aprobar a materia.

A non presentación a unha das probas sen xustificante suporá a obtención nela dunha cualificación de 0 (cero) puntos.

A copia ou o plaxio nos respectivos exames das avaliacións continua ou única será penalizado cun suspenso (nota numérica: 0) nestas. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Segunda edición das actas

Os mesmos criterios da avaliación única aplicaranse na segunda edición das actas (xullo).

No caso particular do alumnado de avaliación continua que non superase a materia na primeira convocatoria e tiver que acudir á segunda edición das actas, este terá que examinarse exclusivamente da parte ou partes que teñan suspensas (exame oral e/ou escrito).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Carmo, Leonete, Olá! Como está! Curso intensivo de lingua portuguesa, Lidel, 2011, Lisboa

Coimbra, Isabel e Coimbra, Olga Mata., Gramática Ativa 1,, 3, Lidel, 2011, Lisboa

Coimbra, Isabel e Coimbra, Olga Mata., Gramática Ativa 2, 3.ª, Lidel, 2012, Lisboa

Cristóvão, Fernando (dir. e coord.), Dicionário Temático da Lusofonia, Texto Editores, 2005, Lisboa

Dicionário da Língua Portuguesa 2011., Porto Editora, 2010, Porto

Dicionário Editora de Espanhol-Português, Porto Editora, 2008, Porto

Dicionário Editora de Francês-Português., Porto Editora, 2011, Porto

Dicionário Editora de Inglês-Português., Porto Editora, 2010, Porto

Dicionário Editora de Português-Alemão,, Porto Editora, 2006, Porto

Dicionário Editora de Português-Espanhol,, Porto Editora, 2010, Porto

Dicionário Editora de Português-Francês., Porto Editora, 2009, Porto

Dicionário Editora de Português-Inglês., Porto Editora, 2010, Porto

Dicionário Moderno da Língua Portuguesa., Porto Editora, 2010, Porto

Dicionário Moderno de Sinónimos e Antónimos., Porto Editora, 2012, Porto

Dicionário Moderno de Verbos Portugueses., Porto Editora, 2010, Porto

Duarte, Gonçalo (org.)., Histórias de Bolso, Lidel, 2016, Lisboa

Henriques, Teresa Sousa & Federico de Freitas., Qual é a Dúvida., Lidel, 2011, Lisboa

Machado, José Barbosa,, Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas., Edições Vercial, 2009, Braga

Ruela, Isabel., Vocabulário Temático., Lidel, 2015, Lisboa

www.flip.pt (Ferramentas para a língua portuguesa)),

http://www.portaldalinguaportuguesa.org/,

http://www.ciberduvidas.com/,

Bibliografía Complementaria

Castro, Ivo., Introdução à História do Português, Edições Colibri, 2006, Lisboa

Sobral, José Manuel., Portugal, Portugueses: Uma Identidade Nacional,, Fundação Francisco Manuel dos Santos, 2012, s. l.

Recomendacións

Outros comentarios

-En todo caso, recoméndase a asistencia regular ás aulas e ás titorías e a consulta dos materiais e informacións específicas na plataforma FAITIC, mesmo que non se siga o sistema de avaliación continua.

-Un bo nivel de lingua galega axudará na comprensión e aproveitamento desta materia.

-A lectura e a audición de textos en lingua portuguesa axudarán a aumentar o léxico e a fluidez no uso da lingua.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática				
Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática			
Código	V01G230V01109			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Miquel Verges, Joan			
Profesorado	Miquel Verges, Joan			
Correo-e	jmv@uvigo.es			
Web	http://jmv.webs.uvigo.es			
Descrición xeral	Segundo consta na Memoria oficial do Grao en Tradución e Interpretación [sic]: "Aprendizaxe avanzada do uso das ferramentas informáticas necesarias para a T/I: procesadores de texto, bases de datos, follas de cálculo, programas de TAC, creación de páxinas web, uso de glosarios en liña, etc."			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• Saber estar / ser
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• Saber estar / ser
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• Saber estar / ser
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	• Saber estar / ser
CE14	Dominio de ferramentas informáticas	• saber facer
CE23	Uso de ferramentas de tradución asistida	• saber facer
CE31	Coñecementos de informática profesional e TAC	• saber
CT5	Coñecementos de informática aplicada	• saber
CT12	Traballo en equipo	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Estar en condicións de desenvolver un uso eficiente das ferramentas informáticas máis habituais para a tradución, tanto a nivel autónomo como no traballo en equipo.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE10 CE11 CT12 CT15
Saber escoller e utilizar con destreza as ferramentas informáticas máis axeitadas para cada situación na práctica profesional da tradución.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE14 CE23

Coñecer os fundamentos conceptuais e técnicos das ferramentas necesarias para a práctica profesional da tradución.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE31 CT5

Contidos	
Tema	
1.- Introdución á materia de "Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática".	1.1.- A Guía Docente da materia. 1.2.- As guías dos diferentes temas da materia. 1.3.- Características intrínsecas da materia contextualizadas no curso académico. 1.4.- O proceso profesional da tradución (fases e ferramentas informáticas -hardware e software- asociadas). 1.5.- A xestión de proxectos, ferramentas telemáticas e traballo colaborativo no ámbito da informática aplicada á tradución.
2.- Tradución e tecnoloxías: procesos, ferramentas e técnicas de xestión.	2.1.- A ofimática avanzada aplicada á tradución: i) Funcións avanzadas dos procesadores de texto e das follas de cálculo relacionadas co ámbito profesional da tradución e coa maquetación profesional de documentos (inclúe tarefas de uso das TIC e de traballo en nube); ii) A telemática, e a creación, tradución e hospedaxe de páxinas web (inclúe tarefas de uso das TIC e de traballo en nube); iii) Os programas lexicográficos, as bases de datos e as follas de cálculo relacionados co ámbito profesional da tradución (inclúe tarefas de uso das TIC e de traballo en nube). 2.2.- Introdución á Tradución Asistida por Computador (TAC): definición, características, tipoloxía, principais programas de TAC, etc.
3.- A Tradución Asistida por Computador (TAC).	3.1- A configuración básica do programa de tradución asistida por computador (opcións). 3.2.- A configuración do entorno (escritura automática, autoensamblaxe, autopropagación, autocomprobación, autoenvío á memoria, autobúsqueda, etc.). 3.3.- A interfaz de usuario de traballo. 3.4.- O xestor de proxectos de tradución. 3.5.- O xestor de memorias de tradución. 3.6.- O xestor de terminoloxía. 3.7.- O xestor de proxectos de alineación. 3.8.- Cuestións relacionadas co entorno profesional (formatos, estándares, contaxe de unidades a facturar, orzamentos, facturación, optimización, etc.). 3.9.- Traducir, pretraducir e pseudotraducir. 3.10.- Exportación.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4.58	10.42	15
Prácticas en aulas informáticas	25.42	76.58	102
Seminario	14	0	14
Seminario	2.33	0	2.33
Exame de preguntas obxectivas	1.67	15	16.67

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	- Sesión introdutoria sobre a materia contextualizada no grao de tradución e interpretación, no módulo de ferramentas, no curso académico e no proceso profesional da tradución. - Sesión introdutoria sobre a Tradución Asistida por Computador (TAC).
Prácticas en aulas informáticas	- Práctica sobre a ofimática avanzada aplicada á tradución (consistente na realización de tres encomendas -so unha delas avaliable- relacionadas co ámbito profesional da tradución).
Seminario	- Seminario monográfico práctico sobre a Tradución Asistida por Computador (consistente na realización de tres encomendas -so unha delas avaliable- relacionadas co ámbito profesional da tradución).
Seminario	- Titoría en grupo relacionada coa proba práctica e a proba de tipo test nº 1. - Titoría en grupo relacionada coa proba práctica e a proba de tipo test nº 2.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas en aulas informáticas	Comentario personalizado das diferentes probas realizadas polo alumnado.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Comentario personalizado das diferentes probas realizadas polo alumnado.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Prácticas en aulas informáticas	- Proba práctica, de execución de tarefas reais e/ou simuladas, relacionada coa ofimática avanzada aplicada á tradución (que integra o uso das TIC) constituída por tres encomendas -pero so unha delas avaliable- (45%). - Proba práctica, de execución de tarefas reais e/ou simuladas, relacionada coa Tradución Asistida por Computador (que integra o uso das TIC) constituída por tres encomendas -pero so unha delas avaliable- (25%).	70	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE10 CE11 CE14 CE23 CE31 CT5 CT12 CT15
Exame de preguntas obxectivas	- Exame de preguntas obxectivas para validar os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado na realización da proba práctica sobre ofimática avanzada aplicada á tradución; e tamén para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos de maneira autónoma polo alumnado relacionados cos temas pertinentes (15%). - Exame de preguntas obxectivas para validar os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado na realización da proba práctica sobre a Tradución Asistida por Computador; e tamén para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos de maneira autónoma polo alumnado relacionados cos temas pertinentes (15%).	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE14 CE31 CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. CONSIDERACIÓNS DE TIPO XERAL RELACIONADAS COA AVALIACIÓN DA MATERIA: Fontes en liña para o seguimento das actividades relacionadas, directa ou indirectamente, coa avaliación da materia

Para poder estar informado/a puntual e detalladamente ao respecto de todas as cuestións relacionadas, directa ou indirectamente, coa avaliación da materia, en especial das DATAS DE REALIZACIÓN E/OU ENTREGA DAS DIFERENTES PROBAS TEÓRICAS E/OU ENCOMENDAS PRÁCTICAS; o alumnado ten a obriga de consultar as seguintes fontes en liña de seguimento das actividades da materia; habilitadas para este mester polos/as docentes da materia y que actualízanse cada curso académico:

1. **Horarios e/ou titorías da materia**: Pódense consultar os horarios e/ou as titorías da materia na páxina web http://jmv.webs.uvigo.es/horario.htm . Os posíbeis cambios puntuais que se poidan realizar por causas varias vanse anunciar na páxina web de "anuncios" en http://jmv.webs.uvigo.es/anuncios.htm . Por illo, é conveniente que o alumnado consulte sempre a devandita páxina web de anuncios antes de acudir ás titorías.
2. **Cualificacións da materia**. Todas as cualificacións da materia vanse publicar, exclusivamente, na páxina web http://jmv.webs.uvigo.es/evaluacion.htm . Non se van publicar cualificacións nin no FaiTIC nin na porta do despacho do profesorado da materia.
3. **Planificación "idea e real" das actividades da materia**. A programación "ideal" das actividades da materia considérase como a programación "a priori" das actividades da materia, antes de empezar a súa docencia. Pódese, de maneira xeral, consultar na Guía Docente (fonte oficial, sen datas específicas); e, de maneira resumida e cas datas explícitas, na páxina web http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm ou no calendario, por días, dispoñible na páxina web http://jmv.webs.uvigo.es/horario.htm#planificacion-ideal-calendario . Esta información actualízase diariamente á "realidade" do momento na páxina web http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm

2. - PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS DA MATERIA

Na primeira edición de actas da materia o alumnado vai ter ao seu dispor dúas modalidades de avaliación diferentes (excepcionalmente non excluíntes en esta materia): a modalidade de "avaliación continua" e a modalidade de "avaliación única".

2.1. - Primeira edición de actas da materia: modalidade de "avaliación continua"

A modalidade de "avaliación continua", como o seu nome indica, está pensada para o alumnado que teña previsto asistir ás sesións presenciais da materia (54 horas, a priori, en total).

Si ben a asistencia do alumnado ás clases é un dereito, pero non un deber; é o profesorado quen debe habilitar os medios necesarios para facilitar a avaliación continúa ao alumnado que non asista ás clases. Por todo illo:

- Aínda que non é obrigatoria a asistencia as devanditas sesións-horas presenciais para poder acollerse a esta modalidade de avaliación, desaconséllase a mesma a aquel alumnado que non poida asistir a un mínimo do 80% das sesións presenciais (44 horas).
- En calquera caso, o alumnado que decida acollerse a esta modalidade sen asistir as sesións presenciais vai ter exactamente os mesmos dereitos e as mesmas obrigas que os/as que si asistan as sesións presenciais.
- O alumnado que decida acollerse a esta modalidade sen asistir ás sesións presenciais non van ter tampouco ningún tipo de trato preferente e/ou de axuda adicional polo devandito feito. Por exemplo, é responsabilidade súa estar informados/as sobre as datas de entrega das diferentes probas e/ou das datas de realización das probas presenciais se as houbera; tamén é responsabilidade súa conseguir o material que os/as docentes da materia poidan distribuír nas clases presenciais, e/ou deixar na web, na plataforma de teledocencia ou no servizo de reprografía. Tampouco poden esixir "clases particulares"; aínda que, obviamente, poden consultar as súas dúbidas nas horas de titoría, como os/as demais alumnos/as da materia.
- Por último, para evitar "suplantacións de identidade", o alumnado que decida acollerse á modalidade de avaliación continua, obrigatoriamente, vai ter que entregar aos/ás docentes da materia unha FICHA DE ALUMNO/A onde conste, entre outros aspectos: o seu nome e apelidos, o seu correo-e (por favor, evitade correos de Hotmail e Outlook), o seu teléfono de contacto e a súa fotografía (¡imprescindible!). Se non entrega a devandita ficha antes da primeira proba/encomenda a entregar, non se lle va a corrixir a devandita proba/encomenda nin tampouco as seguintes. O alumnado fica avisado desta especial circunstancia intrínseca desta modalidade de avaliación.

Na procura da equidade de todo o alumnado da materia, independentemente da asistencia ou non ás sesións presenciais, polo feito de non ser imputable ao alumnado, vanse ter en conta as especiais circunstancias de: 1) O alumnado de selectividade da convocatoria de setembro e o alumnado de intercambio (Erasmus, Sócrates, etc.) que normalmente incorpórase máis tarde á docencia do curso; 2) O alumnado con algún tipo de disminución física e/ou psíquica que requira dunha especial adecuación do sistema de avaliación, sempre e cando a súa disminución veña avalada por algún dos estamentos competentes da Universidade de Vigo: Gabinete Psicopedagóxico, titor/a PAT (Plan de Acción Titorial), etc.; 3) Calquera outro caso que, segundo os/as docentes da materia, requira dun tratamento da avaliación diferenciado.

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación continua poderá (e deberá) ir acumulando nota ao longo do curso até un máximo de 10,0 puntos posíbeis (o 100% da nota final da materia).

Para aprobar a materia na avaliación continua desta primeira oportunidade oficial de avaliación o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos sumando a cualificación obtida nas probas prácticas e a cualificación obtida nas probas de tipo test obtidas na avaliación continua da materia. Unha vez obtida esta cualificación, se quere, non fai falta que entregue ningunha práctica/proba máis.

A cualificación final obtida vai ser inamovíbel, salvo error manifesto de cómputo nas cualificacións, alegacións tidas en conta dentro do período contemplado para illo e/ou circunstancias moi excepcionais que serán estudadas polos/as docentes da materia. De existir algunha variación nas cualificacións, estas van ser sempre publicadas na web da materia e poderán ser consultadas por todo o alumnado.

O alumnado que non supere a avaliación continua desta primeira oportunidade de avaliación oficial ou queira mellorar a nota obtida na mesma pode tamén presentarse á avaliación final da primeira oportunidade de avaliación oficial (esta é unha excepcionalidade desta materia). Neste caso, a cualificación que vai constar na súa primeira oportunidade de avaliación oficial vai ser sempre a obtida no exame único da avaliación final (aínda que sexa menor que a obtida na avaliación continua ou sexa de suspenso/a tendo previamente a avaliación continua aprobada). Para o alumnado que non supere (non se presente ou non aprobe) a avaliación continua desta primeira oportunidade, e non se presente á avaliación final única; a cualificación final que vai constar na acta oficial da materia vai ser a de NON PRESENTADO/A (N.P).

2.1.1. - Cronograma de traballo na avaliación continua da primeira oportunidade da materia

Semana nº 1 (4h00' "a priori"; 3h30' horas efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-1: Actividade introductoria (3h00' "a priori"; 2h50' efectivas, equivalentes a 2,33h).
- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-1 (1h00' "a priori"; 0h55' efectivas, equivalentes a 0,92h).

Semana nº 2 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-1 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50 h).

Semana nº 3 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-1 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h).

Semana nº 4 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-2 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h).

Semana nº 5 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-2 (2h00' "a priori"; 1h45' efectivas, equivalentes a 1,75h).
- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-3 (2h00' "a priori"; 1h45' efectivas, equivalentes a 1,75h).

Semana nº 6 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-3 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h).

Semana nº 7 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Sorteo para decidir a encomenda a entregar da PRÁCTICA-1 (ENCOMENDA-1, ENCOMENDA-2 ou ENCOMENDA-3).
- TEMA-2, MÓDULO-1: Periodo de finalización da PRÁCTICA-1 a entregar (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h).

Semana nº 8 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Periodo de finalización da PRÁCTICA-1 a entregar (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h).
- TEMA-2, MÓDULO-1: Entrega da PRÁCTICA-1 a avaliar; máximo de 4,50 puntos.

Semana nº 9 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-1 E TEMA-2, MÓDULO-1: Proba de tipo test TEST-1; máximo de 1,50 puntos (1h00' "a priori"; 0h50' efectivas, equivalentes a 0,83h).
- TEMA-1 E TEMA-2, MÓDULO-1: Titoría en grupo. Comentario da PRÁCTICA-1 e do TEST-1 realizados (01h00' "a priori"; 0h55' efectivas, equivalente a 0,92h).
- TEMA-2, MÓDULO-2: Actividade introductoria (2h00' "a priori"; 1h45' efectivas, equivalentes a 1,75h).

Semana nº 10 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-3: Seminario. PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-1 (2h00' "a priori"; 1h45' efectivas, equivalentes a 1,75h).
- TEMA-3: Seminario. PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-2 (2h00' "a priori"; 1h45' efectivas, equivalentes a 1,75h).

Semana nº 11 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-3: Seminario. PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-2 (3h00' "a priori"; 2h50' efectivas, equivalentes a 2,83h).
- TEMA-3: Seminario. PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-3 (1h00' "a priori"; 0h55' efectivas, equivalentes a 0,92h).

Semana nº 12 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-3: Seminario. PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-3 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h).

Semana nº 13 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h):

- TEMA-3: Seminario. PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-3 (4h00' "a priori"; 3h30' efectivas, equivalentes a 3,50h).
- TEMA-3: Entrega da PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-3 a avaliar; máximo de 2,50 puntos.

Semana nº 14 (entre 2h00' e 4h00' "a priori"; aprox. 3h25' efectivas, equivalentes a aprox. 2,24h):

- TEMA-2, MÓDULO-2 E TEMA-3: Proba de tipo test TEST-2; máximo 1,50 puntos (1h00' "a priori"; 0h50' efectivas, equivalentes a 0,83h).
- Realización das Enquisas de Avaliación Docente (EAD) da materia.
- TEMA-2, MÓDULO-2 E TEMA-3: Titoría en grupo. Comentario da PRÁCTICA-2 e do TEST-2 realizados (entre 1h00' e 3h00'; aprox. 2h25' efectivas, equivalentes a aprox. 1,41h).

OBSERVACIÓN: Por acordo da Xunta de Facultade da FFT, todos os graos da FFT teñen o mesmo calendario académico, ocos nos horarios de 120 minutos e un mesmo calendario de 13,5 semanas para as materias de primeiro cuadrimestre. A duración das clases é variable, estando comprendida esta entre os 105 minutos (para as materias de 48 horas) e os 120 minutos (para as materias de 54 horas). Sendo esta unha materia de 48 horas de primeiro cuadrimestre, illo significa, "a priori", 27 clases. Sen embargo, o calendario docente ten en conta que se "perden" 15 minutos por clase polos cambios de aulas do estudantado e profesorado; illo indícanos que, en total, pérdense 405 minutos (ou, o que é o mesmo, aproximadamente 6 horas). Haberá que restar, pois, estas 6 horas empregadas en "cambios de aula" ó total de horas presenciais especificadas a priori, que é de 54 horas; o cal danos un total real de horas presenciais de 48 horas (que concorda có aprobado no POD do curso en cuestión, en relación con esta materia en particular).

2.1.2. - Probas prácticas da materia

Constitúe o 70% da cualificación final total da materia (isto é, 7,0 puntos sobre os 10,0 posíbeis). Consistirá na realización dun conxunto de probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas relacionadas coa ofimática avanzada aplicada á tradución (45% da cualificación final total) e coa Tradución Asistida por Computador/Ordenador (25% da cualificación final total).

Cada unha das probas terá unhas pautas concretas de obrigado cumprimento como son un tempo limitado de execución, unha data máxima de entrega e uns parámetros específicos de realización (programas e/ou versións concretos a empregar, formatos específicos de traballo, métodos concretos de entrega, etc.). Calquera proba entregada que non cumpra cos requisitos esixidos será penalizada segundo os parámetros de avaliación establecidos de antemán.

Aínda que a planificación e a estrutura xeral das probas poida ser semellante en cada curso académico as probas son diferentes en cada curso académico; ademais, para evitar a copia das mesmas entre o alumnado da materia existe un conxunto de mecanismos habilitados para detectar posibles copias e/ou plaxios. No caso de detectar algunha copia e/ou plaxio entre o alumnado e/ou algún intento de entregar unha práctica de cursos pasados, as persoas involucradas na copia e/ou plaxio serán automaticamente expulsadas da avaliación continua e a cualificación que constará na mesma será a de NON PRESENTADO/A (N.P.); aínda que, se queren, poderán presentarse á avaliación final única.

Cada proba poderá entregarse unha soa vez. No caso de entregar mais dunha vez unha proba dentro do prazo establecido, vai considerarse como válida á última das versións entregadas (pero, de entregarse novamente, hai que volvela a entregar toda). Unha vez expirado o prazo máximo de entrega non se aceptará proba algunha (agás circunstancias especiais que valoraran os/as docentes da materia); e as probas non entregadas cualificaranse con 0,0 puntos.

Vanse establecer diferentes quendas de entrega das probas prácticas de maneira que, unha vez rematadas as sesións presenciais de cada encomenda ou suposto, o alumnado dispuña aínda, como mínimo, dunha ou dúas semanas complementarias para poder acabalas de maneira autónoma (por si fose o caso de ter que dispor de mais tempo para illo).

P1 - PROBA PRÁCTICA Nº 1. Na páxina web http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm pódense consultar todos os pormenores actualizados desta proba. Está relacionada co Módulo-1 do Tema-2 ("A ofimática avanzada aplicada á tradución"); e o obxectivo desta práctica é aplicar os coñecementos e destrezas adquiridos neste módulo ao ámbito específico da tradución profesional. A práctica constitúe un máximo de 4,5 puntos da avaliación continua da materia. Consiste na realización e posterior entrega de 1 das 3 encomendas ou supostos de tradución relacionados con este ámbito. A entrega desta primeira práctica vai ser na 8ª semana do curso.

Se o alumnado asiste regularmente ás clases presenciais terá realizado xa, aproximadamente, o 80% da práctica (en calquera das 3 encomendas ou supostos); o 20% restante forma parte do traballo a realizar de maneira autónoma por parte do alumnado segundo explícita as directrices de Bolonia. As tres encomendas conteñen tamén aspectos relacionados coas novas tecnoloxías da tradución e a comunicación (TIC) e a xestión de proxectos, as ferramentas telemáticas e o traballo colaborativo no ámbito da tradución profesional. Unha vez finalizadas as horas de clase asociadas a esta proba vaise facer un sorteo público para decidir cal das 3 encomendas vaise ter que entregar para ser avaliada. A partir dese momento, o alumnado vai dispor dun período de tempo adicional para poder acabar na aula informática a encomenda escollida para a súa entrega.

- **P1-E1 - PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-1**: centrada nas funcións avanzadas dos procesadores de texto e das follas de cálculo relacionadas co ámbito profesional da tradución e coa maquetación profesional de documentos (Módulo-1 do Tema-2).
- **P1-E2 - PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-2**: centrada na telemática, e a creación, tradución e hospedaxe de páxinas web (Módulo-1 do Tema-2).
- **P1-E3 - PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-3**: centrada nos programas lexicográficos, nas bases de datos de todo tipo e nas follas de cálculo relacionados co ámbito profesional da tradución (Módulo-1 do Tema-2).

P2 - PROBA PRÁCTICA Nº 2. Na páxina web http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm pódense consultar todos os pormenores actualizados desta proba. Está relacionada co Tema-3 ("A tradución asistida por computador/ordenador"); e o obxectivo desta práctica é aplicar os coñecementos e destrezas adquiridos neste módulo no ámbito profesional da tradución. A práctica constitúe un máximo de 2,5 puntos da avaliación continua da materia. Consta de tres encomendas, das que a "ENCOMENDA Nº 1" e a "ENCOMENDA Nº 2" son non avaliables e soamente van servir para adquirir experiencia cara á "ENCOMENDA Nº 3", que si vai ser avaliable. A entrega desta segunda práctica vai ser na 13ª semana do curso.

- **P2-E1 - PRÁCTICA-2, ENCOMENDA Nº 1**: é non avaliable e soamente vai servir para adquirir experiencia cara á "ENCOMENDA Nº 3", que si é avaliable.
- **P2-E2 - PRÁCTICA-2, ENCOMENDA Nº 2**: é non avaliable e soamente vai servir para adquirir experiencia cara á "ENCOMENDA Nº 3", que si é avaliable.
- **P2-E3 - PRÁCTICA-2, ENCOMENDA Nº 3**: O valor total desta encomenda é de 2,5 puntos.

2.1.3. - Exames tipo test (de preguntas obxectivas) da materia

Na páxina web http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm pódense consultar todos os pormenores actualizados destes exames tipo test (de preguntas obxectivas) da materia. Constitúen o 30% da cualificación final total da materia (isto é, 3,0 puntos sobre os 10,0 posíbeis). Consistirá na realización de dos exames tipo test (de preguntas obxectivas) para avaliar os coñecementos relacionados coas competencias da materia.

As preguntas van dirixidas, de maneira particular, a validar os coñecementos e destrezas adquiridos na realización das diferentes probas práctica relacionados coas competencias da materia; e, de maneira xeral, para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos nos diferentes temas 1, 2 e 3 relacionados coas competencias da materia.

No caso de detectar algunha copia entre o alumnado, as persoas involucradas na copia serán automaticamente expulsadas da avaliación continua e cualificadas con NON PRESENTADO/A (N.P.); aínda que poderán presentarse á avaliación final.

Como xa se comentou anteriormente, é requisito indispensable para poder presentarse ós exames de preguntas obxectivas da materia ter entregado a FICHA DE ALUMNO/A convenientemente cumprimentada. De non ser o caso, excepcionalmente, o/a alumno/a vaise poder presentar ós exames de preguntas obxectivas da materia se pode identificarse nese preciso momento con algún documento oficial onde conste o seu nome e apelidos e a súa fotografía; e si entrega con posterioridade a devandita FICHA DE ALUMNO/A.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas e ao principio de cada exame vaise establecer (de maneira moi clara e por escrito) as posíbeis penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco. Estes parámetros poden variar dun exame a outro desta avaliación continua ou da avaliación final.

- **T1 - EXAME DE PREGUNTAS OBXECTIVAS Nº 1**: Está relacionado co Tema nº 1 ("Introdución á materia de 'Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática'"), o subtema do Tema nº 2 ("A ofimática aplicada á tradución"), e a proba Práctica nº 1 da materia. A realización deste primeiro exame de preguntas obxectivas vai ser na 9ª semana do curso.
- **T2 - EXAME DE PREGUNTAS OBXECTIVAS Nº 2**: Está relacionado co subtema do Tema nº 2 ("Introdución á Tradución Asistida por Computador/Ordenador"), o Tema nº 3 ("A Tradución Asistida por Computador/Ordenador"), e a proba Práctica nº 2 da materia. A realización deste segundo exame de preguntas obxectivas vai ser na 14ª semana

do curso.

Na medida do posíbel vaise tentar respectar a programación establecida "a priori"; pero, obviamente, a mesma fica suxeita a posíbeis cambios de última hora debidos a imprevistos de tipo persoal, académico e/ou técnico (que serían oportunamente informados a todo o alumnado da materia a través de todos os medios dispoñíbeis para illo).

2.2. - Primeira edición de actas da materia: modalidade de "avaliación única"

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación única na primeira edición de actas da materia vai ter que realizar un único exame de preguntas obxectivas cun valor máximo de 10,0 puntos en total (o 100% da nota final).

Nesta modalidade de avaliación única non é requisito que o alumnado entregue FICHA DE ALUMNO/A algunha; pero, obviamente, vai ter que identificarse o día do exame con algún documento oficial onde conste o seu nome e apelidos e a súa fotografía.

Nesta modalidade de avaliación única da primeira edición de actas da materia, dada a especial idiosincrasia desta materia e dos especiais requisitos de hardware e software que precisa "a priori"; por razóns de tempo, infraestrutura e de procedemento, basicamente, non se vai esixir ao alumnado (a diferenza da avaliación continua) que faga ningunha proba/encomenda práctica. Sen embargo, neste exame de preguntas obxectivas, váiselle esixir (entre outras cuestións) que probe que sabería facelas se fose necesario (que sabería utilizar os programas, formatos, procedementos, metodoloxías, etc. esixíbeis para a súa realización).

Así, pois, as preguntas deste exame de preguntas obxectivas estarán relacionadas, de maneira xeral, con aspectos teóricos e prácticos da materia; pero, de maneira particular, tamén coas probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas realizadas na modalidade de avaliación continua da primeira oportunidade de avaliación oficial.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas e ao principio de cada exame vaise establecer (de maneira moi clara e por escrito) as posíbeis penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco. Estes parámetros poden variar ao respecto dos diferentes exames de preguntas obxectivas da modalidade de avaliación continua realizados.

De detectarse algún intento de copia no exame de preguntas obxectivas, o alumnado involucrado será de inmediato cominado a abandonar a aula e o seu exame será cualificado con SUSPENSO/A (0,0 puntos).

Para aprobar a materia nesta avaliación única da primeira edición de actas da materia o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos no exame de preguntas obxectivas (sen excepción algunha).

Por acordo da Xunta de Facultade do 03/06/16, "O exame / A proba/ A entrega de traballos para o alumnado de avaliación única será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT".

3. - SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS DA MATERIA

A segunda edición de actas da materia rexerase polos mesmos parámetros que a primeira edición de actas da materia na súa modalidade de avaliación única. Con todo, os parámetros relacionados coas posibles penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco no exame de preguntas obxectivas poden variar ao respecto desta.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Díaz Fouces O.; García González, M. (eds.), Traducir (con) software libre, Comares, 2008, Granada
Oliver, A., Herramientas tecnológicas para traductores, UOC, 2016, Barcelona
Oliver, J.A.; Moré, J.; Climent, S. (coords.), Traducción y tecnologías, UOC, 2008, Barcelona
Bibliografía Complementaria
Bowker, L., Computer-Aided Translation technology: A practical introduction, University of Ottawa Press, 2002, Ottawa (Canadá)
Corpas, G.; Varela, M. J., Entornos informáticos de la traducción profesional: las memorias de traducción, Atrio, 2003, Granada
Morley, D.; Parker, Ch. S., Understanding Computers: Today and Tomorrow, 14th Edition Comprehensive, Course Technology, Cengage Learning, 2013, Australia [etc.]
Moro, M., Tratamiento informático de la información (incluye CD), Paraninfo, 2010, Madrid
Ramos Martín, A.; Ramos Martín, M. J., Aplicaciones web (incluye CD), Paraninfo, 2011, Madrid
Reineke, D. (coord.), Traducción y localización: mercado, gestión y tecnologías, Anroart Ediciones, 2005, Las Palmas de Gran Canaria

Recomendacións
Materias que continúan o temario

Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01924
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01923
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01922

Outros comentarios

1) A diferenza da maioría das materias do grao, nesta materia NON se utilizará a plataforma de teledocencia Tema de Faitic (http://faitic.uvigo.es) como contorna de comunicación virtual e colectiva preferente da materia. Esta "ferramenta" será tratada na materia como unha ferramenta informática (software) máis que o alumnado de tradución e interpretación debe coñecer; e, por iso, asignaráselle un tempo determinado dentro do contido da materia para o seu coñecemento e aprendizaxe.

Pola contra, como contorna de comunicación virtual e colectiva preferente, usarase o SITIO WEB http://jmv.webs.uvigo.es Á propósito do mesmo, será responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da devandita plataforma e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar e/ou teñen que entregarse.

2) Esta materia proporciona a adquisición de coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas básicas (hardware e software) de tipo xeral relacionadas coa tradución.

Para adquirir coñecementos e destrezas no manexo de ferramentas informáticas especializadas relacionadas coa tradución, e sobre todo relacionadas co ámbito da tradución multimedia (localización e tradución audiovisual), considérase imprescindíble cursar as materias de 4º curso do Grao: i) "Ferramentas para a Tradución e Interpretación V: Informática avanzada" [que consolida e amplía os coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas de tradución asistida adquiridos na materia de 1º curso do grao; e, ademais, proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da localización: de páxinas web, software e videoxogos)], e; ii) Algunha das combinacións de "Tradución medios audiovisuais" [que proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da tradución audiovisual: subtitulado, dobraxe, voice-over)].

Dese xeito pódese atinxir un dominio satisfactorio dos coñecementos e das destrezas das principais ferramentas informáticas (hardware e software) relacionadas coa práctica profesional da tradución e a interpretación glosados na listaxe de competencias do Grao (xenéricas e especializadas).

3) Dado que para o desenvolvemento e a avaliación da materia atinxen tanto as horas de traballo presenciais na aula informática como as horas de traballo persoal autónomo do alumnado, considérase imprescindíbel a asistencia do alumnado ás primeiras sesións (3 horas) introdutorias da materia (en no grupo que teña asignado/a) coa finalidade de estar informado/a do funcionamento da materia, dos contidos, da planificación e metodoloxías docentes que vanse empregar, dos mecanismos de seguimento da docencia, etc. Desta manera vai poder contar coa suficiente información para poder decidir a modalidade de avaliación que quere seguir.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego				
Materia	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego			
Código	V01G230V01201			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Solla González, Amparo			
Profesorado	Castelo Veiga, Andrea Solla González, Amparo			
Correo-e	asolla@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O alumnado cursa esta materia en dous grupos diferentes. Nun deles, chamado grupo común, abórdase o estudo das prácticas de tradución e interpretación de maneira transversal, dende supostos antropolóxicos e mediante a observación e reprodución de fenómenos reais. Esta parte introduce a unha antropoloxía da persoa mediadora, tradutora e intérprete, e tamén aos modos de construción das relacións entre grupos humanos mediante procesos de transferencia e tradución. No outro, chamado combinado, cada estudante estará nun grupo que corresponda co seu idioma I, para o cal se recomenda ter unha competencia de nivel B2 do MCER. Proporanse nel sesións participativas nas que se responderá a encargas de tradución para experimentar estratexias, reflexionarase sobre as normas actuais da profesión e aplicaranse nocións teóricas de TI a contextos reais. O alumnado afianzará o seu manexo das ferramentas informáticas para abordar os aspectos esenciais dos procesos de tradución e da xestión de proxectos, como son a análise textual, as correspondencias entre idioma I e lingua A, a ortotipografía, o emprego de dicionarios e fontes documentais, etc. Non é preciso que as traducións realizadas polo alumnado acaden a calidade final esixida nos niveis superiores do grao de tradución e interpretación. No seu conxunto, a materia trata de ofrecer un panorama da profesión e do rol dos seus protagonistas, situando o ser humano no centro da actividade e do estudo da disciplina. Considérase ademais que o tema de estudo non só é o texto traducido, escrito ou oral, senón calquera outro obxecto cuxa función dependa dun suposto de transferencia. Téntase familiarizar o alumnado co ámbito profesional, orientando circunstancias da súa vida persoal cara a aprendizaxe dese universo, dando a coñecer o valor do tempo de traballo, comprendendo a necesaria relación entre profesional e erro, evitando os principais erros metodolóxicos nos procesos de tradución, predispoñendo a recoñecer mercados e oportunidades de traballo e comprendendo o funcionamento das cadeas de actores mediadores nesas actividades.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber • saber facer
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• Saber estar / ser
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer

CE10	Capacidade de traballo en equipo	• saber facer • Saber estar / ser
CE12	Posuír unha ampla cultura	• saber
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer • Saber estar / ser
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• saber facer
CE22	Destrezas de tradución	• saber • saber facer
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• saber • saber facer
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• saber • saber facer
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber • saber facer
CT4	Resolución de problemas	• saber • saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber • saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber • saber facer
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	• saber • saber facer
CT9	Razoamento crítico	• saber • saber facer
CT14	Motivación pola calidade	• saber • saber facer
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor	• saber • saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Crear un espírito crítico e autocrítico. Mediante unha formación dirixida, e mediante a súa propia función como observador participante, o alumnado aprenderá a recoñecer a diversidade das modalidades, a identificar prácticas cotiás de TI, coñecer prácticas diferentes das convencionais e comprender o funcionamento das cadeas de actores mediadores nas prácticas de TI.	CB1 CB2 CB3 CB4 CE10 CE17 CE24 CT9 CT14
Saber cales son os criterios que definen unha actuación pertinente, relevante e oportuna dentro da situación profesional, como afastarse deles e que consecuencias terá esa decisión. Nesta materia, o alumnado iníciase por primeira vez aos aspectos xerais da tradución. Entre as subcompetencias derivadas desta, figuran as que lle permiten iniciarse á análise e ao estudo dos textos para a súa tradución, como son comezar a aplicar nocións teóricas á práctica da TI, adquirir ferramentas de análise textual crítica, aprender a evitar os principais erros ou iniciarse ao emprego de fontes documentais.	CB1 CB2 CB3 CB4 CE1 CE2 CE3 CE4 CE12 CE21 CE22 CE27 CT1 CT7 CT8 CT9

Dominar os mundos textuais e non-textuais das culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais e, sobre todo, o rol do tradutor entre elas. Para acadar esta competencia nas clases da materia, cómprelle ao alumnado: -Recoñecer o ser humano como principal axente e obxecto do estudo da TI. -Concibir tanto a tradución como a interpretación como dinámicas propias do intercambio simbólico e económico entre calquera sistema, ao tempo que adquire nocións históricas e sociais do oficio da TI.	CB1 CB2 CB3 CB4 CE1 CE2 CE3 CE4 CE12 CE17 CE24 CT4 CT9
Aprender a traballar en equipos de carácter transdisciplinar. A persoa profesional da tradución e da interpretación é un ser social cuxo oficio consiste precisamente en garantir que un ben (xeralmente un texto) circule eficazmente entre sistemas diferentes ou entre equipos diferentes con demandas específicas. Para isto é preciso desenvolver a capacidade de traballar en equipo, tanto entre tradutores e intérpretes como entre profesionais e axentes con funcións diferentes dentro dun proceso de produción ou de mediación.	CB2 CB3 CB4 CB5 CE10 CE12 CE17 CE21 CE24 CE27 CT6 CT7 CT8 CT9 CT14 CT19
Aumentar o grao de confianza do alumnado nas súas propias capacidades: autoconcepto da persoa tradutora profesional. Esta competencia permitiralle ao alumnado: - Adquirir conciencia como axente da TI. - Predispoñelo a identificar mercados e oportunidades para a actividade profesional. - Comprender o funcionamento e o valor de todo tipo de normas.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE24

Contidos	
Tema	
O profesor Anxo Fernández Ocampo encargarase do grupo común.	O profesor Alberto Álvarez Lugrís encargarase dos grupos combinados de inglés. O profesor Anxo Fernández Ocampo encargarase do grupo combinado de francés.
Grupo común: 0. Presentación. Grupo combinado: 0. Presentación.	Grupo común: 0. Presentación. Grupo combinado: 0. Presentación.
Grupo común: 1. Teorías antropolóxicas aplicables á tradución e interpretación e fundamentos tradutolóxicos na antropoloxía. Grupo combinado 1. A tradución e a paratradución como obxectos de estudo científico.	Grupo combinado: 1.1. Concepto(s) de tradución.
Grupo común: 2. Axentes e culturas da tradución: unha historia das prácticas profesionais. Grupo combinado: 2. Proceso de tradución e análise textual.	Grupo combinado: 2.1. A tradución no proceso de comunicación. 2.2. Proceso e etapas da tradución e análise do texto orixe.
Grupo común: 3. Distancia e exotismo. Grupo combinado: 3. Correspondencias e discrepancias entre as linguas de traballo.	Grupo combinado: 3.1. Diferenzas na representación lingüística. 3.2. Adecuación e aceptabilidade.
Grupo común: 4. Tradución e interpretación na ficción e como representación social. 4. Ortografía, tipografía e puntuación.	Grupo combinado: 4.1. Particularidades ortotipográficas. Redacción bibliográfica.

Grupo común:
5. Escritura e formas materiais.

Grupo combinado:
5.1. Prácticas con distintos tipos textuais.

Grupo combinado: 5. Análise e estudo dos textos para a tradución.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Resolución de problemas	20	40	60
Foros de discusión	0	15	15
Debate	5	0	5
Estudo de casos	5	5	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	O docente dunha sesión maxistral non é o único que intervén, pois este formato está aberto ao diálogo e ás preguntas do alumnado. O docente explicará coa maior claridade os conceptos cos que se pretende traballar así como a metodoloxía a seguir. Ofrecerase un coñecemento progresivo dos contidos da materia, amecéndoos con referencia ás sesións anteriores e ás que están por vir. A asistencia ás sesións maxistrais é requisito para a avaliación continua.
Resolución de problemas	A sesión de resolución de exercicios refírese a dúas modalidades: exercicios de tradución, estreitamente coordinados polo profesor, nos que a énfase irá posta nas etapas iniciais do proceso; e exercicios de sensibilización sobre temas diversos da antropoloxía das prácticas, nos que se lle pedirá ao alumnado que aplique o aprendido, nesta e nas demais materias. Os exercicios de tradución ou interpretación reproducirán situacións iniciais dunha encarga no medio profesional. Os exercicios de sensibilización irán vinculados aos aspectos teóricos explicados en sesións maxistrais. Deste xeito, enténdese que as sesións de resolución de exercicios conteñen unha dimensión teórica esencial, que será explicada polo docente aproveitando o contexto de cada exercicio. A asistencia ás sesións de resolución de exercicios é requisito para a avaliación continua.
Foros de discusión	A participación nos foros de discusión ten carácter avaliador. Preténdese que cada estudante reflexione e participe con intervencións escritas sobre cada tema proposto polo docente ou por calquera membro do foro.
Debate	A partir de cada parte temática, e sempre vinculados coas lecturas a disposición en FAITIC, a clase vólvese participativa arredor dun debate, que suscitará a opinión do alumnado. As conclusións do debate, enunciadas ao remate de cada sesión polo profesor, poderán ser empregadas para construír argumentos nos informes dos foros de discusión. A asistencia aos debates é requisito para a avaliación continua.
Estudo de casos	Preséntaselle ó alumnado unha situación real de tradución ante a cal deberá de tomar unha serie de decisións sobre como realizar a encarga e solucionar os problemas que presenta

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Foros de discusión	As sesións maxistrais, os debates, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Lección maxistral	As sesións maxistrais, os debates, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Debate	As sesións maxistrais, os debates, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Resolución de problemas	As sesións maxistrais, os debates, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Estudo de casos	As sesións maxistrais, os debates, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Foros de discusión	A participación nos foros de discusión ten carácter obrigatorio. Preténdese que cada estudante reflexione e participe con intervencións no intercambio de interpretacións sobre o tema de aprendizaxe, e que participe neles dentro dos prazos sinalados.	5	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE12 CE17 CE22 CE24 CT4 CT6 CT7 CT8 CT14 CT19

Lección maxistral	Dado que nas sesións maxistrais se lles ofrecerán ós alumnos e alumnas os conceptos e as ferramentas de traballo básicos, a avaliación destes contidos farase tanto a través dos exames escritos como dos outros tipos de probas contemplados nesta guía como, por exemplo, comentarios de artigos previamente seleccionados. No caso dos comentarios de artigos, estes redactaranse en función de normas que se explicarán en sesión maxistral. A bibliografía obrigatoria estará dispoñible na plataforma de ensino a distancia ó comezo do semestre. A bibliografía poderá estar en varias linguas, aínda que se procurará garantir a igualdade de oportunidades de acceso ós contidos entre idiomas I.	60	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE10 CE12 CE22 CE24 CE27 CT1 CT4 CT6 CT7 CT8 CT14
Resolución de problemas	Presentaránselles ós estudantes diferentes tipos de exercicios que fagan referencia ós contidos desenvolvidos nos temas. Poderán ser exercicios de tradución, pero tamén outros como: emisión de facturas, redacción de encargas, elaboración de informes, análise de traducións e doutros tipos de textos, etc.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE10 CE12 CE17 CE21 CE22 CE24 CE27 CT1 CT4 CT6 CT7 CT8 CT9 CT14 CT19
Estudo de casos	Preséntaselle ó alumnado unha situación real de tradución ante a cal deberá de tomar unha serie de decisións sobre como realizar a encarga e solucionar os problemas que presenta.	5	

Outros comentarios sobre a Avaliación

OUTROS COMENTARIOS SOBRE A AVALIACIÓN

Quen se acolle ó réxime de avaliación continua?

Para beneficiarse do réxime de avaliación continua será preciso ter como mínimo un 80 % de presencialidade, responder activamente ás tarefas individuais e colectivas que suxira o equipo docente ó longo do curso e entregar todos os traballos das probas dentro dos prazos correspondentes. Se por circunstancias xustificadas, por exemplo laborais ou de saúde, non é posible cumprir co requisito da presencialidade, o equipo docente tratará de propoñer estratexias de aprendizaxe alternativas.

En réxime de avaliación continua, convocatoria de xuño de 2020

Na primeira semana de clase o alumnado deberá encher os datos persoais do seu perfil na materia en FAITIC. É imprescindible subir unha foto (primeiro plano, recoñecible) ó perfil; non se avaliará a ninguén que non suba a foto no prazo indicado.

A presencialidade enténdese dentro e fóra das aulas, polo que a avaliación das actividades de carácter non presencial concirne principalmente a participación nos foros de discusión, para os que o alumnado deberá entregar, dentro dos prazos acordados, comentarios sobre os temas dos contidos, así como informes de lectura de documentos previamente propostos. A avaliación destes traballos farase consonte os criterios de corrección e adecuación ós contidos do curso que se empregarán na avaliación das actividades presenciais.

A avaliación continua da parte común (Grupos A) consistirá en tres probas presenciais ou non presenciais con prazo de entrega limitado. O calendario das probas comunicaráselle ó alumnado a comezos de curso. A primeira proba terá que entregarse en marzo, a segunda en abril e a terceira en maio de 2020. Dado que os elementos do programa non se impartirán de forma secuencial senón que se amecerán transversalmente arredor dos eixes temáticos das lecciónsmaxistrais, cada proba poderá referirse a varios dos temas dos contidos. As probas consistirán xeralmente en responder a enunciados sobre unha fonte de estudo previamente subida á plataforma.

A avaliación continua da parte combinada (Grupos C) de inglés incluirá, ademais das actividades de carácter non presencial, un exame que se celebrará o día fixado no calendario oficial de exames da facultade.

A avaliación continua da parte combinada (Grupos C) de francés terá en conta os resultados obtidos a partir de 2 tarefas (ou 3, en función do volume de traballo correspondente) que se prepararán na aula e que se concluirán de maneira non presencial. O calendario das tarefas comunicaráselle ó alumnado a comezos de curso.

En réxime de avaliación continua, segunda convocatoria e seguintes

No que atinxe ás segundas convocatorias e seguintes, o alumnado candidato terá que superar probas para cada unha das partes da materia (a común e a combinada).

O protocolo de proba será o mesmo para os grupos combinados de inglés, polo que as convocatorias se resolverán de idéntica maneira. Para o grupo combinado de francés, a proba consistirá nunha tarefa non presencial, cuxo enunciado será accesible para as persoas que se presenten o día do exame. Os grupos comúns avaliaranse en función dunha única proba non presencial, cuxo enunciado será accesible para as persoas que se presenten o día do exame.

En réxime de avaliación final, convocatoria da primeira edición de actas (xuño de 2020):

O alumnado que non opte pola avaliación continua terá que realizar obrigatoriamente os exames das dúas partes da materia, na data fixada no calendario oficial de exames da facultade, e deberá presentarse obrigatoriamente a estas sesións. No caso da parte común, o exame poderá consistir nunha proba presencial ou nun traballo. En caso de aprobar unha das partes e suspender a outra na convocatoria de xuño de 2020, o alumnado non terá que repetir na convocatoria de xullo a parte aprobada.

En réxime de avaliación final, convocatoria da segunda edición de actas (xullo de 2020), e seguintes:

Na convocatoria de xullo de 2020 o alumnado interesado terá que realizar obrigatoriamente un exame final de toda a materia, composto das dúas partes, ou ben da parte suspensa ou non presentada na convocatoria anterior. O exame celebrarase na data fixada pola facultade e constará dunha parte teórica (50%) e outra práctica (50%). Algunhas das compoñentes dese exame ou algunha das súas partes poderán realizarse de maneira non presencial.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

ÁLVAREZ, Rosario & XOVE, Xosé, Gramática da lingua galega, Vigo: Galaxia., 2002

BAHADIR, Sebnem, Moving In-Between: The Interpreter as Ethnographer and the Interpreting-Researcher as Anthropologist, Meta, 49:4, pp. 805-821., 2004

BUZELIN, Hélène, La traductologie, l'ethnographie et la production des connaissances, Meta, 49:4, pp. 729-746., 2004

DOSIL LÓPEZ, Benxamín & RIVEIRO COSTA, Xesús, Dicionario de ortografía da lingua galega, A Coruña: Galinova., 2004

EVEN-ZOHAR, Itamar, A posición da traducción literaria dentro do polisistema literario, Trad. de Gómez Clemente, Noia Campos e Sola Bravo, Viceversa, 2, pp. 57-65., 1996

EVEN-ZOHAR, I., Polysystem Theory. Teoría del Polisistema. Ricardo Bermudez Otero (Trad.). Polysystem Theory, In Poetics Today. Tel Aviv: The Porter Institute for Poetics and Semiotics 11.1., Poetics Today, (1990)

GÓMEZ GUINOVART, Xavier; ÁLVAREZ LUGRÍS, Alberto & DÍAZ RODRÍGUEZ, Eva, Dicionario moderno inglés-galego, Santiago de Compostela: 2.0Editora, 2012

GOUADEC, Daniel, Faire traduire, París: La Maison du Dictionnaire, 2004

GOVE, Philip Babcock (ed.), Webster s Third New International Dictionary of the English Language Unabridged, Colonia: Könemann, 1993

INGHILLARI, Moira, Mediating Zones of Uncertainty. Interpreter Agency, the Interpreting Habitus and Political Asylum Adjudication, The Translator, 11:1, pp. 69-85., 2005

LAPLANTINE, François, Le social et le sensible. Introduction à une anthropologie modale., París: Téraèdre., 2005

LAPLANTINE, François & NOUSS, Alexis, Métissages : de Archimboldo a zombi, París: Pauvert., 2001

MOSSOP, Brian, Revising and editing for translators, Machester, Northampton: St. Jerome, 2001

NOIA CAMPOS, María Camino, Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea, Viceversa, 1, pp. 13-62., 1995

RAE, Diccionario de la lengua española [Recurso de Internet], 22ª ed.,

RAG-ILGA, Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 18ª ed. revisada. A Coruña: RAG-ILGA., 2003-2005

RUBEL, Paula G. & ROSMAN, Abraham (eds.), Translating Cultures. Perspectives on Translation and Anthropology., Oxford: Berg., 2003

STURGE, Kate, Representing the Others: Translation, Ethnography and the Museum, Manchester: St. Jerome., 2007

VVAA, Gran Diccionario Xerais da Lingua Galega, Vigo: Xerais., 2000

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, I: Francés-Español/V01G230V01312
Tradución idioma 1, I: Inglés-Español/V01G230V01310
Tradución idioma 1, I: Francés-Galego/V01G230V01311
Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309

Outros comentarios

Cada estudante seguirá a docencia desta materia dentro de dous grupos diferentes: un grupo chamado común, composto por persoas matriculadas sen distinción por combinación lingüística, e un grupo chamado combinado, composto por persoas que comparten un mesmo idioma de traballo.

Para comezar a cursar esta materia os alumnos e alumnas deberán posuír certos coñecementos e destrezas previos que se consideran ferramentas básicas de traballo:
- dominio das normas cultas das linguas de traballo e corrección na expresión oral e escrita
- lectura comprensiva de textos (detección de dobres sentidos, intencionalidades ocultas, ironía, manipulación ideolóxica, etc.) escritos nas linguas de traballo
- coñecementos básicos de ofimática, comunicación electrónica e internet: procesador de textos, correo electrónico, navegadores, dicionarios e enciclopedias electrónicos, correctores ortográficos, etc.
- uso eficiente dos fondos das bibliotecas, fontes de documentación e dicionarios

Para conseguir estes prerrequisitos proponse o seguinte plano de traballo que o alumno debería desenvolver antes de comeza-lo período de docencia ou durante as 4 primeiras semanas do cuadrimestre:
- estudo das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas de traballo (véxase apartado de bibliografía)
- exercicios de lectura de todo tipo de textos escritos nas linguas de traballo
- traballo práctico co ordenador para familiarizarse co seu manexo, cos distintos programas e cos diferentes formatos textuais
- sesións de traballo práctico na rede: busca e consulta de fontes de documentación (dicionarios, enciclopedias), xestión de contas de correo electrónico, envío de arquivos etc.
- asistencia ós cursos de formación ofrecidos pola Bibiblioteca xeral e pola biblioteca da facultade

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Introdución á teoría da tradución e a interpretación				
Materia	Introdución á teoría da tradución e a interpretación			
Código	V01G230V01210			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, José Henrique			
Profesorado	Pérez Rodríguez, José Henrique			
Correo-e	jhpr@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/jhpr			
Descrición xeral	Aprendizaxe dos contidos de tipo teórico necesarios para formarse como tradutor / intérprete e desenvolvemento das capacidades necesarias para aplicar eses contidos a supostos prácticos. O curso está estruturado en cinco grandes bloques. O primeiro deles aborda a realidade da tradución desde un punto de vista epistemolóxico, tentando delimitala e definila á vez que se analizan as súas relacións con outras realidades afíns. No segundo bloque proporciónanse algúns coñecementos xerais (externos) sobre as linguas e a tradución, abordando o tema da posibilidade da tradución. No terceiro bloque, que constitúe o núcleo do programa, móstrase a evolución recente da tradutoloxía mediante a referencia a certos autores e escolas seleccionados, á vez que se procederá a abordar, nese marco, aspectos centrais da análise. No cuarto bloque engádense certos estudos recentes realizados a partir de disciplinas como a psicolingüística, a sociolingüística, etc. Finalmente, o quinto e último bloque estará centrado na realización de comentarios tradutolóxicos e en aspectos relativos á profesión de tradutor.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber • Saber estar / ser
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• Saber estar / ser
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• Saber estar / ser
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber
CE12	Posuír unha ampla cultura	• Saber estar / ser
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión	• saber facer
CE14	Dominio de ferramentas informáticas	• saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• Saber estar / ser
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• Saber estar / ser
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• saber • Saber estar / ser
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• saber facer
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade	• Saber estar / ser
CT5	Coñecementos de informática aplicada	
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	• Saber estar / ser
CT9	Razoamento crítico	• saber facer
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer

CT23 Capacidade de traballo individual	• saber facer • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Saber enmarcar epistemoloxicamente a *traductología e valorar a súa relación con outras disciplinas afíns.	CB1 CE9 CE12 CE21 CT6
Coñecer os límites e as posibilidades da tradución	CB1 CE9 CE18 CE25 CE27 CE32 CT6
Adquirir coñecementos de tipo xeral acerca de aspectos de tipo histórico, *tipológico e *sociolingüístico no que respecta ás linguas e culturas de traballo na titulación	CB1 CB3 CE8 CE12 CE13 CE25 CE32 CT6 CT23
Adquirir a destreza básica necesaria para realizar traducións en contornas dixitais	CE8 CE13 CE14 CT5 CT6 CT22 CT23
Mostrar un *conocimento teórico e un uso correcto e coherente da lingua propia.	CE3
Ser capaz de realizar unha aplicación práctica satisfactoria dos *conocimentos de tipo teórico adquiridos na materia	CB2 CB4 CE17 CE18 CT22
Adquirir un coñecemento *panorámico acerca da evolución dos estudos de tradución ata os nosos días	CB1 CB3 CE8 CE12 CE25 CE27 CT6 CT9 CT23
Asimilar os aspectos e polos centrais da análise *traductológico	CB3 CB4 CB5 CE8 CE12 CE13 CE21 CE24 CT6 CT9 CT23
Recoñecer as diferentes perspectivas teóricas que abordan actualmente o fenómeno da tradución/interpretación	CB3 CE12 CE13 CE21 CE27 CT6 CT9

Ser capaz de realizar un comentario *traductológico	CB2 CE8 CE13 CE17 CE18 CE27 CT6 CT9 CT22 CT23
Coñecer aspectos básicos relativos á profesión de tradutor/intérprete	CB2 CE9 CE21 CT8

Contidos

Tema	
Definición e delimitación da tradución e da interpretación	1. Tentativas de definición 2. Realidades afíns
As linguas e a tradución	3. Nocións tipolóxicas, históricas e sociolingüísticas 4. A posibilidade da tradución 5. Cooperación, comunicación, linguaxe e tradución. A tradución no cadro dos comportamentos cooperativos de base lingüística
Evolución dos estudos de tradución	6. Etapa preteórica 7. A tradución enfocada desde a estilística comparada e a linguística contrastiva: Vinay e Darbelnet, Catford... 8. Nida: a tradución como fenómeno intercultural. Outros autores de transición 9. O nacemento da tradutoloxía. Organización da disciplina (Holmes) 10. Teoría do Sentido 11. Funcionalismo e Teoría dos Polisistemas
Novas perspectivas	12. Fundamentos biolóxicos da linguaxe e transmisión cultural. 13. Transmisión cultural e tradución.
Aspectos aplicados	14. O comentario tradutolóxico. Procedementos técnicos da tradución 15. Métodos de tradución

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas de forma autónoma	1.5	3	4.5
Lección maxistral	43.5	99	142.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	1.5	0	1.5
Exame de preguntas obxectivas	1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Os alumnos e alumnas deberán realizar actividades de modo autónomo partindo dos coñecementos e situacións proporcionados nas clases
Lección maxistral	Nas sesións maxistrais o docente transmitirá aos alumnos os coñecementos básicos de tipo teórico acerca da Teoría da Tradución. Procurarase a participación do alumnado mediante o fomento de debates de grupo, treboadas de ideas, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O docente estará a disposición do alumnado para resolver as dúbidas que poidan xurdir con relación aos contidos da materia, tanto na clase como no seu horario de atendemento. Os materiais docentes empregados irán estando à disposición dos estudantes na páxina web da materia (http://webs.uvigo.es/jhpr) segundo for avanzando a docencia da mesma.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Lección maxistral	Os coñecementos adquiridos por medio das sesións maxistrais avaliaranse mediante tres probas. Estes exames consistirán en probas de tipo test ou resposta curta e terán lugar ao longo da quinta, décima e décimocuarta semanas de docencia. Cada unha destas probas é de realización obrigatoria para poder pasar a materia. No caso de non ser posíbel a sua realización nessas datas, trasladarase ao primeiro día útil posterior.	65	CB1 CB3 CE8 CE9 CE12 CE17 CE21 CE25 CE27 CE32 CT6 CT8 CT9
Resolución de problemas de forma autónoma	Haberá tamén unha cuarta proba, consistente na exposición e elaboración por escrito de contidos teóricos, que será realizada de modo autónomo polos estudantes e deberá ser entregada na última semana que houber actividade docente. A realización desta proba é obrigatoria para poder pasar a materia.	35	CB2 CB3 CB4 CB5 CE3 CE13 CE14 CE18 CE21 CE24 CE27 CT5 CT6 CT22 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder acollerse ao sistema de avaliación continua é preciso ter realizado a totalidade das probas e encomendas de carácter obrigatorio formuladas durante o curso. Para pasar a materia é preciso obter como mínimo unha nota media de aprobado no conxunto das probas. Nas probas e traballos levarase tamén en conta a corrección lingüística, particularmente no caso de que o estudante decidir empregar unha lingua o variedade lingüística en que lle sexa suposta a formación necesaria para iso.

Os alumnos que optaren pola avaliación única serán examinados exclusivamente mediante unha única proba, correspondente ao conxunto da materia, que terá lugar na data establecida no calendario de exames aprobado en xunta da FFT.

Os alumnos que seguiren o procedimento de avaliación continua e non tiveren superado o conxunto de probas e traballos establecidos, ou tiveren perdido a posibilidade de continuar ese sistema de avaliación (non realización dos traballos ou tests, apreciación de plaxio ou copia en algún dos traballos...), perderán esa convocatoria e deberán dar conta novamente do conxunto da materia. Tamén poderán acudir á convocatoria de xullo ou a convocatorias posteriores.

A convocatoria de xullo tamén consistirá nunha única proba, correspondente ao conxunto da materia, e será de tipo test / resposta curta, quer no caso dos alumnos de avaliación continua, quer nos de avaliación única. Esta proba terá lugar na data e hora marcadas no calendario de exames da FFT.

Os alumnos e alumnas de intercambio poderán optar por examinarse mediante avaliación continua ou avaliación única. Neste último caso poderán optar por unha proba específica consistente no desenvolvemento por escrito dos contidos teóricos da materia e que poderán realizar en galego-portugués, inglés, español ou francés.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Hurtado Albir, Amparo, Traducción y traductología : introducción a la traductología, Cátedra, 2011, Madrid

Nord, Christiane, Text Analysis in Translation, Rodopi, 2005, Amsterdam-Atlanta

Williams, Jenny, Theories of Translation, Palgrave macmillan, 2013,

Bibliografía Complementaria

Barbosa, Heloísa Gonçalves, Procedimentos Técnicos da Tradução, Pontes, 2004, Campinas

Clark, Herbert H., Using language, Cambridge University Press, 1996, Cambridge

Lvóvskaya, Zinaida, Problemas actuales de la traducción, Granada Lingvistica, 1997, Granada

Reiss;, Katharina & Vermeer, Hans J., Towards a General Theory of Translational Action. Skopos Theory Explained, St. Jerome Publishing, 2013,

Viaggio, Sergio, Teoría general de la mediación interlingüe, UAL, 2004, Alicante

Villar, Francisco, Los indoeuropeos y los orígenes de Europa. Lenguaje e Historia, Gredos, 1995,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego				
Materia	Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego			
Código	V01G230V01301			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Gómez Clemente, Xosé María			
Profesorado	Gómez Clemente, Xosé María			
Correo-e	xgomez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Ademais de constituír un reforzo dos aspectos de corrección lingüística, a materia posúe un eminente carácter práctico e busca iniciar o alumnado no coñecemento das linguas de especialidade do galego. Ademais, esta materia achegará ao alumnado a outras disciplinas como a semántica, a lexicografía que serán de moita utilidade no desenvolvemento práctico das habilidades discursivas no ámbito oral e escrito. Finalmente, ao longo do cuadrimestre reforzaranse os coñecementos relativos á tipoloxía textual académica e científica (con especial atención no artigo de investigación). Pártese dun nivel de competencia lingüística C2 do Marco europeo de referencia para a aprendizaxe de linguas.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber • saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada	• saber • saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber • saber facer
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia	• saber • saber facer
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber
CT5	Coñecementos de informática aplicada	• saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber facer • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión oral e escrita.	CB4 CE3 CE4 CE33 CT1 CT6 CT23

Ampliar o repertorio léxico e textual na lingua obxecto de estudo, sobre todo no relativo aos textos de especialidade.	CE3 CE4 CE5 CE18 CE33 CT1 CT5 CT23
Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise, creación e revisión de todo tipo de textos de especialidade.	CE3 CE4 CE18 CE33 CT1 CT6
Capacidade para extraer a información relevante e secundaria dun texto oral e escrito.	CB2 CE3 CE33 CT1 CT6

Contidos	
Tema	
Tema 1. Recursos para o traballo en lexicografía especializada.	1.1. Dicionarios especializados e dicionarios xerais de lingua. 1.2. Corpus monolingües e multilingües.
Tema 2. Introdución ás linguas de especialidade.	2.1. O concepto de especialidade. 2.2. Lingua xeral e lingua de especialidade. 2.3. Niveis de especialización.
Tema 3. Descrición lingüística do léxico de especialidade.	3.1. Aspectos ortotipográficos. 3.2. Aspectos morfolóxicos: procedementos de formación do léxico especializado. 3.2.1. Procedementos internos: derivación e composición. 3.2.2. Outros procedementos de lexicoxénese.
Tema 4. Os textos de especialidade.	4.1. Estrutura e características do texto de especialidade: o ámbito xurídico e administrativo. 4.2. Estrutura e características do texto científico e técnico: o texto divulgativo e o texto de investigación. 4.3 Revisión.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	2	23	25
Resolución de problemas	10	15	25
Prácticas en aulas informáticas	12	0	12
Lección maxistral	24	40	64
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	24	24
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballo tutelado	O alumnado presentará individualmente dous traballos propostos. Avaliaranse os resultados e a calidade lingüística da redacción.
Resolución de problemas	Proporanse exercicios sobre o temario para realizar na aula ou fóra dela.
Prácticas en aulas informáticas	O alumnado, especialmente para o tema 1 e o primeiro traballo, realizará prácticas na aula de informática onde se imparte a materia.
Lección maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos da materia co obxectivo de comunicar coñecementos. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos que aseguren a comprensión dos contidos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Daranse as explicacións pertinentes nas aulas ou nas titorías.

Traballo tutelado	As dúbidas que xurdiren da elaboración dos traballos tutelados serán resoltas nas titorías do profesor.
Resolución de problemas	Explicacións nas aulas e titorías.
Prácticas en aulas informáticas	Daranse as explicacións necesarias na aula ou nas titorías.
Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	As dúbidas que xurdiren para a preparación do exame serán resoltas nas titorías od profesor.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	O alumnado terá que entregar dous traballos: 1. 20% da nota. Elaborarase un traballo sobre neoloxía: resolución de problemas conceptuais e denominativos. 2. 20% da nota. Traballo tutelado sobre un tema de divulgación científica:	40	CB4 CE3 CE18 CT5 CT6 CT23
Resolución de problemas	Proporanse dúas tarefas ó longo do curso relacionadas con contidos da materia.	10	CE3 CE18 CT5 CT23
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistirá nun exame que pode abordar todos os temas estudados durante o curso, con especial atención ós aspectos lingüísticos do temario.	50	CB2 CE3 CE5 CE18 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

1ª edición das actas

O alumnado poderá escoller entre dous sistemas de avaliación. Deberá confirmar explicitamente por cal deles opta nas dúas primeiras semanas de curso.

a) Avaliación continua

Os aspectos avaliados son os que aparecen nesta páxina por un valor do 100% da nota.

O traballo sobre divulgación científica consistirá nun resumo e nun comentario persoal sobre o material proporcionado.

Condicións:

-Entrega dos traballos nos prazos establecidos:

-Primeiro traballo: 26 de outubro

-Segundo traballo: última semana de curso.

- Presentación ó exame.

Importante

Para superar a materia, cómpre obter no exame unha nota mínima de 4.5.

O incumprimento das condicións da avaliación continua implicará o paso automático á avaliación única.

b) Avaliación única: condicións

1. Exame sobre os contidos da materia ó final do cuadrimestre (85%)

2. Traballo sobre neoloxía (15%).

2ª edición das actas (xullo)

A avaliación farase a través dun exame (85%) e un traballo sobre neoloxía (15%).

O alumnado de avaliación continua que non teña aprobada a materia na 1ª ed. das actas manterá, se así o desexa, as cualificacións das probas superadas. Se non o desexa, acollerase ó sistema definido no parágrafo anterior.

Datas dos exames

A data do exame, tanto para a avaliación continua como a única, en todas as oportunidades de avaliación, será a fixada no calendario oficial da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Importante

Cómpre ter un nivel avanzado das normas ortográficas e da gramática da lingua. Esíxese un nivel C2 ó remate do curso.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame poderá motivar a solicitude de apertura dun expediente sancionador.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Blanco Valdés, Juan, Do orixinal ó libro. Manual de edición técnica., 1ª, Xerais, 2009, Vigo

Gutiérrez Rodilla, Bertha, El lenguaje de las ciencias., 1ª, Gredos, 2005, Madrid

Leobalde García, María das Mercedes et alii., Curso de linguaxe administrativa., 1ª, Xunta de Galicia, 2007, Santiago de Compostela

Ramos Insua, Martín (coord.), Curso de linguaxe xurídica. Nivel medio., 1ª, Xunta de Galicia, 2013, Santiago de Compostela

Rodríguez Río, Xusto, Metdoloxía do traballo terminolóxico puntual en lingua galega., 1ª, Consello da Cultura, 2004, Santiago de Compostela

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

Outros comentarios

Para superar esta materia hai que ter un amplo coñecementos dos aspectos normativos da lingua galega. Pártese do nivel C2 de competencia.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español

Materia	Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español			
Código	V01G230V01302			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rifón Sánchez, Antonio			
Profesorado	Rifón Sánchez, Antonio			
Correo-e	arifon@uvigo.es			
Web	http://arifon.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	Ademais de constituír un reforzo dos aspectos de corrección lingüística, a materia posúe un eminente carácter práctico e busca iniciar ao discente no coñecemento das linguas de especialidade do español. Ademais, esta materia achegará ao alumnado a outras disciplinas como a semántica, a lexicografía e a análise crítica do discurso que serán de moita utilidade no desenvolvemento práctico das habilidades discursivas no ámbito oral e escrito. Finalmente, ao longo do cuadrimestre reforzaranse os coñecementos relativos á tipoloxía textual académica científica (con especial atención no artigo de investigación) que xa se estudaron nas materias de lingua A cursadas durante o primeiro ano do grao.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber • saber facer
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber • saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
SALES SALVADOR, D., Documentación aplicada a la traducción:presente y futuro de una disciplina, Trea, 2007, Gijón

Bibliografía Complementaria

CODINA, L.; MARCOS, M.C.; PEDRAZA, R. (coords.), Web semántica y sistemas de información documental, Trea, 2009, Gijón
CORDÓN GARCÍA, J. A. ET AL., Las nuevas fuentes de información: la búsqueda informativa, documental y de investigación en el ámbito digital, Pirámide, 2016, Madrid
COSTA SÁNCHEZ, C.; PIÑEIRO OTERO, T., Estrategias de comunicación multimedia, UOC, 2016, Barcelona
CRUZ GIL, M.C., Modelos de búsqueda y recuperación de la información, Trea, 2015, Gijón
GIANNASI-KAIMEN, M.J.; CARELLI, A.E. (coords.), Recursos informacionales para compartir, Alfabrama, 2010, Buenos Aires (Argentina)
GÓMEZ DÍAZ, R.; GARCÍA-RODRÍGUEZ, A.; CORDÓN GARCÍA, J. A.; ALONSO ARÉVALO, J., Leyendo entre pantallas, Trea, 2016, Gijón
MALDONADO MARTÍNEZ, A., RODRÍGUEZ YUNTA, L. (coords.), La información especializada en Internet : directorio de recursos de interés académico y profesional, CSIC, 2006, Madrid
MATEOS SÁNCHEZ, M., Aplicación de técnicas de clustering en la recuperación de la información, Trea, 2009, Gijón
PÉREZ-MONTORO GUTIÉRREZ, M., Arquitectura de la información en entornos web, Trea, 2010, Gijón
RODRÍGUEZ BRAVO, B., Apuntes sobre representación y organización de la información, Trea, 2011, Gijón
TORTOSA MAROTO, J., Dos punto ¿qué?: guía para conocer el mundo 2.0: novatos, nivel medio y alto, Bubok, 2011, Madrid

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01102
Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01202

Outros comentarios

Utilizarase a plataforma Tema de Faitic (http://faitic.uvigo.es) como contorna de comunicación virtual e colectiva. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da devandita plataforma e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar ou teñen que entregarse.
Téñase en conta que a copia ou o plaxio (xa sexa total ou parcial) nos traballos solicitados ou no exame suporá a súa anulación directa. Ademais, no proceso de avaliación, non só prestarase atención á pertinencia e a calidade do contido dos traballos, senón tamén á súa corrección lingüística.
Os recursos bibliográficos achegados pola profesora (todos eles dispoñibles na biblioteca) durante as clases serán capitais para poder superar con éxito os traballos que se deberán realizar.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego

Materia	Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego			
Código	V01G230V01401			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Gómez Clemente, Xosé María Bermúdez Montes, María Teresa			
Profesorado	Bermúdez Montes, María Teresa			
Correo-e	xgomez@uvigo.es bermudezteresa@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia posúe un eminente carácter práctico e busca iniciar o alumnado no coñecemento das linguas de especialidade do galego. Constitúe un reforzo dos aspectos de corrección lingüística. Ademais, esta materia achegará o alumnado a outras disciplinas como a semántica e a lexicografía, que serán de moita utilidade no desenvolvemento práctico das habilidades discursivas no ámbito oral e escrito. Finalmente, ao longo do cuadrimestre reforzaranse os coñecementos relativos á tipoloxía textual académica e científica (con especial atención ao artigo de investigación). Pártese dun nivel de competencia lingüística C2 do Marco europeo de referencia para a aprendizaxe de linguas.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber • saber facer
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• saber facer • Saber estar / ser
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	• saber • saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer • Saber estar / ser
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber • saber facer
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• saber facer • Saber estar / ser
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• saber
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• saber facer • Saber estar / ser
CE30	Coñecemento de idiomas	• saber • saber facer

CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade	• saber facer • Saber estar / ser
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber • saber facer
CT5	Coñecementos de informática aplicada	• saber • saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber • saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber facer • Saber estar / ser
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	• Saber estar / ser
CT9	Razoamento crítico	• saber facer • Saber estar / ser
CT12	Traballo en equipo	• saber facer • Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber • saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión oral e escrita.	CB1 CB2 CB4 CE3 CE4 CE18 CE21 CE27 CE33 CT1 CT5 CT6 CT12 CT23
Ampliar o repertorio léxico e textual na lingua obxecto de estudo, sobre todo no relativo aos textos de especialidade.	CB1 CB2 CB4 CE3 CE4 CE17 CE18 CE21 CE25 CE27 CE32 CE33 CT1 CT6 CT12 CT14 CT23

Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise, creación e revisión de todo tipo de textos de especialidade.	CB2 CB3 CB4 CE3 CE4 CE10 CE11 CE17 CE18 CE21 CE25 CE27 CE33 CT1 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14 CT23
Capacitar ao discente para que manexe con soltura as ferramentas bibliográficas de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais da corrección, tradución e interpretación de textos.	CB2 CB3 CB4 CE3 CE4 CE11 CE18 CE21 CE27 CE30 CT5 CT6 CT8 CT14 CT23

Contidos	
Tema	
Tema 1. Recursos bibliográficos e ferramentas informáticas para o traballo.	1.1. Dicionarios especializados e dicionarios xerais de lingua. 1.2. Corpus monolingües e multilingües.
Tema 2. Descrición lingüística do léxico de especialidade.	2.1. Aspectos morfolóxicos: procedementos de formación do léxico especializado. Derivación e composición. Outros procedementos. 2.3. Aspectos semánticos e léxicos.
Tema 3. Os textos de especialidade.	3.1. Estrutura e características do texto de especialidade: o ámbito xurídico e administrativo. 3.2. Estrutura e características do texto científico e técnico: o texto divulgativo e o texto de investigación.
Tema 4. Revisión e redacción dos textos de especialidade.	4.1. Corrección gramatical. 4.2. Corrección léxica. 4.3. Corrección estilística.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	2	29	31
Presentación	6	10	16
Resolución de problemas	19	20	39
Lección maxistral	19	19	38
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	24	26

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballo tutelado	O alumnado presentará (de forma individual ou en parellas) o traballo escrito sobre o tema acordado. Avaliaranse os resultados, a estrutura e a calidade lingüística da redacción.

Presentación	O alumnado levará a cabo unha presentación perante a clase dun traballo de divulgación que elabore, sobre un tema que se asignará.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Lección maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos da materia co obxectivo de comunicar coñecementos. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos que aseguren a comprensión dos contidos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado recibirá atención na aula e nas titorías sobre as cuestións que xurdiren.
Traballo tutelado	A docente reservará un tempo de atención personalizada para atender e resolver as dúbidas do alumnado. Este tempo distribuirase en relación coas necesidades puntuais dos discentes, que poderán asistir ás titorías establecidas ou concertar, de ser preciso, outras específicas.
Presentación	A docente reservará un tempo de atención personalizada para atender e resolver as dúbidas do alumnado. Este tempo distribuirase en relación coas necesidades puntuais dos discentes, que poderán asistir ás titorías establecidas ou concertar, de ser preciso, outras específicas.
Resolución de problemas	O alumnado recibirá atención na aula e nas titorias sobre as cuestións que xurdiren.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	O alumnado terá que elaborar en grupo un traballo escrito sobre un tema que se asignará e será tutelado pola docente. Partindo dunha lista proporcionada no inicio de curso, a elección de tema deberá ser acordada coa docente e contar coa súa aprobación explícita. O traballo deberá ser orixinal e seguirá as convencións do texto de divulgación científica. Avaliarase a calidade lingüística xeral, o uso da terminoloxía, a adecuación ás convencións descritas no curso e o formato.	30	CB3 CB4 CE10 CE18 CE27 CE33 CT6 CT12
Presentación	Deberá expoñerse oralmente na aula, con formato de divulgación e apoio dunha presentación powerpoint ou prezi, o traballo tutelado.	10	CB4 CE3 CE10 CE18 CE33 CT1 CT6 CT12
Resolución de problemas	O alumnado entregará unha serie de prácticas (catro como máximo) sobre os contidos do programa.	20	CE3 CE18 CT23
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistirá nun exame que pode abordar todos os temas estudados durante o curso, con especial atención ós aspectos lingüísticos do temario.	40	CB3 CE3 CE18 CE27 CE33 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

1ª edición das actas

As/os estudantes deberán escoller, de forma obrigatoria nas primeiras dúas semanas do cuadrimestre, entre dúas opcións:

un sistema de avaliación continua (cf. *supra* a descrición en Avaliación) ou un sistema de avaliación única. Recoméndase optar polo primeiro.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto. A copia ou o plaxio nas probas das avaliacións continua ou única poderá motivar a solicitude de apertura de expediente sancionador para a alumna/a que o cometa, nas dúas edicións das actas.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais, exercicios, avisos e novidades a través da plataforma de teledocencia Faitic, así como estar ao tanto das datas programadas para as probas de avaliación.

En calquera caso, recoméndase a asistencia regular ás clases e o uso dos recursos (biblioteca, ferramentas electrónicas) para facilitar o logro das competencias.

Cómpre ter en conta que na avaliación desta materia é especialmente relevante a corrección lingüística, que posúe un carácter central.

De existir alumnado de intercambio, prestarase atención ás súas necesidades específicas.

Avaliación continua

Os aspectos avaliados son os que aparecen nesta páxina por un valor do 100% da nota. A non realización de probas ou exercicios parciais previstos polo sistema de avaliación continua (cf. *supra* a descrición en Avaliación) suporá a obtención dunha cualificación de 0 (cero) puntos nesta.

Para poder calcular media, deberase acadar unha nota mínima de 5 tanto no exame como nos traballos escritos (traballo tutelado, traballos de aula).

Condicións:

-Entrega das prácticas de clase, realización da exposición oral (última semana de clase) e entrega dos traballos que son obxecto de avaliación, nos prazos establecidos pola docente ao longo do curso e recollidos na plataforma TEMA. O prazo máximo para a entrega do traballo tutelado coincidirá co día do exame oficial, establecido pola FFT.

-Realización do exame escrito.

A data do último exame de avaliación continua coincidirá coa data do exame de avaliación única recollida no calendario oficial da FFT.

Avaliación única

1. Exame sobre os contidos da materia: 75%.

2. Traballo escrito: elaboración dun texto de especialidade, sobre o modelo do artigo de divulgación: 25%.

Para poder calcular media, deberase acadar unha nota mínima de 5 tanto no exame como no traballo escritos (traballo tutelado).

A data do exame de avaliación única será a establecida pola FFT e recollida no calendario oficial da FFT. O prazo máximo para a entrega do traballo tutelado coincidirá co día do exame oficial, establecido pola FFT.

2ª edición das actas (xullo)

Os mesmos criterios de avaliación única aplicaranse na segunda edición das actas (xullo). A avaliación farase a través dun exame (75%) e dun traballo escrito (25%).

Para poder calcular media, deberase acadar unha nota mínima de 5 tanto no exame como no traballo escrito.

O alumnado de avaliación continua que non supere a materia na primeira convocatoria e teña que acudir á segunda edición das actas terá que presentarse unicamente á parte que teña suspensa, dado que manterá as cualificacións iguais ou superiores a 5. Ao alumnado de avaliación única gardaráselle tamén a cualificación igual ou superior a 5 que obtivese nalgunha das dúas probas, de xeito que só deberá presentarse ás partes pendentes.

A copia ou o plaxio nas probas de avaliación poderá motivar a solicitude de apertura de expediente sancionador para a alumna/o que o cometa.

En todo caso, recoméndase a asistencia regular ás aulas e ás titorías e a consulta dos materiais e informacións específicas na plataforma FAITIC, mesmo que non se siga o sistema de avaliación continua.

A data do exame será a recollida no calendario oficial da FFT. O prazo máximo para a entrega do traballo tutelado coincidirá co día do exame oficial, establecido pola FFT.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BLANCO VALDÉS, Juan L., Do orixinal ao libro. Manual de edición técnica, 1ª, Xerais, 2009, Vigo

GUTIÉRREZ RODILLA, Bertha, El lenguaje de las ciencias, 1ª, Gredos, 2005, Madrid

RODRÍGUEZ RIO, Xusto, Metodoloxía do traballo terminolóxico puntual en lingua galega, 1ª, Consello da Cultura Galega, 2004, Santiago de Compostela

RAMOS INSUA, Martín (coord.), Curso de linguaxe xurídica. Nivel medio, 1ª, Xunta de Galicia, 2013, Santiago de Compostela

LEOBALDE GARCÍA, María de las Mercedes et. al., Curso de linguaxe administrativa, 1ª, Xunta de Galicia, 2007, Santiago de Compostela

Bibliografía Complementaria

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO, Buscatermos. Base de datos terminolóxica, UVIGO, 2017, Vigo

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, Un idioma preciso, USC, 2017, Vigo

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01201

Outros comentarios

Importante

Cómpre ter un nivel avanzado das normas ortográficas e da gramática da lingua para o aproveitamento desta materia. Pártese do nivel C2 de competencia en lingua galega.

Para comprobar o nivel, poderase realizar un test ou proba de nivel a comezo do curso. Xa que se parte dun nivel C2, se algún alumno ou alumna considerar que non o ten, sería recomendable que procurase acadalo por medios alleos á docencia desta materia (consulta de recursos da biblioteca e ferramentas online).

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español				
Materia	Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español			
Código	V01G230V01402			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rodríguez Barcia, Susana			
Profesorado	Rodríguez Barcia, Susana			
Correo-e	susanarbarcia@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Ademais de constituír un reforzo dos aspectos de corrección lingüística e de redacción e presentación formal de traballos académicos, a materia posúe un eminente carácter práctico e busca iniciar ao discente no coñecemento das linguas de especialidade do español. Esta materia achegará ao alumnado a outras disciplinas como a análise crítica do discurso especializado que será de moita utilidade no desenvolvemento práctico das habilidades discursivas no ámbito oral e escrito e no desenvolvimiento do pensamento crítico. Finalmente, ao longo do cuadrimestre reforzaranse os coñecementos relativos á tipoloxía textual académica científica (con especial atención no artigo de investigación) que xa se estudiaron tanxencialmente nas materias de lingua A cursadas no primeiro ano do grao.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• Saber estar / ser
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	• saber facer • Saber estar / ser
CE17	Capacidade de tomar decisións	• Saber estar / ser
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• Saber estar / ser
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber
CT5	Coñecementos de informática aplicada	• saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer • Saber estar / ser
CT9	Razoamento crítico	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber facer
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Desenvolver e reforzar as habilidades de comprensión e de expresión oral e escrita.	CB1 CB2 CB4 CE4 CE18 CE27 CT1 CT5 CT6
Ampliar o repertorio léxico e textual da lingua española, sobre todo no relativo á terminoloxía e aos textos de especialidade.	CB1 CE11 CE18 CE27 CT9 CT15 CT23
Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise crítica, creación e revisión de todo tipo de textos de especialidade.	CB3 CE17 CE18 CE27 CT23
Capacitar ao alumnado para analizar, sintetizar e extraer a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita.	CB3 CE11 CE17 CE18 CE27 CT6 CT9 CT23
Capacitar aos discentes para que manexen con soltura as ferramentas bibliográficas de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais da corrección, composición e reformulación de textos.	CB5 CE4 CE17 CE18 CT6 CT9 CT15 CT23

Contidos	
Tema	
Tema 1. Descrición lingüística dos textos de especialidade.	1.1. Aspectos ortotipográficos. 1.2. Aspectos morfolóxicos: procesos de lexicoxénese. 1.3. Aspectos semánticos, léxicos e lexicográficos. 1.4. Aspectos discursivos.
Tema 2. O texto de especialidade.	2.1. O artigo de investigación. 2.2. O informe técnico. 2.3. A divulgación científica.
Tema 3. A análise crítica do discurso especializado.	3.1. Denotación e obxectividade nos textos de especialidade. 3.2. A orientación ideolóxica nos textos especializados e non especializados. 3.3. A modalización discursiva.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	3	5
Lección maxistral	18	45	63
Traballo tutelado	4	8	12
Resolución de problemas	14	21	35
Traballo tutelado	2	7	9
Presentación	6	18	24
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición

Actividades introdutorias	O obxectivo fundamental das actividades introdutorias é recoller información sobre os coñecementos de partida, os intereses e as motivacións dos discentes.
Lección maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e fontes de información. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos ilustrativos que aseguren a adecuada comprensión.
Traballo tutelado	Actividades prácticas orientadas na aula pola docente. Aínda que o alumnado poderá traballar de forma autónoma na materia, nestes traballos de aula serán suxeridas certas actividades que se desenvolverán coa colaboración de alumnos e docente.
Resolución de problemas	Actividade práctica. Formularanse na aula ou a través da plataforma TEMA unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para consolidar coñecementos teóricos.
Traballo tutelado	Actividade práctica. Os traballos tutelados estarán dirixidos a través das titorías concertadas cos discentes. Nestes traballos trátase de poñer a proba a competencia en lingua escrita do alumnado e a súa capacidade para xestionar grandes traballos e proxectos (por exemplo, realizar un cartafol comentado de textos de especialidade, analizar os recursos de modaliación nun conxunto de artigos científicos divulgativos, etc.).
Presentación	Actividade práctica. A docente proporcionará unha serie de recursos para afrontar de forma correcta unha exposición oral. Unha vez terminado este paso, a actividade por parte do discente consistirá na exposición oral ante os compañeiros dun tema lingüístico concreto que se escollerá entre os temas da asignatura.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	No relativo ás presentacións, os traballos tutelados e á resolución de exercicios, a docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Este tempo distribuirase en relación coas necesidades puntuais dos discentes, que poderán asistir ás titorías habituais ou concertar outras específicas (individuais ou en grupos reducidos).
Traballo tutelado	No relativo ás presentacións, os traballos tutelados e á resolución de exercicios, a docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Este tempo distribuirase en relación coas necesidades puntuais dos discentes, que poderán asistir ás titorías habituais ou concertar outras específicas (individuais ou en grupos reducidos).
Presentación	No relativo ás presentacións, os traballos tutelados e á resolución de exercicios, a docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Este tempo distribuirase en relación coas necesidades puntuais dos discentes, que poderán asistir ás titorías habituais ou concertar outras específicas (individuais ou en grupos reducidos).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Nestes traballos trátase de poñer a proba a competencia en lingua escrita do alumnado e a súa capacidade para xestionar grandes traballos e proxectos de revisión e corrección de textos especializados. A actividade estará vinculada ao proxecto docente interdisciplinar do grupo RED-IS. Os traballos tutelados estarán dirixidos a través das titorías ou horas adicionais de atención personalizada concertadas cos discentes. O obxectivo será avaliar os recursos para a redacción formal, a capacidade analítica e a xestión do traballo. A data límite para a entrega do traballo será o 13 de abril de 2020.	20	CB2 CB3 CE11 CE17 CT5 CT9 CT15 CT23
Presentación	Consistirá en dúas exposicións orais. A primeira será sobre un tema lingüístico concreto que se escollerá entre os temas da asignatura (20%). A segunda coincidirá coa exposición oral dos proxectos colaborativos (10%). A segunda presentación oral terá lugar na última quincena de abril de 2020. O obxectivo será avaliar a competencia oral dos discentes nun contexto formal. As presentacións do primeiro tipo terán lugar os días 17, 19 e 24 de marzo de 2020.	30	CB3 CB4 CB5 CE18 CE27 CT6
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistirá nun exame no que terán cabida as preguntas de carácter teórico e as de tipo práctico. Esta proba terá en conta todos os temas recollidos no temario e impartidos durante o curso. Esta proba terá lugar durante a última semana de clase. A data de celebración desta proba coincidirá co día fixado no Calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade e publicado na web da FFT.	50	CB1 CE4 CT1 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (Maio-xuño 2020)

Avaliación continua

É obrigatorio realizar e entregar no prazo estabelecido as probas marcadas na avaliación. Os traballos non entregados ou entregados fóra de prazo non se avaliarán. A data límite de entrega de traballos será o 13 de abril de 2020, a través de Faitic (apartado de exercicios). As presentacións orais terán lugar os días 17, 19 e 24 de marzo de 2020; o tema destas presentacións deberá ser comunicado a través de Faitic no prazo que se indique durante as sesións presenciais. A segunda presentación oral terá lugar na segunda quincena de abril de 2020. A data de celebración do exame coincidirá co día fixado no Calendario de exames establecido pola facultade e publicado na web da FFT.

A cualificación na primeira edición de actas dos alumnos e alumnas que opten pola avaliación continua corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante o curso. Para superar a materia será necesario obter como mínimo un 4,75 (sobre 10) en total.

Avaliación única

Neste caso, a avaliación realízase mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, no que a nota constituirá o 100% da cualificación final.

Este exame terá lugar ao final do cuadrimestre, na data fixada no Calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade e publicado na web da FFT. A data desta proba coincidirá na primeira edición das actas coa data na que se realizará o exame para os discentes que opten pola avaliación continua.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito á asistencia. Recoméndase ao alumnado que escolla esta modalidade de avaliación que consulte regularmente os documentos que se irán colgando en Faitic.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo 2020)

Na segunda edición de actas a avaliación levarase a cabo exclusivamente mediante un exame único, baseado nos contidos da materia. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Os alumnos e alumnas que non acadasen o aprobado na modalidade de avaliación continua e que se presenten nesta oportunidade de xullo deben ter en conta que non se gardarán en ningún caso as notas da exposición oral e do traballo escrito.

3. OUTRAS OBSERVACIÓNS

Nos alumnos e alumnas de avaliación continua, no caso de que tras a avaliación conxunta sexan necesarios ata 0,25 puntos para superar a materia, terase en conta a asistencia e participación regular e activa na clase ou en proxectos colaborativos de corrección.

O estudantado Erasmus poderá realizar as probas coa axuda dun dicionario.

Tanto no exame coma no traballo escrito e no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Alcaraz Varó; José Mateo Martínez y Francisco Yus Ramos (ed.), Las lenguas profesionales y académicas, Barcelona: Ariel, 2007

Cabré, María Teresa, La Terminología. Teoría, metodología, aplicaciones, Barcelona: Editoral Antártida, 1993

Ciapuscio, G., Reformulación textual: El caso de las noticias de divulgación científica, en Revista Argentina de Lingüística, Revista Argentina de Lingüística, 1993

García Negroni, María, "Subjetividad y discurso científico-académico. Acerca de algunas manifestaciones de la subjetividad en el artículo de investigación en español", Revista Signos, 2008

Gómez de Enterría Sánchez, Josefa, El español lengua de especialidad: enseñanza y aprendizaje, Madrid: Arco/Libros, 2009

Gutiérrez Rodilla, Bertha, El lenguaje de las ciencias, Madrid: Gredos, 2005

Vivanco Cervero, Verónica, El español de la ciencia y la tecnología, Madrid: Arco/Libros, 2006

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01202

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01202

Outros comentarios

Recoméndase ao estudando Erasmus que teña un nivel mínimo de español B2.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Idioma 1, IV: Inglés				
Materia	Idioma moderno: Idioma 1, IV: Inglés			
Código	V01G230V01403			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	2c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Yáñez Bouza, Nuria			
Profesorado	Pereira Romasanta, Raquel Yáñez Bouza, Nuria			
Correo-e	nuria.y.b@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Pártese dun nivel avanzado alto/Cambridge Advanced (MCER C1) e preténdese conseguir o nivel superior/ Cambridge Proficiency (MCER C2). O curso ten unha orientación práctica, co foco en tarefas de lectura e traballos escritos, fiction e non-fiction.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber • saber facer
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber • saber facer
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber • saber facer
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber • saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber • saber facer
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión	• saber • saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• saber • saber facer
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• saber • Saber estar / ser
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística	• saber • saber facer
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira	• saber • saber facer
CT4	Resolución de problemas	• saber • saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer • Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber • saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

capacidade para desenvolver o sentido de conciencia lingüística da lingua inglesa, os seus mecanismos gramaticais e léxicos e as súas formas de expresión.	CB1 CB2 CB4 CE1 CE2 CE4 CE25 CE28 CT2
Capacidade para desenvolver as destrezas de comprensión e expresión escrita en inglés.	CB1 CE1 CE2 CE8 CE24 CE25 CT14 CT15 CT22
Fomento da aplicación práctica dos coñecementos gramaticais e léxicos da lingua inglesa á comprensión e elaboración de textos excritos en inglés.	CB2 CB4 CE4 CE13 CE18 CE28 CT2 CT6 CT22
Ampliación do repertorio léxico e textual en inglés.	CB1 CB4 CE2 CE4 CE8 CE13 CT2 CT4
Capacidade de sintetizar e extraer a información principal e secundaria dunha ampla variedade de textos orais e escritos en inglés.	CB1 CE1 CE2 CE4 CE8 CE13 CE18 CE28 CT6 CT14 CT15

Contidos	
Tema	
Use of English	A. Grammar: inversion, wishes, modal verbs, unreal time and subjunctive clauses, purpose, reason and concession clauses, passive structure. B. Vocabulary: idioms, phrasal verbs, collocations, register. C: Word formation: preffixes, suffixes, compound adjectives, compound nouns from phrasal verbs. D. Tasks used in the Cambridge proficiency examination: Open cloze exercises. word transformation task, gapped sentences, Key-word transformation, etc
Reading	A. Comprehension of a fiction book and texts from journals, newspapers, promotional and informational materials. B. Understanding of written English at word, phrase (phrasal verb and idiomatic expressions), sentence, paragraph and whole text level. C. Interpreting textual register, and writer/audience relationship concerning ideas, opinions, suggestions, and attitudes. D. Understanding cohesion, structure and organization of the text.
Writing	A. Summaries, formal letters, articles, and essays to defend concepts, opinions, and to express suggestions in an academic environment.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Resolución de problemas	8	0	8
Traballo tutelado	12	12	24
Prácticas autónomas a través de TIC	0	20	20
Traballo tutelado	12	0	12
Resolución de problemas de forma autónoma	5	20	25
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	15	19
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	15	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	20	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Orientación xeral sobre a materia, qué se espera do alumnado e cómo conseguilo. Descubrir intereses e motivacións do alumnado.
Resolución de problemas	Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos (Use of English) e das destrezas comunicativas (reading and writing)
Traballo tutelado	Elaboración de traballos escritos tutelados na aula (writing)
Prácticas autónomas a través de TIC	Resolución de test de gramática e vocabulario, práctica de reading-comprehensión con clave de respostas
Traballo tutelado	Práctica das destrezas comunicativas, especialmente de "writing" e da aplicación dos contidos lingüísticos (use of English).
Resolución de problemas de forma autónoma	Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas de forma autónoma.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Nas sesións prácticas falicitaranse orientacións para acadar a resposta correcta e na plataforma faitic o alumnado dispondrá de material práctico
Traballo tutelado	Para resolver dúbidas sobre a materia e/ou as probas e traballos escritos, a profesora atenderá ao alumnado no seu despacho en horario de titorías. É recomendable que o alumnado informe con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico. En ningún caso se desenvolverán sesións de titorías por correo electrónico. Nas titorías daranse orientacións xerais sobre a materia, e asesoramiento sobre os traballos escritos requeridos e fomentaranse as estratexias de aprendizaxe autónomo

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Elaboración de 3 traballos escritos (writing), entre summary, formal letter, article, essay	25	CB4 CE1 CE2 CE4 CE8 CE28 CT6 CT14 CT15 CT22
Resolución de problemas e/ou exercicios	2 probas de avaliación da destreza de "reading"	25	CE4 CE8 CE28 CT2 CT4

Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba de avaliación da destreza de "writing" baseada na comprensión del libro de lectura obligatoria	10	CB1 CT14 CT15 CT22
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba de avaliación dos contidos lingüísticos (Use of English: grammar and vocabulary)	40	CE25 CE28 CT2 CT4 CT6

Outros comentarios sobre a Avaliación

A) PRIMEIRA EDICIÓN DAS ACTAS:

O estudantado poderá acollerse á avaliación continua (A.1) ou á avaliación única (A.2) e ten que comunicarse ao profesorado da materia antes da fin da segunda semana de clase.

A.1) Avaliación continua

Avaliación continua na primeira edición das actas. Recoméndase a avaliación continua e o traballo diario na materia, xa que o estudo constante e progresivo é o sistema máis axeitado para a aprendizaxe dun idioma. Para acollerse ao sistema de avaliación continua, se recomenda ao alumnado asistir e participar con regularidade ás sesións presenciais, tanto teóricas como prácticas así como realizar as tarefas e exercicios que se lle requiran. Recoméndase acollerse a este sistema e para superar a avaliación continua será necesario:

1) Aprobar cada unha das destrezas comunicativas (reading: 25% and writing: 35%) e a destreza lingüística (use of English: 40%). Na segunda edición de actas (xullo) o estudantado só terá que presentarse ásdestrezas suspensas.

2) Realizar 4 traballos escritos (35%), 1 proba de expresión escrita baseada na comprensión do libro de lectura (10%) e 3 probas de comprensión escrita (25%). As datas da realización das probas anunciaranse na plataforma Faitic.

3) Aprobar unha proba final que constará dun test de resposta curta sobre oscontidos lingüísticos (use of English: grammar and vocabulary). Esta parte computará o 40%. A proba final realizarase na data establecida no calendario de exames aprobado en xunta de FFT.

Para superar a materia, o estudantado ten que aprobar todas as partes cunha nota mínima de 5.

Aavaliación continua do estudantado require que o alumnado demostre as súas capacidades con regularidade ó longo do cuadrimestre. Por tanto, as probas e traballos de clase non son recuperables. As probas e os traballos que os alumnos non realicen ou non entreguen contarán como un 0.

A.2) Avaliación única

O estudantado que non realice ningunha proba parcial poderá presentarse á avaliación única, que consistirá nunha única proba global final que computará o 100% da cualificación final. A proba única constará das seguintes partes:

- Use of English (40%), writing (35% incluíndo unha tarefa sobre o libro de lectura obligatorio), reading (25%).

Para superar dita proba o estudantado ten que aprobar todas as partes cunha nota mínima de 5. Conservaranse as partes aprobadas para a segunda edición das actas en xullo. O exame realizarase na data establecida no calendario de exames aprobado en xunta de FFT, coincidindo coa proba final de avaliación continua.

B) SEGUNDA EDICIÓN DAS ACTAS (xullo):

O estudantado que suspenda ou non se presente á primeira edición das actas será availado na segunda edición en xullo mediante unha proba única que terá as mesmas características que a proba única da primeira edición das actas:

- Use of English (40%), writing (35% incluíndo unha tarefa sobre o libro de lectura obligatorio), reading (25%).

Para superar esta avaliación o alumnado ten que aprobar cada unha das partes. A data desta proba de xullo será fixada pola facultade e publicada na paxina web.

Todas asprobas ou tests da materia teñen como modelo as do certificado Cambridge Proficiency in English e as

indicacións fixadas para o nivel C2 no Marco Europeode Referencia para o Ensino das Linguas.

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenador, tableta ou conexión a internet ou outros medios electrónicos.

O plaxio total ou parcial nos traballos entregados suporá o suspenso automático na materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Libro de texto, Objective Proficiency . student's book with answers, (for revised exam from March 2013) second edition, Cambridge University Press, 2013

Libro de aprendizaje autónomo, Cambridge English Proficiency 1 for updated exam with answers, (Authentic examination papers from Cambridge ESOL), Cambridge University Press, 2012

Libro de lectura obligatoria, Auster, Paul, Brooklyn Follies,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés/V01G230V01303

Outros comentarios

Recoméndase unha aplicación constante e seria no estudo da materia. Pártese do nivel do exame Cambridge Advanced English. O alumnado que non posúa este nivel de partida terá que procurar formación en inglés pola súa conta (EOI, Centro de Linguas, materiais bibliográficos,recursos online etc.)

Recoméndase o uso dos recursos da biblioteca que para superar esta materia son dunha gran utilidade.

Non é en absoluto recomendable cursar esta materia sen ter superado o Idioma : Inglés 1, I, Inglés 1,II ou Inglés 1, III. Durante as clases o alumnado non poderá utilizar dispositivos móviles (teléfono, tableta, PDA ou similares) nin ordenadores, a non ser que a profesora permita ou requira a utilización destes dispositivos con algunha finalidade pedagóxica.

Tamén cómpre esixir ao alumnado que deben respectar os dereitos de copyright. Ningunha parte dos libros de texto e de lectura poden ser reproducidos, alterados, editados ou usados por calquera forma ou medio, electrónico ou mecánico.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a traves da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés				
Materia	Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés			
Código	V01G230V01404			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	2c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Bourgoin Vergondy, Emmanuel Claude			
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://http://faitic.uvigo.es/			
Descrición xeral	Nesta materia, trátase de atinxir un nivel de mestría na lingua francesa, polo que se practicará con exercicios de argumentación e reformulación na escrita e na fala: argumentar, resumir, síntese de documentos escritos e orais, introdución á intratradución ou paráfrase. O obxectivo é que o alumno aprenda a interrelacionar forma e sentido e capte os detalles e os matices do texto orixinal. Concederase importancia á lingua na súa variedade: acentos rexionais ou da francofonía así coma as súas especificidades léxicas. Practicarase con documentos variados, tipos de discurso, de fontes, rexistro e opinión para que o alumno teña una visión máis ampla e poida confrontala coa súa, apropiándose de paso os diferentes medios de expresión e ter unha reflexión sobre a sociedade de hoxe. O alumno deberá atinxir un nivel C2.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber • Saber estar / ser
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber • saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer
CE12	Posuír unha ampla cultura	• saber
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• saber facer • Saber estar / ser
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• saber • saber facer
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• saber • Saber estar / ser
CE30	Coñecemento de idiomas	
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira	• saber • saber facer
CT4	Resolución de problemas	
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	• Saber estar / ser
CT9	Razoamento crítico	• saber facer • Saber estar / ser
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade	• Saber estar / ser
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais	
CT12	Traballo en equipo	
CT16	Adaptación a novas situacións	
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	• saber • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Adquisición de habilidades de comprensión alta e de creación de diferentes tipos de texto.	CB5 CE12 CE27 CE30 CT8 CT9
Desenvolver a capacidade crítica de comparar aspectos socio-culturais do ámbito cultural propio e os do segundo idioma.	CE12 CT10 CT11 CT17
Coñecemento alto do segundo idioma, chegando ao nivel C1 ou C2 do Marco Común Europeo de Referencia das linguas (en función das competencias iniciais do alumnado).	CE2 CE4 CE25 CT2 CT11 CT12 CT16 CT17
Ser capaz de aprender con autonomía.	CB3 CE24 CT4 CT16

Contidos	
Tema	
Révision morphosyntaxique contrastive de certaines difficultés sur lesquelles butent les hispanophones.	Genre et nombre des noms et des adjectifs. Syntaxe de l'article en espagnol et en français. L'article et les noms de pays. Prépositions et noms de pays. La possession, su/son/leur. Les chiffres. Les pronoms COD/COI, en, y et leur combinaisons.
Le lexique	1. Les sources du lexique 2. Nuances sémantiques 3. Registres de langue
La reformulation	1. Le discours argumenté (oral et écrit) 2. La paraphrase 3. Le résumé 4. Le compte-rendu
Parole et expressivité en français	Les modèles, l'oralité dans le texte écrit, la voix, les émotions, les attitudes, les situations de communication, les facteurs sociaux et régionaux
Lecture et commentaire du livre : Dugain, M. Labbé, C. (2016) L'homme nu - La dictature invisible du numérique, Paris: PLON-Robert Laffont	Étude des divers aspects linguistiques, littéraires et civilisationnels du livre de lecture : "L'homme nu - La dictature invisible du numérique".

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	22	37
Resolución de problemas	13	30	43
Resolución de problemas de forma autónoma	10	30	40
Presentación	5	20	25
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Práctica de laboratorio	2	0	2
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Presentación e explicación dos contidos da materia, diretrices dos traballos e dos exercicios a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas	Para conseguir resultados didácticos e prácticos na aprendizaxe do francés, as correccións faránse en grupo ou individualmente.

Resolución de problemas de forma autónoma	O alumno aprenderá a resolver problemas concretos aplicando os coñecementos teórico-prácticos desenvolvidos na aula durante o curso
Presentación	Presentación oral individual ou en grupo baseada no traballo autónomo do alumno

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Estes exercicios serán corrixidos individualmente ou en grupo na aula.
Probas	Descrición
Práctica de laboratorio	Estes exercicios serán corrixidos individualmente ou en grupo na aula.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumno aprenderá a superar problemas de morfo-sintaxe e de lexicografía.	10	CB3 CE2 CE12 CE25 CT10 CT17
O alumnado Erasmus deberá acreditar un coñecemento de tipo medio da lingua de partida e un coñecemento de tipo alto da lingua de chegada.

A copia ou plaxio nos traballos de tradución, nas encargas de tradución e/ou no exame terá como consecuencia unha cualificación global negativa.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Instituto Antônio Houaiss, Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa, Editora Objetiva, 2009, Rio de Janeiro
Real Academia Galega, Dicionario da Real Academia Galega, RAG, 2012, A Coruña
Bibliografía Complementaria
Academia das Ciências de Lisboa, Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea, Editorial Verbo, 2001, Lisboa
Gonçalves Barbosa, Heloísa, Procedimentos técnicos da tradução (Uma nova proposta), Pontes Editores, 2004, São Paulo
Pinto, José M. de Castro, Novo Prontuário Ortográfico com Novo Acordo Ortográfico, Plátano Editora, 2011, Lisboa
Neves, Orlando, Dicionário de Expressões Correntes, Editorial Notícias, 1999, Lisboa
Simões, Guilherme Augusto, Dicionário de Expressões Populares Portuguesas, Publicações Dom Quixote, 2000, Lisboa
Fernández Salgado, Benigno, Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega, Editorial Galaxia, 2004, Vigo

Recomendacións
Materias que continúan o temario
Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego/V01G230V01512
Tradución idioma 2, III: Portugués-Galego/V01G230V01615

Materias que se recomenda cursar simultáneamente
Idioma 2, IV: Portugués/V01G230V01408

Materias que se recomenda ter cursado previamente
Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués/V01G230V01108
Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués/V01G230V01208
Idioma 2, III: Portugués/V01G230V01308

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, I: Portugués-Español				
Materia	Tradución idioma 2, I: Portugués-Español			
Código	V01G230V01416			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Dasilva Fernández, Xosé Manuel			
Profesorado	Dasilva Fernández, Xosé Manuel			
Correo-e	jdasilva@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Iniciación á práctica da tradución de textos non especializados na correspondente combinación lingüística.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber • saber facer
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber facer
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber facer
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber facer
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• Saber estar / ser
CE12	Posuír unha ampla cultura	• saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• Saber estar / ser
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• Saber estar / ser
CE22	Destrezas de tradución	• saber facer
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• saber facer
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• saber facer
CE30	Coñecemento de idiomas	• saber facer
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade	• saber facer
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber facer
CT4	Resolución de problemas	• saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber facer
CT9	Razoamento crítico	• Saber estar / ser
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade	• saber facer
CT12	Traballo en equipo	• saber facer
CT13	Traballo nun contexto internacional	• saber facer
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber facer
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Coñecer as linguas de traballo, discriminando as súas semellanzas e as súas diferenzas.	CB2 CE1 CE3 CE18 CE21 CT1
Identificar e resolver as dificultades dos textos de partida, aplicando as estratexias e os procedementos de tradución adecuados.	CB1 CE17 CE22 CT7 CT12 CT23
Desenvolver as competencias tradutoras necesarias para a mediación cultural.	CB4 CB5 CE2 CE10 CE24 CE32 CT4 CT10 CT13
Realizar con criterio individual traballos de tradución.	CB3 CE4 CE12 CE25 CE30 CT9 CT15

Contidos	
Tema	
Particularidades xerais da combinación lingüística.	Descrición. Caracterización.
Trazos específicos da actividade tradutora.	Interferencias. Eivas comúns.
Procedementos de tradución.	Análise. Inventario.
Dicionarios e fontes documentais.	Formato papel. Formato dixital.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	16	20
Resolución de problemas	22	42	64
Resolución de problemas de forma autónoma	22	44	66

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades de carácter preliminar para tomar contacto coas características da materia.
Resolución de problemas	Resolución en grupo ou individualmente de exercicios, con orientación do docente.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución individualmente de exercicios, con orientación do docente.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Os exercicios propostos levaranse a cabo de forma particularizada a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado tanto nas sesións lectivas como nas sesións de titorías.
Actividades introdutorias	Analizaranse as características do alumnado.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	No primeiro sistema de avaliación continua, realización de actividades que reproducen as características do labor profesional. Tales actividades, de carácter acumulativo, estarán distribuídas regularmente ao longo do período docente. Efectuarase unha proba final relativa a esas actividades, sobre a cal se establecerá o 50% da nota global.	50	CB1 CB3 CE1 CE4 CE12 CE17 CE21 CE22 CE25 CE32 CT9 CT10 CT12 CT13
Resolución de problemas de forma autónoma	No primeiro sistema de avaliación continua, realización de dous traballos de tradución que reproducen as características do labor profesional, sobre os cales se establecerá o 50% da nota global. No segundo sistema de avaliación continua, realización de catro encargas de tradución que reproducen as características do labor profesional, establecéndose sobre cada unha delas un 25% da nota global.	50	CB2 CB4 CB5 CE2 CE3 CE10 CE18 CE24 CE30 CT1 CT4 CT7 CT15 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Establécense dous sistemas de avaliación continua.

O primeiro sistema de avaliación continua, destinado ás persoas que asistan a un mínimo do 80% das clases, baséase na realización de dous traballos de tradución e unha proba final relativa ás actividades desenvolvidas nas clases. Os dous traballos de tradución, que terán lugar respectivamente nas semanas do 17 de febreiro de 2020 e do 16 de marzo de 2020, proporcionan un 50% da nota global. Por outra banda, a proba final relativa ás actividades desenvolvidas nas clases representa o 50% da nota global. A devandita proba final, que terá lugar na semana do 27 de abril de 2020, consistirá en exercicios de tradución sobre textos abordados nas clases, sen posibilidade de utilizar, por tal motivo, material auxiliar de ningún tipo.

O segundo sistema de avaliación continua, destinado ás persoas que non asistan a un mínimo do 80% das clases, baséase na realización de catro encargas de tradución a partir de textos seleccionados polo docente. Cada encarga de tradución representa un 25% da nota global. As catro encargas de tradución terán como prazo limite de entrega as seguintes datas: a primeira encarga de tradución, o 17 de febreiro de 2020; a segunda encarga de tradución, o 16 de marzo de 2020; a terceira e a cuarta encargas de tradución, o 27 de abril de 2020.

Con independencia dos dous sistemas de avaliación continua descritos, establécese un sistema de avaliación única destinado ao alumnado que non se acolla a ningún sistema de avaliación continua para a convocatoria de maio (primeira edición de actas) e destinado a todo o alumnado para a convocatoria de xullo (segunda edición de actas), consistente nun exame con exercicios de tradución relativos aos contidos do programa, con posibilidade de utilizar exclusivamente materiais lexicográficos en formato papel. As datas do devandito exame da convocatoria de maio e da convocatoria de xullo serán fixadas no calendario de exames aprobado en Xunta da FFT.

No caso de que se obteña a cualificación de suspenso na convocatoria de maio en calquera dos dous sistemas de avaliación

continua e no sistema de avaliación única, haberá que recuperar a totalidade da materia na convocatoria de xullo.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e a calidade do contido das respostas, senón tamén a corrección lingüística.

O alumnado Erasmus deberá acreditar un coñecemento de tipo medio da lingua de partida e un coñecemento de tipo alto da lingua de chegada.

A copia ou plaxio nos traballos de tradución, nas encargas de tradución e/ou no exame terá como consecuencia unha cualificación global negativa.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Instituto Antônio Houaiss, Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa, Editora Objetiva, 2009, Rio de Janeiro
Real Academia Española, Diccionario de la lengua española, Espasa, 2014, Barcelona
Bibliografía Complementaria
Academia das Ciências de Lisboa, Dicionário da Língua Portuguesa Contemporánea, Editorial Verbo, 2001, Lisboa
Gonçalves Barbosa, Heloísa, Procedimentos técnicos de tradução (Uma nova proposta), Pontes Editores, 2004, São Paulo
Pinto, José M. de Castro, Novo Prontuário Ortográfico com Novo Acordo Ortográfico, Plátano Editora, 2011, Lisboa
Neves, Orlando, Dicionário de Expressões Correntes, Editorial Notícias, 1999, Lisboa
Simões, Guilherme Augusto, Dicionário de Expressões Populares Portuguesas, Publicações Dom Quixote, 2000, Lisboa
Real Academia Española, Diccionario panhispánico de dudas, Santillana, 2005, Madrid

Recomendacións
Materias que continúan o temario
Tradución Idioma 2, II: Portugués-Español/V01G230V01513
Tradución idioma 2, III: Portugués-Español/V01G230V01616
Materias que se recomenda cursar simultáneamente
Idioma 2, IV: Portugués/V01G230V01408
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués/V01G230V01108
Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués/V01G230V01208
Idioma 2, III: Portugués/V01G230V01308

DATOS IDENTIFICATIVOS

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés

Materia	Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés			
Código	V01G230V01417			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Veiga Díaz, María Teresa			
Profesorado	Veiga Díaz, María Teresa			
Correo-e	mveiga@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia concíbese como un espazo didáctico en que o estudantado reforza e amplía os coñecementos que posúe sobre a cultura e civilización dos países de fala inglesa e traballa as competencias necesarias para comprender e interpretar correctamente textos redactados en lingua inglesa dende o punto de vista cultural. O alumnado investigará de maneira guiada sobre os aspectos da cultura dos países de fala inglesa que sexan relevantes para a tradución e interpretación do idioma inglés.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber • saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber • saber facer
CE14	Dominio de ferramentas informáticas	• saber facer
CE20	Facilidade para as relacións humanas	• saber facer • Saber estar / ser
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• saber
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións	• saber
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade	• saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT9	Razoamento crítico	• saber facer
CT12	Traballo en equipo	• saber facer • Saber estar / ser
CT13	Traballo nun contexto internacional	• saber facer • Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber facer • Saber estar / ser
CT16	Adaptación a novas situacións	• saber facer • Saber estar / ser
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer • Saber estar / ser
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber facer • Saber estar / ser
CT24	Deseño e administración de proxectos	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
O alumnado coñecerá o funcionamento básico das sociedades relevantes para a súa combinación lingüística e adquirirá a competencia cultural necesaria para desenvolver actividades de tradución e interpretación.	CB1 CB2 CB3 CB4 CE2 CE8 CE20 CE25 CE26 CE32 CT6 CT9 CT12 CT13 CT15 CT16 CT23
O alumnado será capaz de identificar as singularidades culturais en textos concretos, seleccionar as estratexias de tradución máis adecuadas e xustificar as súas decisións.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE2 CE8 CE14 CE20 CE25 CE26 CE32 CT6 CT9 CT12 CT13 CT15 CT16 CT22 CT23 CT24

Contidos	
Tema	
1. Cultura e tradución.	1.1. Definicións de cultura. 1.2. A tradución como acto de comunicación cultural. A competencia cultural das persoas tradutoras. 1.3. O referente cultural e o seu tratamento na tradución.
2. Apuntamentos de historia e relixión en países de fala inglesa.	2.1. Breve historia dalgúns países da Commonwealth. 2.2. A relixión e a súa influencia na cultura.
3. O sistema político.	3.1. Sistema de goberno. 3.2. Principais institucións. 3.3. Sistema electoral. 3.4. Sistema xurídico.
4. A vida cotiá.	4.1. A vida familiar: familia, vivenda, horarios, tarefas. 4.2. A vida laboral: profesións e salarios. 4.3. A vida escolar: o sistema educativo. 4.4. A vida social: afeccións, ocio e tempo libre.
5. Análise pragmática e cultural de textos para a tradución e a interpretación.	Aplicación das competencias e dos coñecementos adquiridos nos bloques temáticos anteriores á análise e comprensión dos elementos culturais dos textos para a súa tradución.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	3	3	6
Aprendizaxe baseado en proxectos	20	40	60
Resolución de problemas de forma autónoma	5	10	15
Lección maxistral	8	16	24

Presentación	6	12	18
Actividades introdutorias	2	5	7
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	8	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	8	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Seminario	As titorías en grupos permitirán a orientación, comentario e revisión das tarefas encomendadas.
Aprendizaxe baseado en proxectos	O proxecto de investigación, que se levará a cabo en grupo, incluirá tarefas de diferentes tipos que lle permitan ao alumnado fomentar o espíritu crítico, desenvolver adecuadamente o traballo en equipo e a súa propia aprendizaxe, e acadar os coñecementos e as competencias previstos.
Resolución de problemas de forma autónoma	De xeito individual, en grupos ou en parellas os alumnos terán que realizar as diversas tarefas que se especificarán ao longo do curso para implementar os coñecementos teóricos e demostrar as súas competencias.
Lección maxistral	Nestas sesións introduciranse os puntos teóricos que relacionan cultura e tradución e os aspectos culturais descritos nos contidos. As sesións maxistrais servirán para proporcionar un fío condutor para o proxecto en grupo.
Presentación	O estudantado comunicará os resultados da súa investigación mediante exposicións orais programadas que se irán desenvolvendo ao longo do curso.
Actividades introdutorias	A primeira sesión do curso dedicarase a explicar e comentar os contidos, a metodoloxía e a avaliación e a resolver dúbidas sobre a guía para o estudantado que estará publicada en Faitic.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	No caso de detectar necesidades de atención personalizada durante unha titoría en grupo, citarase o alumnado afectado a unha titoría individual. En caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas coma nos horarios de titoría oficiais. No caso dos proxectos, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma docente TEMA. A atención ao alumnado a través de correo electrónico tamén se realizará en horario de titorías. En caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.
Resolución de problemas de forma autónoma	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas coma nos horarios de titoría oficiais. A atención ao alumnado a través de correo electrónico tamén se realizará en horario de titorías. No caso da resolución de problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma docente TEMA. En caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.
Presentación	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas coma nos horarios de titoría oficiais. A atención ao alumnado a través de correo electrónico tamén se realizará en horario de titorías. En caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Aprendizaxe baseado en proxectos	O estudantado desenvolverá un proxecto colaborativo de investigación en grupo. Cada grupo investigará en profundidade un tema dos indicados nos bloques 2, 3 e 4 dos contidos da materia e compartirá co resto do alumnado os resultados das súas investigacións. O desenvolvemento do proxecto explicarase ao comezo do curso, momento en que xa estará publicada en FAITIC unha guía detallada coa descrición dos obxectivos do proxecto e a planificación das actividades que inclúe. Na guía tamén aparecerán indicados os principais criterios de avaliación, que o alumnado deberá ter en conta para a realización das tarefas. O dossier final incluirá todas as actividades descritas na devandita guía e entregarase o día 20 de abril de 2020 en FAITIC e na caixa de correo nº 52.	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE2 CE8 CE14 CE20 CE25 CE26 CE32 CT6 CT9 CT12 CT13 CT15 CT16 CT22 CT23 CT24
Presentación	Ao longo do curso todo o alumnado que siga o sistema de avaliación continua deberá expoñer oralmente durante un máximo de 10 minutos os resultados da investigación que está levando a cabo o seu grupo. As exposicións orais están orientadas a poñer en común os contidos dos bloques temáticos tratados por cada grupo de xeito que todo o alumnado coñeza os resultados das investigacións levadas a cabo por todos os grupos. O calendario de presentacións elaborarase unha vez se dispoña do listado de persoas que seguen a avaliación continua e publicarase no sitio web da materia en FAITIC.	15	CB1 CB3 CB4 CE2 CE20 CE25 CE26 CT12 CT15 CT23
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba individual de resposta longa que se desenvolverá na data oficial de exame marcada polo Decanato do centro. A proba consistirá na análise dun texto breve (de arredor de 300 palabras) que trate sobre algún aspecto da cultura dalgún dos países estudados ao longo do curso. O estudantado deberá contextualizar culturalmente o texto, analizalo dende o punto de vista pragmático, identificar e clasificar os seus elementos culturais e propoñer estratexias de tradución para os elementos identificados.	30	CB1 CB2 CE2 CE25 CE26 CT9 CT15 CT22
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao remate do primeiro bloque de contidos, o estudantado levará a cabo unha proba de resposta curta en que demostrará ter adquirido os coñecementos requiridos sobre cultura, cultura e tradución, referentes culturais e estratexias de tradución. Para a realización da proba non se permitirá o uso de apuntamentos nin medios telemáticos. A proba realizarase na segunda sesión de clase da semana do 9 ao 13 de marzo de 2020. Se houber algún cambio, este notificaraselle ao alumnado por correo electrónico a través de Faitic con antelación suficiente.	15	CB1 CB4 CE25 CE26 CE32 CT6 CT9 CT15 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN (MAIO):

Na convocatoria de maio existirán dúas posibilidades de avaliación, a continua ou a única.

O alumnado que desexen acollerse á avaliación única deberán comunicalo por escrito a través da plataforma TEMA durante as dúas primeiras semanas de clase. Transcorrido ese período, entenderase que os alumnos que non o fixeron optan pola avaliación continua e aceptan as condicións de traballo e avaliación descritas nesta guía e na guía do proxecto colaborativo explicada na primeira sesión de clase e publicada en FAITIC dende o comezo do cuadrimestre.

Avaliación continua:

As metodoloxías e probas para a avaliación continua serán as indicadas no apartado de avaliación desta guía, nas porcentaxes expresadas. A materia comprende avaliación individual e en grupo. O estudantado que superen a parte de traballo en grupo pero non as probas individuais deberán recuperar en xullo as probas individuais. A avaliación continua esixe entregar dentro do prazo establecido o 80% das tarefas encomendadas ao longo do curso, incluídas aquelas que non teñen peso na cualificación final. Dentro dese 80% inclúense obrigatoriamente as seguintes:

a) Proxecto de grupo.

b) Exposición oral individual.

c) Proba de resposta curta.

d) Proba de desenvolvemento.

A proba de resposta curta corresponderase co primeiro bloque de contidos teóricos da materia, que incluirá a lectura obrigatoria de varios textos sobre cultura e tradución e os contidos impartidos nas sesións maxistrais. As lecturas poranse a disposición do alumnado na plataforma de teledocencia. Para a resolución da proba da parte teórica non se permitirá o emprego de materiais de consulta. Todas as actividades da parte teórica da materia serán de carácter obrigatorio, polo que se non se realizan durante o curso terán que realizarse na convocatoria de xullo.

A proba de desenvolvemento consistirá nunha análise dos aspectos pragmáticos e culturais dun texto segundo o descrito no apartado correspondente en que o alumnado demostrará a súa capacidade de aplicar os coñecementos e as competencias adquiridos ao longo do curso. Para esta proba permitirase o uso dos materiais de consulta xerados polos grupos de traballo colaborativo. Esta proba ten carácter obrigatorio, polo que non se realiza na data establecida terá que realizarse na convocatoria de xullo.

Durante a exposición oral, cada estudante, de maneira individual, transmitirá ao resto do alumnado os resultados da investigación que está levando a cabo o seu grupo de traballo. A exposición avaliarase e puntuarase seguindo os criterios recollidos na matriz de avaliación incluída na guía do proxecto e publicada na plataforma de teledocencia.

O alumnado que se encontre en situacións excepcionais que poidan ser documentadas, como as de embarazo, enfermidade ou lesión, ou que compaxine a vida universitaria coa actividade laboral, ten dereito a recibir unha consideración especial, polo que estas situacións deberán ser notificadas na primeira semana do curso ou no momento en se produzan para que a docente poida adoptar as medidas oportunas. O estudantado ten dereito, se o solicita, a un xustificante documental que acredite térense presentado ás probas. Aquela persoa que por enfermidade, lesión ou calquera outro impedimento temporal, fidedignamente demostrado, non poida efectuar un exame ou unha proba parcial, terá dereito a ser examinado noutra data.

<u>Criterios de avaliación empregados no sistema de avaliación continua:</u>

Os criterios de avaliación aplicados a cada traballo ou proba explicaranse nas clases e publicaranse en FAITIC para que todo o alumnado matriculado na materia poida acceder a eles. É responsabilidade do alumnado ter coñecemento das actividades e correccións realizadas nas clases, consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e estar ao tanto das datas de entrega de tarefas e realización de probas de avaliación.

De maneira xeral, en calquera das probas, traballos ou exercicios, obterán a cualificación de suspenso (0) nesa proba, traballo ou exercicio aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía.

- Incurran en plaxio total ou parcialmente. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade a este respecto.

- Incumplan as instrucións proporcionadas para a realización e entrega do exercicio ou proba.

EXCEPCIONALMENTE, PODERÁ ACORDARSE COS ESTUDANTES QUE NON SUPERASEN UNHA PARTE CONCRETA DA MATERIA O MECANISMO OPORTUNO PARA RECUPERAR ESA PARTE NA SEGUNDA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN.

Que ocorre se non quero acollerme ao sistema de avaliación continua?

Avaliación única:

O estudantado que **deixase constancia por escrito a través de FAITIC durante as dúas primeiras semanas de clase da súa vontade de acollerse ao sistema de avaliación única** perderá o dereito á avaliación continua e formativa, mais terá dereito a avaliación na data oficial fixada polo Decanato. A avaliación única constará das seguintes probas e traballos:

1. Entrega dun proxecto de investigación individual sobre un dos bloques de contidos establecidos para a materia segundo as directrices proporcionadas ao comezo do curso. O alumnado que se acolla ao sistema de avaliación única deberá comunicarlle á profesora o tema sobre o que traballará nas tres primeiras semanas do curso. De maneira xeral, o traballo comprenderá o estudo en profundidade do bloque seleccionado de maneira comparativa para todos os países estudados (40%).

2. Exame individual (60%), que constará de dúas probas: unha proba teórica de resposta breve que incluirá preguntas sobre o primeiro bloque de contidos e o tema seleccionado para realizar o proxecto de investigación, para a que non se permitirá o uso de materiais de consulta (30%), e unha proba de desenvolvemento que consistirá na análise dun texto breve (de arredor de 300 palabras) que trate sobre algún aspecto da cultura dalgún dos países estudados ao longo do curso. O estudantado deberá contextualizar culturalmente o texto, analizalo dende o punto de vista pragmático, identificar e clasificar os seus elementos culturais e propoñer estratexias de tradución para os elementos identificados. Para esta proba permitirase o uso dalgúns materiais de consulta (30%).

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e estar ao tanto das datas de entrega de tarefas e realización de probas de avaliación. Os estudantes teñen dereito, se o solicitan, a un xustificante documental que acredite térense presentado á proba ou exame. Aquela persoa que por enfermidade, lesión ou calquera outro impedimento temporal, fidedignamente demostrado, non poida efectuar un exame ou unha proba parcial, terá dereito a ser examinado noutra data.

En calquera das probas e traballos da avaliación única obterán a cualificación de suspenso (0) nesa proba ou traballo aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía.

- Incurran en plaxio total ou parcialmente. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade a este respecto.

- Incumplan as instrucións proporcionadas para a realización e entrega do exercicio ou proba.

EXCEPCIONALMENTE, PODERÁ ACORDARSE COS ESTUDANTES QUE NON SUPERASEN UNHA PARTE CONCRETA DA MATERIA O MECANISMO OPORTUNO PARA RECUPERAR ESA PARTE NA SEGUNDA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN.

SEGUNDA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN (XULLO):

PARA SUPERAR A MATERIA NA SEGUNDA OPORTUNIDADE, O ALUMNADO DEBERÁ APROBAR UN EXAME, QUE SE CELEBRARÁ NA DATA OFICIAL PREVISTA POLO DECANATO DO CENTRO E QUE CONSTARÁ DAS SEGUINTES PROBAS (indícase o peso de cada proba dentro do exame entre parénteses):

1. Proba teórica. Para desenvolver esta proba non se permitirá o uso de materiais de consulta. (30%)

2. Proba de desenvolvemento, que consistirá na análise dun texto dunhas 300 palabras que trate sobre algún aspecto da cultura dalgún dos países estudados ao longo do curso. O estudantado deberá contextualizar culturalmente o texto, analizalo dende o punto de vista pragmático, identificar e clasificar os seus elementos culturais e propoñer estratexias de tradución para os elementos identificados. Para esta proba permitirase o uso dos materiais de consulta xerados polos grupos de traballo colaborativo (70%).

Na avaliación de xullo obterán automaticamente a cualificación de suspenso aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía.

- Incurran en plaxio total ou parcialmente. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade a este respecto.

- Incumplan as instrucións proporcionadas para a realización e entrega do exercicio ou proba.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Kachru, J. & Smith, L.E., Cultures, contexts and world Englishes., 1ª, 2008,

Leppihalme, R., Culture bumps: an empirical approach to the translation of allusions, Multilingual Matters, 1997, Clevedon

Pedersen, J., How is Culture Rendered in Subtitles?, 2005,

Salehi, M., Reflections on Culture, Language and Translation, 2012,

Bibliografía Complementaria

Álvarez, R & Vidal, C. (eds.), Translation, Power, Subversion., 1ª, 1996,

Baker, M., In other words: a coursebook on translation., 2ª, 2011,

Bassnett, S. (ed.)., Studying British Culture: An Introduction., 2ª, 2003,

Campbell, N. & Alasdair, K., American cultural studies: an introduction to American culture, 4ª, 2016,

Grant, G., The True(Ish) History of Ireland, 1ª, 2015,

Hunt, D., Girt: the unauthorised history of Australia., 1ª, 2013,

Katan, D., Translating cultures: an introduction for translators, interpreters and mediators, 2ª, 2004,

Leppihame, R., Realia, John Benjamins, 2011,

Molina Martínez, L., Análisis descriptivo de la traducción de los culturemas árabe-español, Inédito

Nord, C., Text Analysis in Translation. Theory, Methodology and Didactic Application of a Model for Translation-Oriented Text Analysis., 2ª, 2005,

O'Discroll, James, Britain for learners of English., 2ª, 2009,

Pedersen, J., Subtitling norms for television: an exploration focussing on extralinguistic cultural references., 1ª, 2011,

Zinn, H., La otra historia de los Estados Unidos: (desde 1492 hasta hoy), 3ª, 2005,

Hickey, L. & Stewart, M., Politeness in Europe, Multilingual Matters, 2005, Clevedon

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01202

DATOS IDENTIFICATIVOS

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés

Materia	Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés			
Código	V01G230V01418			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Castelán Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Fernández Ocampo, Anxo Sotelo Dios, Patricia			
Correo-e	valquente@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Adquirir e ampliar competencias extralingüísticas na combinación francés-galego-español. Perfeccionar a toma de decisión a partir do tratamento das referencias culturais francófonas.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber facer
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• saber
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións	• saber
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• Saber estar / ser
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT13	Traballo nun contexto internacional	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• Saber estar / ser
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	• saber

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Identificar as diferenzas culturais do francés, do galego e do castelán.	CB1 CB3 CB4 CB5 CE2 CE25 CE27 CT15 CT17

Mellorar o coñecemento da lingua francesa, perfeccionar a redacción e a competencia oral na lingua meta e profundar na cultura francófona.	CE1 CE2 CE8 CE25 CT6 CT15 CT17
Traballar o espírito crítico desde un punto de vista lingüístico e tradutolóxico.	CE2 CE3 CE25 CE27 CT6 CT15 CT17
Familiarizarse cos recursos documentais na rede	CE1 CE2 CE8 CE25 CE26 CT6 CT13 CT15 CT17

Contidos	
Tema	
0. Introduction aux cours : culture(s), civilisation et traduction	0.1. Aspects anthropologiques et sociologiques. 0.2. Symboles, usages et traditions. Le « génie » de la France.
I. Organisation culturelle, sociale et politique francophone, galicienne et espagnole : parcours comparatif	1.1. La francophonie. 1.2. Différences culturelles générales entre les pays francophones de l'Europe et l'Espagne.
II. La France	2.1. L'administration du territoire français. 2.2. Les institutions politiques et administratives. 2.3. L'éducation.
III. Savoir-faire	3.1. Les arts et métiers. 3.2. Les industries du luxe.
IV. Savoir-vivre	4.1. Sociabilité, civilité, politesse. 4.2. La convivialité. Les arts de la table.
V. Textes et terroir	5.1. Les régions naturelles. La carte des pays. L habitat. 5.2. Le terreau historique, du Moyen Âge à l Époque contemporaine. 5.3. Le patrimoine bâti et consommé.
VI. Fientes de l'esprit qui vole	6.1. Jeux de mots, jeux de vilain. 6.2. Abrègements et autres stupeurs branchées. 6.3. Du buzz, même abusif.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	10	20	30
Estudo de casos	34	51	85
Exame de preguntas obxectivas	3	6	9
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	25	25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado, o docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, as tarefas que hai que realizar e comentará tamén as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos da materia obxecto de estudo.
Estudo de casos	A materia descomponse nun número de casos de estudo ós que o alumnado accederá mediante fontes textuais e audiovisuais que serán desenvolvidas colectivamente na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. O docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino.
Estudo de casos	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. O docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. O docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Estudo de casos	Serán 2 as probas de estudo de casos, para as que o alumnado desenvolverá telematicamente respostas de extensión variable. Cada proba representará o 20% da nota final. A non ser que por razóns xustificadas houbese que modificar o calendario de entrega, a primeira proba entregarase na terceira semana de marzo e a segunda proba na cuarta semana de abril. Os casos de estudo son transversais, é dicir que combinan varios puntos dos contidos da materia.	40	CB1 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE25 CE26 CT13 CT17
Exame de preguntas obxectivas	Serán 2 as probas de preguntas obxectivas. Cada proba representará o 15% da nota final. A non ser que por razóns xustificadas houbese que modificar o calendario de entrega, a primeira proba farase na primeira semana de marzo e a segunda proba na primeira quincena do mes de abril. A non ser que se modifique a estrutura das probas, estas terán lugar na aula e cada unha delas durará unha hora.	30	CB1 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE25 CE26 CT13 CT17
Resolución de problemas e/ou exercicios	As probas de resolución de problemas consisten en resolver dificultades e tomar decisións para traducir segmentos caracterizados pola súa trama de referencias á cultura e á civilización francófonas. As probas, que representan cada unha o 15 % da nota final, poderán ser presenciais ou telemáticas. De non acordar outra data alternativa entre profesorado e alumnado, a primeira proba terá lugar na última semana de marzo e a segunda na terceira semana de abril.	30	CE8 CE27 CT6 CT15

Outros comentarios sobre a Avaliación

CONVOCATORIA DA PRIMEIRA EDICION DE ACTAS (MAIO-XUÑO DE 2020)

Réxime de avaliación continua

O alumnado de avaliación continua é aquel que:

- asiste con regularidade ás sesións presenciais (cun máximo tres ausencias sen xustificar) e entrega todas as probas programadas (estudos de casos, exames de preguntas obxectivas e exame con resolución de problemas), ou

- non podendo asistir con regularidade a clase, establece co docente un itinerario de aprendizaxe a distancia que lle permite seguir a progresión do grupo presencial e entrega todas as probas programadas (estudos de casos, exames de preguntas obxectivas e exame con resolución de problemas) nos prazos sinalados ou habilitados expresamente para o seu caso. Cómpre lembrar que, aínda que a asistencia ás clases é un dereito e non unha obriga, a asiduidade é fundamental para garantir a aprendizaxe e a aplicación do sistema de avaliación. Por esta razón, o docente poderá excluír do réxime de avaliación continua aquel alumnado que *de forma non xustificada* falte a máis de tres sesións no cuadrimestre. O alumnado excluído do sistema de avaliación continua pasará a avaliarse polo réxime de avaliación única.

A nota final obtida figurará na acta da convocatoria da primeira edición de actas. O alumnado suspenso deberá presentarse á convocatoria da segunda edición de actas (xuño-xullo de 2020) e realizar todas as tarefas en que consista esa proba.

Réxime de avaliación única

O alumnado de avaliación única que desexe presentarse a esa convocatoria deberá presentarse na aula na data oficial de exame fixada polo Vicedecanato de Organización Académica.

O exame non se realizará na aula, senón telematicamente. No día da convocatoria, unha vez establecida a lista do alumnado que se presenta, o docente dará as instrucións oportunas, fixará a data de entrega do exame e publicará a tarefa correspondente en Faitic.

O exame constará de tres partes:

- Unha proba de estudo de casos que recolle puntos transversais dos contidos do temario. Esta parte representará o 40% da nota total do exame.

- Unha proba de preguntas obxectivas basedas na comprensión dun documento. Esta parte representará o 30% da nota total do exame.

- Unha proba de resolución de problemas consistente na tradución para o galego ou o español de segmentos escollidos dun texto en francés. Esta parte representará o 30% da nota total do exame.

O alumnado de avaliación única que por razóns xustificadas ou polas súas circunstancias laborais non poida presentarse no día do exame poderá comunicarlle ó docente, mediante un correo electrónico a a súa intención de presentarse. Nese caso o docente comunicaralle por vía telemática as instrucións a seguir para que se poida presentar con normalidade.

O alumnado de avaliación única que non se presente o día da convocatoria oficial será cualificado con non presentado.

O alumnado de avaliación única que si se presente non poderá será cualificado con non presentado. Non entregar a proba dentro do prazo fixado será cualificado cun cero.

CONVOCATORIA DA SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO-XULLO DE 2020)

O exame da segunda edición de actas será o mesmo tanto para o alumnado de avaliación continua suspenso en maio-xuño como para o alumnado de avaliación única.

O alumnado que desexe presentarse a esa convocatoria deberá presentarse na aula na data oficial de exame fixada polo Vicedecanato de Organización Académica.

O exame non se realizará na aula, senón telematicamente. No día da convocatoria, unha vez establecida a lista do alumnado que se presenta, o docente dará as instrucións oportunas, fixará a data de entrega do exame e publicará a tarefa correspondente en Faitic.

O exame constará de tres partes:

- Unha proba de estudo de casos que recolle puntos transversais dos contidos do temario. Esta parte representará o 40% da

nota total do exame.

- Unha proba de preguntas obxectivas basedas na comprensión dun documento. Esta parte representará o 30% da nota total do exame.

- Unha proba de resolución de problemas consistente na tradución para o galego ou o español de segmentos escollidos dun texto en francés. Esta parte representará o 30% da nota total do exame.

O alumnado que por razóns xustificadas ou polas súas circunstancias laborais non poida presentarse no día do exame poderá comunicarlle ó docente, mediante un correo electrónico a a súa intención de presentarse. Nese caso o docente comunicaralle por vía telemática as instrucións a seguir para que se poida presentar con normalidade.

O alumnado que non se presente o día da convocatoria oficial será cualificado con non presentado.

O alumnado que si se presente non poderá será cualificado con non presentado. Non entregar a proba dentro do prazo fixado será cualificado cun 0.

OUTROS COMENTARIOS

Plaxio

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Corrección lingüística

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística en calquera das linguas empregadas.

Teledocencia

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de manterse informado do calendario das probas de avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Barthes, Roland, Histoire de la Civilisation Française, 1960, Annales. Économies, Sociétés, Civilisations, 15:5

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Español/V01G230V01620
Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Español/V01G230V01517
Tradución idioma 1, II: Francés-Español/V01G230V01505
Tradución idioma 1, III: Francés-Español/V01G230V01608
Relacións Internacionais/V01G230V01917
Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01619
Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01516
Tradución idioma 1, II: Francés-Galego/V01G230V01504
Tradución idioma 1, III: Francés-Galego/V01G230V01607

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209
Idioma moderno: Idioma 2, I: Francés/V01G230V01106
Tradución idioma 1, I: Francés-Galego/V01G230V01311
Tradución idioma 1, II: Francés-Galego/V01G230V01504

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución entre lingua A1 e lingua A2				
Materia	Tradución entre lingua A1 e lingua A2			
Código	V01G230V01501			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana			
Profesorado	Sotelo Dios, Patricia Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	lilianavalado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Única materia non especializada ao longo da carreira que combina a tradución do castelán cara ao galego. Os contidos estrutúranse en tres bloques: un introdutorio, outro sobre linguas de tradución castelá e galega e un último sobre a tradución editorial, e só se imparte unha introdución á práctica da tradución administrativa, xa que existe unha materia de especializada específica desta modalidade de tradución en cuarto curso do grao. Esta secuencialización de contidos permite adquirir coñecementos temáticos e lingüísticos de modo previo a iniciarse no traballo tradutolóxico na combinación castelán-galego-castelán, é dicir, a práctica da tradución correspóndese cun 50% na dirección de castelán a galego e 50% de galego a castelán.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada	
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• Saber estar / ser
CE17	Capacidade de tomar decisións	• Saber estar / ser
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber • saber facer
CE21	Rigor e seriedade no traballo	
CE22	Destrezas de tradución	
CE27	Capacidade de razoamento crítico	
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística	
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia	• saber
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber • Saber estar / ser
CT7	Toma de decisións	
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	
CT12	Traballo en equipo	• saber facer
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber facer
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber • saber facer • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Identificación e análise dos problemas de tradución que presentan os diferentes campos temáticos do saber producidos nas liñas de xestión que designan os materiais educativos e non educativos editados por unha empresa editorial en linguas castelá e galega	CE8 CE9 CE22
Desenvolvemento da autonomía no traballo profesional a través da simulación de encomendas profesionais respectando os parámetros de calidade	CE3 CE9 CE17 CE18 CE21 CE22

Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	CE3 CE4 CE5 CE18 CE27 CE33 CT1
Capacidade para simular un protocolo de tradución editorial	CE10 CE21 CE22 CE33 CT7 CT8 CT12
Destrezas prácticas da tradución xeral do galego ao castelán e do castelán ao galego	CE3 CE4 CE22 CE28 CT1 CT22
□□□□□□ □□□□Crear espírito crítico e autocrítico para desenvolver a fase de revisión.	CE18
Aprender a traballar e traballar en equipos de carácter transdisciplinar, emulando o traballo profesional	CT12
Adquirir un compromiso deontolóxico ante o labor tradutor, tendo presentes os parámetros de calidade na tradución	CE9 CE17 CT15

Contidos	
Tema	
Tema 1: Coñecementos temáticos básicos Tema 2: Iniciación á práctica profesional da tradución editorial e administrativa Tema 3: Clasificación e características específicas dos textos editoriais traducidos Tema 4: Linguas da tradución: castelán e galego Tema 5: Tradución editorial: práctica	1.1 Introdución a unha panorámica do sector editorial: edición traducida galego-castelán/castelán-galego 2.1 Introdución aos aspectos profesionais da profesión: códigos deontolóxicos, asociacións profesionais, facturación 2.2 Encomenda de tradución, proceso de tradución e entrega da tradución 3.1 Introdución aos aspectos contrastivos da tradución editorial xeral castelán-galego-castelán 4.1 Control de calidade, corrección e revisión de traducións: baremo 5.1 O proceso de tradución coas súas dificultades e estratexias 5.2 Tradución de materiais editoriais pertencentes a diversos ámbitos do saber con diversas técnicas: tradución á vista, autotradución e tradución de textos 5.3 Simulación do proceso de tradución editorial cara ao galego: do TO ao TM

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	20	30
Actividades introdutorias	8	20	28
Debate	12	21	33
Prácticas de laboratorio	15	35	50
Exame de preguntas obxectivas	1.5	3	4.5
Práctica de laboratorio	1.5	3	4.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	O peso das sesións maxistrais serve de introdución a cada un dos temas citados no apartado de contidos. Concéntranse en maior medida nas actividades de tradución previstas dos temas últimos. As clases teóricas e prácticas compleméntanse con titorías en grupo nas que se propoñen traballos colectivos de tradución. Trátase de fomentar a autoaprendizaxe coa elaboración conxunta de encomendas curtas.

Actividades introdutorias	Os primeiros temas inclúe contidos introdutorios tanto ao contexto da tradución editorial no par de linguas castelán e galego, como á súa teoría tradutolóxica. Neste senso, exporase e ampliarase (en función do ritmo da aula) parte das referencias bibliográficas, así como tamén se impartirán oralmente contidos dos que o alumnado deberá tomar apuntamentos, xa que se trata de materia obxecto de avaliación. A impartición estará principalmente constituída por traballos do profesorado encargado da materia (entre outras e outros especialistas). Estas obras aparecen cientificamente recensionadas, tal e como quedará exposto ao longo do curso.
Debate	As revisión e corrección das encomendas de tradución (prácticas de laboratorio) durante as sesións. Nos casos nos que estas revisión e corrección non sexan avaliacións individualizadas, previa indicación da profesora, serán en grupos simulando a práctica do traballo de traducir en grupos ou equipos de tradución, tal e como sucede no ámbito real profesional. A participación nestes debates será anotada pola docente e formará parte da cualificación.
Prácticas de laboratorio	Para determinar o nivel inicial do alumnado nas prácticas de laboratorio (práctica de tradución) realizarase unha proba piloto ou proba de nivel, cuxo obxectivo é cualificar a competencia tradutora. As clases prácticas estrutúranse conforme ás horas de docencia que se dedican ás actividades previstas para a comparación de traducións, retrotradución e iniciación. Prevese que a docente revise textos corrixidos previamente na aula para ponderar a calidade das traducións, a comprensión das súas explicacións e detectar posibles alternativas de tradución ou erros que non saísen na corrección anterior. Nelas incidirase na evolución de resultados da encomenda, orientará futuras encomendas e proporanse tarefas alternativas de reforzo. A docente terá a oportunidade de observar a metodoloxía de traballo e orientará as tarefas auxiliares á tradución. As clases teóricas e prácticas compleméntanse con titorías en grupo. Trátase de fomentar a autoaprendizaxe coa elaboración conxunta de encomendas curtas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	As prácticas implican revisión e corrección durante as sesións.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Prácticas de laboratorio	Unha proba de tradución castelán-galego e/ou galego-castelán, individualizada. Proba con dicionario. As características aparecen indicadas no apartado "Outros comentarios e segunda convocatoria".	30	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9 CE10 CE17 CE18
Lección maxistral	Materia impartida nas sesións plenarias a cargo da docente, é dicir, os apuntamentos tomados polo alumnado e os textos da teoría e contextualización. Proba individualizada sen consulta de materiais, nin dicionarios. Poderá ser unha proba de resposta longa ou tipo test, previa indicación da profesora ao longo do curso.	20	CE21 CE22 CE27 CE28
Actividades introdutorias	Materia impartida nas sesións plenarias a cargo da docente, é dicir, os apuntamentos tomados polo alumnado e os textos da introdución. Proba individualizada sen consulta de materiais, nin dicionarios.	10	CE33 CT1 CT7
Debate	Revisión e corrección na aula das traducións encomendadas mediante a participación fundamentada do alumnado.	10	CT8 CT22
Exame de preguntas obxectivas	Actividades (resumos de lecturas ou vídeos) de entrega sobre contidos impartidos durante o curso. Probas individualizadas, con entrega a través de Faitic.	10	CT15 CT22
Práctica de laboratorio	Tradución castelán-galego e galego-castelán, individualizada. Proba con dicionario	20	CT12 CT15 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

a) Avaliación continua e única

O alumnado poderá adherirse a **un dos dous sistemas de avaliación** estimados, é dicir, **avaliación continua** (v. **1**) ou

avaliación única (v. **2**)

1 Avaliación continua: para o alumnado que realice as 2 probas examinatorias de máis abaixo, así como que entregue as actividades solicitadas ao longo do curso.

As **actividades** obxecto de entrega e avaliación serán:

-- **resumo individual en galego** dun dos procesos de tradución que aparecen na bibliografía, que se presentará e describirá durante as sesións (a cualificación será numérica): **15%. A entrega é non presencial a través de Faitic, durante a semana de 7 a 14 de outubro.**

-- **revisión e corrección xustificadas individuais dunha tradución** (a cualificación será numérica): **20%.A entrega é presencial, durante a segunda sesión da semana de 18 a 21 de novembro.**

Así mesmo, para superar a materia e facer media, é imprescindible aprobar tamén as **dúas probas examinatorias** que se realizarán ao longo do curso (metade e final de curso). **A primeira proba (45%) será durante a segunda sesión da semana de 28 a 31 de outubro e c**ontará cunha parte teórica (contexto, introdución, teoría, procesos, ética...) e unha proba práctica (tradución (300 palabras máximo) con dicionario). **A segunda (20%)** consistirá na realización dunha tradución (600 palabaras máximo) ao final de curso **(durante a penúltima sesión de aula).**

No caso de suspender unha delas (entrega de actividades ou probas de exame), gardarase a aprobada até o exame oficial de xullo (data oficial).

2 Avaliación única:

Existen dúas convocatorias: **en decembro (na data oficial de exame fixada pola FFT)** e **en xullo (igualmente, na data oficial).** As probas consisten en:

 proba teórica: conformada a partir dos contidos de **"[lectura obrigatoria]"** que aparecen en Faitic (e dispoñibles na biblioteca). A extensión será acorde co tempo de exame. Proba individualizada sen consulta de materiais, nin dicionarios. Será unha proba de tipo test. O alumnado será penalizado con -0.2, no caso de resposta incorrecta;

 proba práctica 1: tradución con dicionario (galego-castelán) de textos tematicamente vinculados aos empregados nas prácticas (e dispoñibles a través de Faitic). A extensión será acorde co tempo de exame;

 proba práctica 2: tradución sen dicionario (castelán-galego) de textos tematicamente vinculados aos empregados nas prácticas (e dispoñibles a través de Faitic). A extensión será acorde co tempo de exame.

En ningún caso, as probas serán compensatorias entre elas. A cualificación de aprobado/a acadaraa quen supere todas e cada unha delas.

c) Baremo e outros comentarios
*O **baremo** é o seguinte:*

1 Exercicio de proba teórica sobre lecturas: *resposta incorrecta: -0,2.*

Os erros ortograficogramaticais así como os tipográficos tamén descontan nesta parte, tal e como aparece a continuación.

2 Exercicio de tradución*:*
Sen sentido (SS): -1,00

Contrasentido (CS): -1,00

Falso sentido (FS): -1,00

Omisións (Om): -1,00

Erro de gramática (G): -0,50

Erro de sintaxe (S): -0,50

Erro de ortografía (O): -0,25

Non idiomático ou erro de estilo (E): -0,15

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.
A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ACT, La importancia del español y su traducción multilingüe en la empresa., AENOR., 2006, Madrid:

Bibliografía Complementaria

ISO, UNE-EN ISO 17100:2015. Servicios de traducción. Requisitos para los servicios de traducción., AENOR, 2015, Madrid

Buján, P. e outros, RE-)WRITING THE MARGIN. TRANSLATION AND GENDER IN GALICIAN LITERATURE, UA, 2011, Alacante

ISO, UNE-EN ISO 17100:2015. Servicios de traducción. Requisitos para los servicios de traducción., AENOR, 2015, Madrid

Valado, L., Lingua da edición en Galicia, UVI, 2012, Vigo

Cortizas, A., Enciclopedia dos xogos populares., Galinova, 2004, A Coruña

Even-Zohar, I., A posición da tradución literaria dentro do polisistema literario, UVI, 1996, Vigo

ernández Rodríguez, A., O papel da tradución no sistema lingüístico e literario nacional: o ámbito galego, Galaxia, 1995, Vigo

Galanes Santos, I., O galego como lingua de especialidade, CCG, 2002, Santiago

González Millán, X, Cara a unha teoría para sistemas literarios 'marxinais'. A situación galega, UVI, 1995, Vigo

Luna Alonso, A., De nós cara a outras linguas, Xunta de Galcia, 2008, Santiago

Noia Campos, M C, Historia da tradución en Galicia no marco da cultura europea, UVI, 1995, Vigo

Valado, L., Quen traduce en Galicia?, Xunta de Galicia, 2008, Santiago

Valado, L., Xestión de proxectos de tradución editorial. Fase 1: Do texto orixinal ao texto meta sen editar. Fase 2: Do texto meta editado á produción do texto meta definitivo., [facilitarase o guión durante a proxección en aula, [no prelo],

Valado, L., Lingua da edición en Galicia". En Tradución na edición de libro de texto. Proposta de protocolo de actuación do castelán ao galego na procura de calidade, UVI, 2012, Vigo

VV.AA., Criterios para o uso da lingua., UDC, 2006, A Coruña

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701
Prácticas externas: Prácticas en empresas e organismos/V01G230V01981
Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01926
Tradución especializada lingua A1-lingua A2/V01G230V01930

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01102
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313
Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518
Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego				
Materia	Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01502			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a				
Profesorado	Gómez López, Elisa			
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	Teoría e práctica da tradución inglés-galego (tradución directa).			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber • saber facer
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber • saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber • saber facer
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber • saber facer
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber • saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber • saber facer
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• saber facer
CE14	Dominio de ferramentas informáticas	• saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer • Saber estar / ser
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• Saber estar / ser
CE22	Destrezas de tradución	• saber • saber facer
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• saber • saber facer
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia	• saber • saber facer

CT4	Resolución de problemas	• saber • saber facer
CT5	Coñecementos de informática aplicada	• saber • saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber • saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber facer • Saber estar / ser
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	• saber facer • Saber estar / ser
CT9	Razoamento crítico	• saber facer • Saber estar / ser
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT12	Traballo en equipo	• saber facer • Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT18	Creatividade	• saber facer • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Profundizar no coñecemento das dúas linguas de traballo, inglés (Idioma I) e galego (Lingua I), sobre todo nos niveis lexical, morfosintáctico e textual.	CB1 CB3 CB4 CB5 CE1 CE3 CE4 CE18 CE27 CE33 CT9
Analizar textos desde o punto de vista do tradutor profesional, determinándose, así, á vista do correspondente escopo da tradución, o tipo e as estratexias de tradución máis adecuados.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE17 CE27 CE32 CT7 CT9
Ser capaz de recoñecer nun texto-fonte escrito en inglés, e en relación á lingua e á comunidade sociocultural de chegada (galegas), as estruturas lexicais e morfosintácticas e os trazos textuais e culturais que, no cadro da correspondente tradución (instrumental ou documental), se revelarán críticos ou problemáticos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE17 CE18 CE25 CE27 CT10

Ser capaz, autónoma e eficazmente, de detectar e analizar problemas tradutivos e de aplicar as pertinentes estratexias tradutivas no cadro da tradución instrumental para galego de textos pragmáticos, non especializados, compostos en inglés e pertencentes a diversos xéneros e campos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE3 CE4 CE10 CE17 CE18 CE22 CE27 CT7 CT9 CT12 CT14
Ser capaz de utilizar con proveito as diversas fontes de información e ferramentas de traballo de que hoxe dispón o tradutor profesional, tanto as tradicionais como as encadradas nas TIC.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE8 CE14 CE22 CT4 CT5 CT6 CT9
Fomentar a curiosidade intelectual e o espírito crítico en relación ao uso das linguas, ben como desenvolver un concepto profesional da actividade tradutiva, conforme o cal o tradutor actúe como mediador cultural orientado por principios deontolóxicos e de calidade.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE4 CE10 CE21 CE32 CT8 CT9 CT12 CT14 CT18

Contidos	
Tema	
Caraterización da tradución no seu encadramento sociocultural e profesional	Participantes e factores envolvidos no proceso da tradución profesional. Análise textual do tradutor. Tipoloxía da tradución: a tradución instrumental. Modificacións substanciais na tradución comunicativa e tratamento tradutivo das discordancias interculturais.
Restauración estrutural e potenciación expresiva do galego en canto lingua meta da tradución	Degradación e rexeneración do léxico galego: habilitación en galego do léxico moderno, culto e de especialidade. Estruturas morfosintácticas críticas na tradución inglés-galego (colocación do pronome átono, infinitivo flexionado, futuro do conxuntivo, voz pasiva, nexos de relativo, oracións condicionais, perfectividade, formación dos complementos directo e indirecto).
Análise dos problemas e das estratexias da tradución instrumental de textos pragmáticos de inglés para galego	Utilización dos dicionarios por parte do tradutor. Introdución á tradución de textos pertencentes aos (sub)xéneros «artigo de enciclopedia xeral», «anuncio publicitario», «artigo xornalístico», «artigo de divulgación científica», «conto infantil», etc.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	10	20	30
Resolución de problemas	8	18	26
Estudo de casos	26	52	78
Traballo tutelado	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Tomada de contacto co alumnado e apresentación da disciplina.
Lección maxistral	Presentación dos temas teóricos do programa.
Resolución de problemas	Análise e resolución colectiva de exercicios que visan desenvolver no alumnado competencia expresiva e destrezas metodolóxicas.
Estudo de casos	Presentación e análise de casos ou situacións máis habituais na práctica profisional mediante a realización de encomendas de tradución individuais.
Traballo tutelado	Realización e exposición pública por parte de equipas integradas por c. 6 alumnos dun traballo consistente na tradución comentada dun texto pragmático.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Traballo tutelado	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Estudo de casos	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Resolución de problemas	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Elaboración en equipo e exposición pública dun traballo consistente na tradución comentada dun texto.	35	CB2 CB3 CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE10 CE14 CE17 CE18 CE22 CE27 CE33 CT4 CT5 CT7 CT9 CT12 CT14 CT18

Estudo de casos	Realización de modo autónomo e individual dunha encomenda de tradución, a cal trata de reproducir as condicións da práctica profesional.	35	CB1 CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE14 CE17 CE18 CE22 CE27 CT5 CT7 CT8 CT9 CT14 CT18
Resolución de problemas	Proba teórico-práctica sobre os contidos tratados nas sesións maxistrais e manexados nos exercicios.	30	CB2 CE1 CE3 CE4 CE18 CE22 CE33 CT4 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

A presente disciplina pode cursarse, na primeira convocación anual, en rexime de *avaliación continua* (en que se evaluará fundamentalmente a adquisición de competencia tradutiva e a participación regular e activa nas aulas) ou de *avaliación única* (exame oficial). No entanto, na convocación de xullo só é posíbel o réxime de avaliación única (exame oficial).

Na primeira convocación anual, enténdese que un/unha alumno/a opta polo rexime de avaliación continua (o máis recomendábel nesta disciplina) cando realiza algunha das actividades da avaliación continua (proba teórico-práctica, encomenda de tradución individual, traballo en equipo). Para superar a avaliación continua, o/a alumno/a deberá obter o aprobado na media aritmética ponderada das clasificacións na proba teórico-práctica, na encomenda de tradución individual e no traballo en equipo; non obstante, no caso de a media aritmética das clasificacións na proba teórico-práctica inicial e na encomenda de tradución individual sexa inferior a 4,6 puntos, a clasificación global coincidirá con esa media de dúas clasificacións. Os alumnos que non superaren a avaliación continua mediante as actividades referidas deberán realizar a parte ou partes pertinentes do exame oficial da convocación de xullo, con conservación, dentro do mesmo ano lectivo, da clasificación da parte eventualmente aprobada na avaliación continua, ou acollérense aos réximes de avaliación de ulteriores convocatorias. (A proba teórico-práctica inicial será realizada durante a terceira semana lectiva de novembro, a encomenda de tradución individual será lanzada na primeira semana de decembro e o traballo en equipo será exposto e entregado na terceira semana de xaneiro).

O exame oficial da disciplina (convocatorias de decembro [data, hora e lugar establecidos polo Decanato] e xullo [data, hora e lugar establecidos polo Decanato]) consta dunha parte teórica en galego (50 % da clasificación) e doutra práctica (50 %), a cal consiste na tradución para galego, a realizar no prazo de varios días no cadro dunha encomenda de tradución.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AA.VV., Dicionário de Inglês-Português, 5.ª ed., Porto Editora / www.infopedia.pt, 2009, Porto

GARRIDO, Carlos, «Estratégia para a habilitaçom em galego do léxico especializado e culto», LECTURA OBRIGATORIA, Através Editora, 2006, En: Por um Galego Extenso e Útil: páx. 105-143

Bibliografía Complementaria

AA.VV., Dicionário Visual Verbo. Português, Francês, Inglês, 1.ª ed., Editorial Verbo, 1995, Lisboa/São Paulo

GÓMEZ GUINOVART, Xavier, Alberte ÁLVAREZ LUGRÍS e Eva DÍAZ RODRÍGUEZ, Dicionario Moderno Inglés-Galego, 1.ª ed., 2.0 Editora, 2012, Milladoiro (Ames)

AA.VV., Webster's Third New International Dictionary, 1.ª ed., Merriam-Webster, 1986, Chicago

STEVENSON, Angus (dir.), Shorter Oxford English Dictionary, 6.ª ed., Oxford University Press, 2007, Oxford

AA.VV., Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea, 1.ª ed., Porto Editora / www.infopedia.pt, 2015, Porto

GARRIDO, Carlos, Léxico Galego. Degradaçom e Regeneraçom, 1.ª ed., Edições da Galiza, 2011, Barcelona

HOUAISS, Antônio, Mauro DE SALLES VILLAR e Francisco Manoel DE MELLO FRANCO (dir.), Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa, 1.ª ed., Editorial Objetiva, 2002, Rio de Janeiro

Real Academia Galega, Dicionario da Real Academia Galega, 3.ª ed., www.academia.gal, 2013-, Coruña

COSTA CASAS, X. X., M. A. GONZÁLEZ REFOXO, C. C. MORÁN FRAGA e X. C. RÁBADE, Nova Gramática para a Aprendizaxe da Língua, 1.ª ed., Vía Láctea, 1988, Coruña

La bibliografía se completará en clase,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego/V01G230V01605

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309

Outros comentarios

Recoméndase frecuentar todas as cadeiras da combinación lingüística inglés-galego.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 1, II: Inglés-Español				
Materia	Tradución idioma 1, II: Inglés-Español			
Código	V01G230V01503			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Méndez González, Ramón			
Profesorado	Méndez González, Ramón			
Correo-e	ramonmendez83@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Esta materia é continuación de "Tradución idioma 1,I: inglés-español" (directa) e concíbese como un espazo didáctico no que o alumno ha de afianzar os obxectivos alcanzados en segundo curso. Ademais, o estudante adquirirá competencia na resolución de problemas relacionados coa ideoloxía nos textos e coa aparición doutros códigos diferentes do lingüístico (musical, visual) e iniciaráselle no mundo profesional da tradución, no que entrará de cheo no seguinte cuadrimestre. Dáse por suposto que o alumno posúe bos coñecementos das linguas e culturas de traballo, que sabe deseñar estratexias xerais de tradución, detectar e resolver problemas de tradución, que coñece as fontes documentais básicas para a tradución, que é capaz de levar a cabo de forma apropiada o proceso de tradución e de defender o seu traballo.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	
CE21	Rigor e seriedade no traballo	
CE22	Destrezas de tradución	• saber facer
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• saber facer
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira	
CT4	Resolución de problemas	• saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber facer
CT9	Razoamento crítico	
CT12	Traballo en equipo	• Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	• saber
CT18	Creatividade	
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer
CT23	Capacidade de traballo individual	

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
O alumno será capaz de analizar o xénero e rexistro do TO e o encargo de tradución co fin de deseñar unha estratexia de tradución apropiada	CE4 CE17 CE22 CT4 CT7 CT17 CT22

O alumno será capaz de detectar problemas de tradución e resolvelos escollendo, entre as diversas posibilidades, a máis apropiada	CE17 CE18 CE22 CT4 CT7 CT9 CT15 CT17 CT23
O alumno manexará as fontes documentais básicas para a tradución inglés-español de textos xerais	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CT2 CT7
O alumno será capaz de levar a cabo de forma apropiada o proceso de tradución de textos ingleses de xéneros diferentes e saberá defender o seu traballo	CE1 CE4 CE17 CE18 CE21 CE22 CE27 CT7 CT9 CT12 CT14 CT15 CT17 CT18 CT22 CT23
O alumno terá unha primeira toma de contacto co mundo profesional do mediador	CE9

Contidos	
Tema	
Unidade 1. Estratexias e resolución de problemas de tradución II.	1.1. A tradución de literatura para mozas
Unidade 2. Tradución en distintos ámbitos e resolución de problemáticas específicas.	2.1. A tradución subordinada 2.2. A tradución de banda deseñada 2.3. A tradución de publicidade impresa 2.4. A tradución de cancións 2.5. A tradución de videoxogos
Unidade 3. Formación e acceso ao mercado laboral.	3.1. A formación e a profesión de tradutor/a 3.2. Acceso ao mercado laboral

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	11	0	11
Resolución de problemas	25	0	25
Estudo previo	0	15	15
Lección maxistral	12	18	30
Actividades introdutorias	2	0	2
Seminario	2	0	2
Resolución de problemas de forma autónoma	0	21	21
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14
Traballo	0	30	30
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballo tutelado	Proporanse actividades para que o alumnado poña en práctica o asimilado en clase ou a través das lecturas recomendadas. O obxectivo destes traballos é fomentar a aprendizaxe, a capacidade de traballo en equipo e potenciar as habilidades para a resolución de problemas, pero sempre baixo a tutela do mestre.

Resolución de problemas	Tras as sesións teóricas, o alumnado traballará na aula con diversos exercicios, de diversas lonxitudes, que estarán baseados na resolución de problemas dentro de distintos ámbitos da tradución. Devanditos exercicios poderán ser tanto de tradución como de revisión, os cales se resolverán de xeito individual ou en pequenos grupos.
Estudo previo	O alumno terá á súa disposición unha bibliografía completa dos temas tratados ao longo do curso, a cal se complementará coas sesións teóricas e serán os alicerces básicos da materia.
Lección maxistral	Nas sesións maxistrais explicaranse os puntos teóricos fundamentais de cada un dos temas, para a súa posterior práctica tanto dentro como fóra da aula. O alumno terá que ter en conta esta teoría á hora de afrontar as diversas prácticas.
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial desta materia dedicarase a explicar con detalle os obxectivos que se pretenden alcanzar, o temario, a forma na que se desenvolverá a docencia e os procedementos de avaliación.
Seminario	Nas titorías grupais comentaranse e revisaranse os exercicios e as entregas da materia.
Resolución de problemas de forma autónoma	Ademais do traballo en clase, o alumnado terá tamén actividades para traballar en casa individualmente, nos que terán que aplicar e familiarizarse cos aspectos teóricos presentados nas aulas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	O profesor estará a disposición do alumnado tanto en clase como en horas de titorías (presenciais ou telemáticas) para resolver dúbidas.
Traballo tutelado	O profesor estará a disposición do alumnado tanto en clase como en horas de titorías (presenciais ou telemáticas) para resolver dúbidas.
Resolución de problemas	O profesor estará a disposición do alumnado tanto en clase como en horas de titorías (presenciais ou telemáticas) para resolver dúbidas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	A participación activa na aula medirase polo labor realizado nos traballos de aula e na resolución de problemas.	5	CE3 CE4 CE8 CE18 CT12 CT22
Resolución de problemas	A participación activa en clase medirase polo traballo realizado nas actividades de resolución de problemas e/ou exercicios	5	CE3 CE4 CE8 CE18 CT12 CT22
Exame de preguntas de desenvolvemento	1) Exame tipo test con aspectos teóricos e pequenos exercicios de resolución de problemas. (20%) 2) Práctica de tradución dun dos ámbitos tratados na materia. (40%) Ambos se realizarán o último día de clase.	60	CE3 CE4 CE8 CE9 CE17 CE18 CE22 CT4 CT7 CT14 CT15 CT17 CT22

Traballo	Realizarase un traballo a metade de curso (semana 7) que consistirá nunha tradución cun comentario sobre a mesma.	30	CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE21 CE22 CE27 CT4 CT7 CT9 CT14 CT17 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Esta materia é presencial e a súa avaliación continua (as probas e porcentaxes da avaliación continua son os arriba especificados). No entanto, se algún alumno, por motivos xustificados, non pode seguir a avaliación continua, deberá presentar nas dúas semanas seguintes ao día no que se matricule un xustificante especificando este particular. Nese caso, para ser avaliado na primeira edición de actas deberá ir a avaliación única na data especificada no calendario de exames aprobado en Xunta de Facultade. A proba consistirá en: unha tradución con presión de tempo (35%), un exame teórico dos contidos da materia (35%) e a entrega dun encargo (30%). Para superar esta proba é necesario aprobar as tres partes da mesma.

CONVOCATORIA DE XULLO

Os alumnos que sigan o sistema de avaliación continua e non alcancen a nota mínima presentaranse en xullo ás partes non superadas na data especificada no calendario de exames. As partes aprobadas só se gardarán ata a edición de xullo.

Os alumnos que sigan o sistema de avaliación única e non superen a materia na primeira edición de actas presentaranse á proba fixada no calendario de exames, que consistirá en: unha tradución con presión de tempo (35%), un exame teórico dos contidos da materia (35%) e a entrega dun encargo (30%). Para superar esta proba é necesario aprobar as tres partes da mesma.

Todas as probas realizaranse na lingua termo da combinación da materia.

Con respecto á avaliación de traballos e proxectos, se se detecta que estes (ou algunha das súas partes) son plaxios, a cualificación dos mesmos será 0.

É responsabilidade do alumno consultar os materiais e novidades a través da plataforma de teledocencia FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

ALUMNADO ERASMUS

Necesítase nivel B2 de lingua A español. Realizarase unha proba de nivel as primeiras semanas do curso.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez, G., O tratamento dos ideofones na tradução de manga, 2016,

Biel, L., Working for translation agencies as a freelancer: a guide for novice translators, 2008, Translation Journal, 12:2

Epstein, J., Educating the customer, 2006, Translation Journal, 10:4

Ricagno, M. A., The management by the freelance translator. Practical rules to schedule your workday and activities, 2011, Translation Journal, 15:1

Hatim, B., The method in their adness: the juggling of texts, discourses and genres in the language of advertising and implications for the translator, 1, Publicacións Universidat Jaume I, 1996, La enseñanza de la traducción

Luna, A. y Montero, S. [eds.], Tradución e política editorial de literatura infantil e xuvenil, Servizo de publicacións da Universidade de Vigo, 2006,

Mayoral, R., Formas inarticuladas y formas onomatopéyicas en inglés y en español. Problemas de traducción, 1992, Sendebar, 3

Mayoral, R., Kelly, D. and Gallardo, N., Concept of constrained translation. Non-linguistic perspectives of translation, 1988, Meta 33(3)

Méndez, R. y Calvo-Ferrer, J.R., Videojuegos y [para]traducción: aproximación a la práctica localizadora, Comares, 2017,

Pàmies, B., La Traduction de la Chanson: Problèmes Rythmiques, 1990, Sendebar, 1

Valero, C., La traducción del cómic: retos, estrategias, resultados, 2000, Trans

Bibliografía Complementaria

La bibliografía se completará en clase,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, III: Inglés-Español/V01G230V01606

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 1, I: Inglés-Español/V01G230V01310

Outros comentarios

A bibliografía desta materia completarase nas aulas.

O plaxio será duramente castigado, xa sexa plaxio parcial ou total, en calquera dos traballos entregados ou no exame. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá da responsabilidade do alumno neste aspecto.

É moi importante a corrección lingüística. Neste punto dos estudos, considérase que o nivel lingüístico é elevado e os erros ortográficos serán moi penalizados.

Recoméndase que o alumnado estea atento a FAITIC ante posibles novidades, notas ou anuncios que se poidan facer.

Para a procura bibliográfica e outras fontes documentais, recoméndase acudir á biblioteca, onde hai dispoñibilidade das mesmas.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 1, II: Francés-Galego				
Materia	Tradución idioma 1, II: Francés-Galego			
Código	V01G230V01504			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Fernández Ocampo, Anxo			
Correo-e	valquente@gmail.com			
Web	http://http://paratraduccion.com/ocampo			
Descrición xeral	Esta materia pretende desenvolver e afianzar unha competencia tradutora entre o francés e o galego que permita unha posterior profundización en diferentes ámbitos de especialidade. Esta meta conseguirase mediante obxectivos metodolóxicos e profesionais para ofrecer ferramentas, estratexias e solucións ás circunstancias xerais da actividade tradutora do francés ó galego.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• Saber estar / ser
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer • Saber estar / ser
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE22	Destrezas de tradución	• saber • saber facer
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• Saber estar / ser
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• saber facer
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia	• saber
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira	• saber
CT4	Resolución de problemas	• saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber facer
CT9	Razoamento crítico	• saber facer
CT15	Aprendizaxe autónoma	• Saber estar / ser
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	• saber
CT18	Creatividade	• saber facer
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer • Saber estar / ser
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Coñecer as linguas de traballo, francés (idioma I) e galego (lingua I), a nivel gramatical, léxico e fraseolóxico, e ser capaz de analizar as diferenzas e similitudes de ambos os sistemas lingüísticos.	CB1 CE4 CE33 CT2 CT22
Comprender textos redactados na lingua de partida tanto a nivel comunicativo como a nivel cultural. Coñecer a historia e as culturas das dúas linguas co fin de entender perfectamente os textos así como dominar os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais.	CB1 CE2 CE4 CT2 CT15 CT17 CT23
Afondar na estrutura e os principios organizadores dun texto. Diferenzar os diferentes tipos de texto (literarios, publicitarios, xornalísticos...) e as súas características (argumentativos, expositivos...).	CB2 CB3 CE4 CE8 CE18 CT22 CT23
Saber traducir un texto sen interferencias. Identificar os participantes no proceso de tradución e a función comunicativa do texto. Analizar textos con vistas á súa tradución. Coñecer e empregar as distintas técnicas e estratexias de tradución. Traducir textos non especializados. Identificar os problemas de tradución e aprender a resolvelos. Traballar con textos paralelos. Manexar as ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña e en papel...). Identificar problemas ortotipográficos e aprender as estratexias e normas para resolvelos. Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Coñecer as normas de presentación de tradución. Coñecer o mercado laboral. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	CB4 CB5 CE17 CE18 CE22 CE24 CE27 CT4 CT7 CT9 CT15 CT18 CT22 CT23

Contidos	
Tema	
1. Tradución do francés cara ó galego	Estratexias de tradución e análise contrastiva de traducións.
2. O proceso de tradución entre o francés e o galego	Elaboración de encomendas e xestión de proxectos de tradución.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	4	6
Lección maxistral	12	24	36
Obradoiro	11	11	22
Saídas de estudo	6	12	18
Resolución de problemas	17	51	68

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades para tomar contacto co alumnado e para presentar a materia en relación ós obxectivos, contidos, actividades que se levarán a cabo e a avaliación.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que deberá desenvolver o alumnado.
Obradoiro	Os obradoiros son a principal ferramenta diagnóstica. Neles proporanse traducións dirixidas, co fin de tentar a competencia tradutora do alumnado. Ó mesmo tempo, as traducións dirixidas permitirán familiarizarse co método de traballo e de avaliación do profesor.

Saídas de estudo	O grupo de estudantes, orientado polo docente, percorrerá lugares ou instalacións e/ou visitará exposicións ou eventos relacionados cos contidos da materia. O obxectivo da saída de estudo é de identificar e analizar produtos ou prácticas reais de tradución en medio urbano, público ou privado (dependendo da autorización correspondente). Para a saída contarase cos medios económicos e co apoio loxístico que facilitará a Universidade de Vigo. A presencialidade (6 horas) corresponde a 3 sesións de dúas horas que non se impartirán na aula. Nesta ocasión, a docencia trasladarase fóra do campus, ó lugar da saída de estudo. De non ser posible organizar a saída por dificultades de organización co espazo receptor, as horas correspondentes destinaranse a obradoiros, e as actividades que neles se fagan contarán para a nota do curso, na porcentaxe prevista.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan situacións e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Prestaraselle ó alumnado atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Obradoiro	Prestaraselle ó alumnado atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Saídas de estudo	Prestaraselle ó alumnado atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Realizaranse e entregaranse 4 encomendas de tradución características do tipo de dificultades que se abordan na aula. Elaborarase unha nota media a partir das 3 mellores notas das 4 encomendas.	80	CB1 CB2 CB3 CE2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE33 CT2 CT4 CT7 CT9 CT18 CT22 CT23
Saídas de estudo	Serán valorados os textos (informes, redaccións, traducións, resumos etc.) xerados polo alumnado como resultado da súa experiencia na saída de estudos.	20	CB4 CB5 CE17 CE24 CE27 CT4 CT7 CT9 CT15 CT18 CT22 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

CONVOCATORIA DA PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (XANEIRO DE 2020)

Avaliación única

O alumnado de avaliación única deberá realizar un exame final e único fixado na data que sinale o calendario de exames da FFT. Este exame consistirá nunha tradución fr>gl con tempo limitado (2 horas). Esta proba representará o 100% da nota. A non ser que o docente sinale o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica para a realización da proba.

O alumnado de avaliación única que non se presente o día da convocatoria oficial será cualificado con non presentado. O alumnado de avaliación única que por razóns xustificadas ou polas súas circunstancias laborais non poida presentarse no día do exame poderá comunicarlle ó docente a súa intención de presentarse. Nese caso o docente comunicaralle por vía telemática as instrucións a seguir para que se poida presentar con normalidade.

Avaliación continua

Os resultados da avaliación obtéñense da se seguinte maneira:

a) Mediante a resolución de exercicios, baixo a forma de tradución de 4 encomendas (80% da nota final). A nota media dese bloque metodolóxico calcularase a partir das 3 mellores notas das 4 encomendas. A primeira encomenda deberá entregarse na segunda quincena de setembro, a segunda encomenda na segunda quincena de outubro, a terceira na primeira quincena de novembro e a cuarta na primeira quincena de decembro.

b) Mediante o resultado das respostas achegadas durante a fase de traballo de campo na saída de estudos (20% da nota final). No caso de que as circunstancias impedisen o desenvolvemento da saída de estudos, a porcentaxe da nota final correspondente a esta metodoloxía de avaliación (20%) transferirase para o bloque de tradución de encomendas. Estas pasarían logo a representar o 100% da nota final.

CONVOCATORIA DA SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO-XULLO DE 2020)

Avaliación única

O alumnado de avaliación única deberá realizar un exame final e único fixado na data que sinale o calendario de exames da FFT. Este exame consistirá nunha tradución fr>gl con tempo limitado (2 horas). Esta proba representará o 100% da nota. A non ser que o docente sinale o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica para a realización da proba.

O alumnado de avaliación única que non se presente o día da convocatoria oficial será cualificado con non presentado. O alumnado de avaliación única que por razóns xustificadas ou polas súas circunstancias laborais non poida presentarse no día do exame poderá comunicarlle ó docente a súa intención de presentarse. Nese caso o docente comunicaralle por vía telemática as instrucións a seguir para que se poida presentar con normalidade.

Avaliación continua

Lección maxistral	Trátase de clases teóricas nas que se expoñen os aspectos máis relevantes da teoría da interpretación. A profesora explicará os aspectos teóricos e o alumnado deberá realizar unhas lecturas obrigatorias e resumos orais sobre as mesmas que se incluirán na avaliación.
Traballo tutelado	Trátase de traballo práctico. Realizaranse actividades secuenciadas relacionadas coas principais estratexias para a interpretación de enlace así como exercicios prácticos de interpretación de enlace nos diferentes ámbitos. Á parte dos traballos realizados na aula, a profesora orientará ao alumnado sobre os traballos prácticos de interpretación que deberán facer pola súa conta, algúns dos cales serán avaliados.
Presentación	Actividade teórico-práctica. O alumnado fará unha exposición en grupo sobre os distintos ámbitos nos que leva a cabo a interpretación de enlace. As exposicións irán acompañadas dun roleplay e un glosario sobre o tema escollido por cada grupo.
Foros de discusión	Actividade práctica orientada á resolución de problemas e dúbidas, sobre todo de carácter técnico e terminolóxico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Durante as titorías individuais, a profesora orientará ao alumnado sobre o seu rendemento en clase e sobre o seu progreso na materia.
Presentación	Todos os grupos realizarán unha titoría colectiva antes da exposición en clase dos seus traballos.
Foros de discusión	A profesora fará un seguimento e moderará a participación do alumnado no foro de discusión.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	Todo o alumnado deberá realizar un resumo oral sobre un dos aspectos teóricos presentados durante as sesións maxistrais. As exposicións faranse durante a primeira quincena de outubro.	15	CE3 CE4 CE6 CE8 CE13 CE17 CE21 CT1 CT6 CT7

Traballo tutelado	O alumnado realizará e entregará un mínimo de 3 traballos de IE durante o cuadrimestre. Todo o alumnado deberá realizar unha proba que consistirá nunha IE y que será corrixida e avaliada. Dita proba realizarase na data de exame oficial fixada polo Decanato e será imprescindible ter polo menos un 5 na devandita proba para facer a media co resto de notas e aprobar a materia. No caso do alumnado que siga a avaliación continua dita proba será o 60% da nota. Para aqueles que non sigan a avaliación continua, dita proba será o 100% da nota.	60	CE1 CE2 CE3 CE4 CE6 CE8 CE13 CE17 CE20 CT4 CT6 CT7 CT10 CT11 CT15 CT22
Presentación	O alumnado en grupos realizará unha exposición en clase sobre algún dos ámbitos nos que leva a cabo a IE. Todos os membros dun mesmo grupo, recibirán a mesma cualificación pola exposición que realicen en clase. É importante, por tanto, traballar ben en equipo.	20	CE2 CE3 CE5 CE8 CE13 CE17 CE20 CT5 CT7 CT10 CT11
Foros de discusión	Todo o alumnado deberá achegar comentarios sobre dúbidas/problemas que xurdan durante o desenvolvemento da materia, mediante o uso do foro de discusión da plataforma TEMA. Será necesario realizar polo menos tres entradas "elaboradas" durante o curso para obter unha cualificación.	5	CE8 CE17 CT4 CT6 CT7 CT10 CT15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Dado o carácter práctico da materia, para a avaliación continua é moi recomendable acudir regularmente a clase e realizar todos os traballos de aula e exposicións que se detallan na presente guía. O alumnado que non asista regularmente a clase, deberá realizar os traballos descritos (resumo oral da parte teórica, traballo en grupo e exposición oral, interpretación de enlace e participación en foro de discusión).

O alumnado que renuncie á avaliación continua terá que facer un exame na data oficial que estableza o decanato. O exame consistirá na realización dunha interpretación de enlace sobre algún dos ámbitos incluídos no temario. A cualificación obtida no devandito exame será o 100% da cualificación final da materia e haberá que sacar como mínimo un 5 para aprobar a materia.

Na convocatoria extraordinaria de xullo o alumnado realizará un exame final na data oficial que estableza o Decanato e que consistirá na realización dunha interpretación de enlace sobre algún dos ámbitos incluídos no temario. A cualificación obtida no devandito exame será a cualificación final da materia e non se terán en conta as notas obtidas durante a avaluación continua. Haberá que sacar como mínimo un 5 para aprobar.

Aviso importante:

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BAIGORRI, J., La Interpretación de conferencias: el nacimiento de una profesión., 2000, Granada, Comares

BORJA ALBI, A. y DEL POZO TRIVIÑO, M. (eds.), La comunicación mediada por intérpretes en contextos de violencia de género. Guía de buenas prácticas para trabajar con intérpretes, 2015, Valencia, Tirant Lo Blanch

COLLADOS, A. y FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, MM, Manual de interpretación bilateral, 2001, Granada, Comares

DEL POZO, M. Y GÓMEZ, E., Tradución e interpretación nos servizos públicos e asistenciais de Galicia. Primeiros pasos en investigación, 2012, Vigo, Servicio de Publicaciones de la Universidad

GENTILE, A., OZOLINS y VASILAKAKOS, M., Liaison interpreting: A Handbook., 1996, Melbourne University Press, Melbourne

GILE, D., Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training, 2º ed. revisada 2009, Amsterdam/Philadelphia, John Benjamins Publishing

GILLIES, A., Note-Taking for Consecutive Interpreting-A Short Course, 2005, Manchester, St. Jerome Publishing

HALE, S., Community Interpreting, 2007, Palgrave Macmillan

LINKTERPRETING-Web de recursos para la interpretación de enlace, http://linkterpreting.uvigo.es/, 2012, Universidade de Vigo

TIPTON, R. & FURMANEK, O., Dialogue Interpreting A Guide to Interpreting in Public Services and the Community, 2016, Routledge

TOLEDANO BUENDÍA, C. y DEL POZO TRIVIÑO, M., Interpretación en contextos de violencia de género, 2015, Valencia, Tirant Lo Blanch

Marjory A. Bancroft, MA, Sofia Garcia Beyaert, MA, Katharine Allen, MA, Giovanna Carriero-Contreras,, The Community Interpreter®: An International Workbook of Activities and Role Plays, 2015, Culture & Language Press

SOS-VICS-Web de formación para intérpretes, http://sosvics.eintegra.es/, 2015,

Bibliografía Complementaria

LEON, M., Manual de Interpretación y Traducción, 2000, Publicaciones Luna

ROZAN, J.F., La prise de notes en interprétation consécutive, 1984, Genève, Librairie de l'Université Georg Genève

UGARTE, X., La pràctica de la interpretació anglès-català, 2010, Barcelona, Eumo Editorial

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01618
Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01602

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313
Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518

Outros comentarios

Recoméndase ao alumnado Erasmus ou doutros programas de mobilidade internacional que teñan un nivel C1 de inglés e de español para cursar esta materia.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Galego				
Materia	Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01516			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cano Carteret, Nathalie			
Profesorado	Cano Carteret, Nathalie			
Correo-e	nathalie.cano@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia introdutoria ás técnicas de interpretación de enlace (IE) na modalidade de consecutiva que inclúe contidos teóricos básicos sobre a comunicación oral bidireccional, as distintas operacións realizadas durante a IE e as técnicas de procesamento da información para a IE e, sobre todo, a realización de exercicios prácticos de interpretación de enlace.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada	
CE6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación	• saber
CE7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización	
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber
CE14	Dominio de ferramentas informáticas	• saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• saber facer
CE23	Uso de ferramentas de tradución asistida	
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos	• saber facer
CT4	Resolución de problemas	• saber facer
CT5	Coñecementos de informática aplicada	
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT14	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser
CT16	Adaptación a novas situacións	• Saber estar / ser
CT21	Sensibilidade co medio	• Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Introducir as técnicas de procura documental e de elaboración de glosarios aplicados á interpretación	CE5 CE6 CE7 CE14 CE21 CE23 CT3 CT4 CT5 CT6
Adquirir coñecementos sobre o mercado profesional da interpretación nos seus distintos ámbitos de traballo	CE9 CE18 CT4 CT14 CT16 CT21

Contidos	
Tema	
1. A interpretación de enlace: caracterísiticas definitorias	1.1.Breve introdución á Interpretación de enlace 1.2. A bidireccionalidade 1.3. O intérprete como mediador: o uso da primeira ou a terceira persoa

2. A división da atención	2.1. As canles de comunicación. 2.2. Limitacións e saturación das canles 2.3. A asignación de recursos atencionais
3. A anticipación da información: tipos de anticipación	3.1. Gramatical. 3.2. 3 Fraseolóxico-cultural. 3.3. Psicolóxico-contextual. 3.4. Discursiva
4. O código deontolóxico do intérprete	4.1. Obrigas éticas e morais. 4.2. Obrigas administrativas. 4.3. Deberes dos clientes.
5. Os ámbitos de traballo	5.1. A interpretación social e nos Servizos Públicos: comisarías de policía, tribunais, hospitais, outras institucións públicas 5.2. A interpretación nos negocios 5.3. A interpretación nos Medios de Comunicación 5.4. A interpretación diplomática 5.5. O intérprete acompañante
6. Prácticas de exercicios introdutorios	6.1. Exercicios de clozing 6.2. Exercicios de memorización 6.3. Exercicios de división da atención 6.4 Exercicios de reformulación en lingua 1 e en lingua 2
7. Prácticas de Interpretación de enlace	7.1. Produción: fluidez, seguridade, prosodia 9.2. Transmisión de contidos: coherencia intra e intertextual 7.3. Expresión: correción linguística

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Traballo tutelado	35	70	105
Prácticas autónomas a través de TIC	0	22	22
Seminario	6	0	6
Lección maxistral	4	10	14
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Descrición da materia e do curso. Formulación de obxectivos. Descrición da metodoloxía. Formulación dos criterios de avaliación.
Traballo tutelado	Familiarización cos equipos de interpertación. Explicación e prácticas de exercicios introdutorios á IE. Corrección de exercicios. Produción e enunciación de intervencións para a súa posterior interpretación.
Prácticas autónomas a través de TIC	Prácticas individuais de IE (1-1, 2-2) a partir de visionado e escoita de sesións reais de entrevistas e debates en liña. Corrección de exercicios.
Seminario	Recoñecemento de fenómenos relevantes. Identificación e localización de problemas de lingua, de referencias culturais e sociais, gramática de contraste, e tradución. Procura de solucións: tácticas e estratexias de traballo adaptadas ás necesidades e capacidades dos estudantes.
Lección maxistral	Explicación de contidos teóricos da materia que se impartirán de forma transversal nas sesións prácticas de traballo nas aulas (laboratorios de interpretación).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Realizaranse mediante titorías individuais. Escoitarase o exercicio e valorarase a corrección levada a cabo polo estudante tanto en clase como a través de TIC. Detectaranse erros dentro das distintas operacións da IE (2-1-2; 2-2, 1-1) analizando as súas causas e buscando solucións. Indicaranse tarefas e exercicios específicos para paliar deficiencias e erros.
Prácticas autónomas a través de TIC	Realizaranse mediante titorías individuais. Escoitarase o exercicio e valorarase a corrección levada a cabo polo estudante tanto en clase como a través de TIC. Detectaranse erros dentro das distintas operacións da IE (2-1-2; 2-2, 1-1) analizando as súas causas e buscando solucións. Indicaranse tarefas e exercicios específicos para paliar deficiencias e erros.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Valorarase a participación na resolución de problemas derivados da práctica da IE así como a elaboración e enunciación de intervencións baixo a forma de entrevistas, debates ou negociacións que serán posteriormente interpretados polos estudantes.	10	CE18 CE21 CT4 CT6 CT14

Práctica de laboratorio	A proba consistirá nunha IE dunha entrevista ou intercambio de opinións enunciados polo profesor nas linguas da combiancíón (francés e galego). Cualificaranse os seguintes elementos: -técnica: capacidade de lectura e escoita coordinadas, toma de decisións e resolución dos problemas. -contidos: coherencia intra- e intertextual -produción: expresión oral, rexistro, fluidez, prosodia. - gramática e léxico. No caso de non rematar algunha das intervencións suspenderase a proba.	90	CE18 CE21 CT4 CT6 CT14 CT16

Outros comentarios sobre a Avaliación

A data oficial para a proba final tanto para o alumnado de avaliación contínua como única será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT.

Os/as alumnos/as que decidan acollerse á avaliación contínua deberán entregar un traballo de interpretación de enlace na data acordada dentro da aula entre docente e alumnos/as. Este exercicio dará dereito á obtención de 0,5 puntos que se sumarán á nota da proba final.

É imprescindible, ademais, obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba final para dar por aprobada a materia.
Tanto a avaliación única (para aqueles/as alumnos/as que renuncien á avaliación continua), como a segunda convocatoria, consistirán nunha proba de interpretación de enlace dunha entrevista ou intercambio de opinións enunciados nas linguas da combinación francés e galego. Nos dous casos, para aprobar a materia será necesario obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Valero Garcés, C y MDergam, Mediador social=mediador lingúístico=intérprete: práctica, formación y reconocimietno del intérprete en los servicios sociales, Sin fronteras, 3, 2001

Gile, Daniel, Regards sur la recherche en Interprétation de conférences, Presses Universitaires de lille, 1995

Escandell Vidal.,María Victoria, Introducción a la pragmática, Anthropos, 1993

Mascuñán Tolón, Silvia, Formación y mercados laborales, kelly, martin, A, Nobs, M:L; Sanchez, D y Way, C., 2003

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01619
Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01603

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418

Outros comentarios

Recomendar unha actualización permanente das informacións nacionais e internaciones utilizando material impreso e audiovisual así como o coñecemento dos debates internacionais sobre temas de distintos ámbitos.
É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma de teledocencia Faitic, así como estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as probas de avaliación

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Español				
Materia	Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Español			
Código	V01G230V01517			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Mascuñán Tolón, Patricia Silvia			
Profesorado	Mascuñán Tolón, Patricia Silvia			
Correo-e	mascunan@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia introdutoria dás técnicas de interpretación de enlace (IE) na modalidade de consecutiva que inclúe contidos teóricos básicos sobre a comunicación oral bidireccional, ás distintas operacións realizadas durante a IE e ás técnicas de procesamento dá información para a IE e, sobre todo, a realización de exercicios prácticos de interpretación de enlace.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE20	Facilidade para as relacións humanas	• saber facer
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• saber facer
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• Saber estar / ser
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións	• Saber estar / ser
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística	• Saber estar / ser
CE30	Coñecemento de idiomas	• Saber estar / ser
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade	• Saber estar / ser
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia	• Saber estar / ser
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber facer
CT4	Resolución de problemas	• saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber facer
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	• Saber estar / ser
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais	• Saber estar / ser
CT13	Traballo nun contexto internacional	• Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• Saber estar / ser
CT16	Adaptación a novas situacións	• Saber estar / ser
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	• Saber estar / ser
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor	• Saber estar / ser
CT21	Sensibilidade co medio	• Saber estar / ser
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

(*)1- Coñecer as dúas linguas de traballo, francés (idioma *II) e español (lingua I), a nivel *gramatical, *léxico e *fraseológico, e ser capaz de analizar as diferenzas e *similitudes de ambos sistemas lingüísticos	CE1 CE2 CE4 CE8 CE18 CE25 CE28 CE30 CE32 CE33 CT1 CT7 CT13 CT15 CT17 CT22
Adquirir coñecementos sobre o mercado profesional da interpretación nos seus distintos ámbitos de traballo	CE9 CE18 CT4 CT8 CT14 CT16 CT19 CT21
Capacidade de poder analizar o contexto *sociolinguïstico no que vai realizar o seu traballo así como de pór en prácticas todo o apreso no ámbito da comunicación *multilíngues, tanto para analizar unhas intervencións e a súa interpretación como para realizala	CB2 CE1 CE2 CE3 CE8 CE18 CE20 CE21 CE26 CE28 CT1 CT4 CT6 CT7 CT8 CT11 CT13 CT14 CT17 CT22 CT23

Contidos	
Tema	
1. A interpretación de enlace: caracterísiticas definitorias	1.1.Breve introdución á Interpretación. A interpretación de enlace 1.2. A bidireccionalidade 1.3. O intérprete como mediador: o uso da primeira ou a terceira persoa
2. Os ámbitos de traballo	2.1. A interpretación social e nos Servizos Públicos: comisarías de policía, tribunais, hospitais, outras institucións públicas 2.2. A interpretación nos negocios 2.3. A interpretación nos Medios de Comunicación 2.4. A interpretación diplomática 2.5. O intérprete acompañante
3. As distintas operacions da I.E	3.1. A división da atención. 3.2. A comprension e análise 3.3. A memoria 3.4. A produción 3.5. Introducción as Notas (toma e lectura)
4. Prácticas de exercicios introdutorios	4.1. Exercicios de clozing 4.2. Exercicios de memorización 4.3. Exercicios de división da atención 4.4 Exercicios de reformulación en lingua 1 e lingua 2

5. Prácticas de elaboración e enunciación de discurso en francés	5.1. Elaboración de guión: introdución á lectura de notas. 5.2. Enunciación dun discurso en francés 5.3. Corrección: produción e expresión en francés: gramática francesa.
6. Prácticas de Interpretación de enlace	6.1.Exercicios de interpretación de enlace 6.2. Escoita e corrección de exercicios: - Produción: fluidez, seguridade, prosodia -Transmisión de contidos: coherencia intra e intertextual - Expresión: corrección linguística (calcos ecóicos) 6.3. Elaboración de glosarios e fichas gramaticais

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Traballo tutelado	36	72	108
Prácticas autónomas a través de TIC	0	22	22
Seminario	5	0	5
Lección maxistral	4	8	12
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Descrición da materia e do curso. Formulación de obxectivos. Descrición da metodoloxía. Formulación dos criterios de avaliación.
Traballo tutelado	Familiarización cos equipos de interpretación. Explicación e prácticas de exercicios introdutorios á IE. Corrección de exercicios. Produción e enunciación de intervencións para a súa posterior interpretación.
Prácticas autónomas a través de TIC	Prácticas individuais de IE (1-1, 2-2) a partir de visionado e escoita de sesións reais de entrevistas e debates en liña. Corrección de exercicios.
Seminario	Recoñecemento de fenómenos relevantes. Identificación e localización de problemas de lingua, de referencias culturais e sociais, gramática de contraste e tradución. Procura de solucións: tácticas e estratexias de traballo adaptadas a necesidades e capacidades de estudantes.
Lección maxistral	Explicación de contidos teóricos da materia que se impartirán de forma transversal nas sesións prácticas de traballo nas aulas (laboratorios de interpretación).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Realizaranse mediante titorías individuais. Escoitarase o exercicio e valorarase a corrección levada a cabo polo estudante. Detectaranse erros dentro das distintas operacións da IE analizando as súas causas e buscando solucións. Indicaranse tarefas e exercicios específicos para paliar deficiencias e erros. Non se escoitarán exercicios no correxidos polo alumnado.
Prácticas autónomas a través de TIC	Realizaranse mediante titorías individuais. Escoitarase o exercicio e valorarase a corrección levada a cabo polo estudante e su analisis de erros. Detectaranse erros dentro das distintas operacións da IE analizando as súas causas e buscando solucións. Indicaranse tarefas e exercicios específicos para paliar deficiencias e erros.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Teranse en conta só para os estudantes que se acollan á avaliación continua. Valorarase a participación na resolución de problemas derivados da práctica da IE e a entrega das correccións das prácticas de clase coa análise da súa evolución así como a elaboración; así mesmo valorarase a elaboración e ampliación dos glosarios antes e despois dos distintos talleres temáticos.	15	CE1 CE4 CE18 CT1 CT4 CT7 CT8 CT14 CT15 CT16

Práctica de laboratorio	A proba constará de dous partes: 1. unha proba de interpretación de enlace (*IE) dunha entrevista ou intercambio de opinións enunciados pola profesora nas linguas da combinación (francés e español). Cualificaranse os seguintes elementos: -técnica: capacidade de lectura e escoita coordinadas, toma de decisións e resolución dos problemas. -contidos: coherencia intra e intertextual -produción: expresión oral, rexistro, fluidez, prosodia. - expresión: gramática e léxico. No caso de ter fallos gramaticales en todas as intervencions en lingua francesa suspenderase a proba. Si queda algunha intervención ou frase sen terminar suspenderase a proba. 2. a produción e enunciación dun discurso en lingua francesa na que se valorará os elementos xa citados: contido (coherencia intratextual), expresión e produción.	85	CE1 CE4 CE18 CT1 CT4 CT7 CT8 CT14 CT15 CT16

Outros comentarios sobre a Avaliación

Aqueles alumnos que non se acollan á avaliación continua deberán comunicalo nas primeiras semanas de curso. Requírese asistencia regular. É imprescindible, ademais, obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba final para dar por aprobada a materia; esta proba terá lugar na data oficial fixada polo centro e será publicada en FAITIC.

Tanto a avaliación única (para aqueles/os alumnos/as que renuncien á avaliación continua) como a segunda convocatoria consistirán nunha proba de interpretación de ligazón (IE) dunha entrevista ou intercambio de opinións enunciados nas linguas da combinación francés e español na data oficial fixada polo centro así como de producción de un discurso en francés. En ambos os casos,casos, para aprobar a materia será necesario obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gile, Daniel, Regards sur la recherche en Interprétation de conférences, Presses Universitaires de Lille, 1995, Lille

Rozan, J.F., La prise de notes en consecutive, Presses de l'Université Genève, 1984, Georg

Bibliografía Complementaria

COLLADOS ÁIS, A., FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, M. (coords., Manual de interpretación bilateral., Comares, 2001, Granada: Comares interlingua

Escandell Vidal.,María Victoria, Introducción a la pragmática, Ariel, 2013,

Gentile, Adolfo, Uldis Ozolins and Mary Vasilakakos, with Leong Ko and Ton-That Quynh-Du, Liaison Interpreting: A Handbook,, University Press, 1996, Melbourne

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M. Jesús, "El 'don de la ubicuidad' en la interpretación bilateral. Esbozo didáctico para emprender los primeros pasos", Mediazioni, 2006, Mediazoni: Rivista online di studi interdisciplinar

Herbert, Jean, Manuel de l'Interprète, Presses de l'Université de Genève, 1952, Georg

Mascuñán Tolón, Silvia, La bidireccionalidad: formación y mercados laborales, Editorial Atrio, 2003, La direccionalidad en traducción e interpretación. Perspectivas teóricas, profesionales y didácticas 381-390: Kelly, D. Martin, A, Nobs, M.L; Sanchez

Seleskovitch, Danica, Langue, langage, mémoire: études de la prise de notes en Interprétation Consecutiva, Minard, 1975,

Torres, L.M, Da Silva J, Comportamentos e atitudes essenciais na interpretação de acompanhamento: A perspectiva dos clientes, tradterm v. 23, 2014, última consulta 2407/2018 http://www.revistas.usp.br/tradterm/i

Valero Garcés, C y MDergam, Mediador social=mediador lingúístico=intérprete: práctica, formación y reconocimietno del intérprete en los servicios sociales, Sin fronteras, 3, Comares, 2001, La evaluación de la calidad en interpretación: Docencia y Profesión Collados, A. et al (ed.) , : 257- 266.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Español/V01G230V01620
Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Español/V01G230V01604

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209
Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418

Outros comentarios

Recoméndase unha actualización permanente das informacións nacionais e internacionais da actualidade política, social, económica e cultural utilizando material impreso e audiovisual, así como estar ao corrente dos debates internacionais sobre

temas de distintos ámbitos.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía				
Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía			
Código	V01G230V01518			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Galanes Santos, Iolanda Gloria			
Profesorado	Galanes Santos, Iolanda Gloria			
Correo-e	iolag@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo a adquisición da competencia terminolóxica, que integra coñecementos teóricos e prácticos, así como interiorizar os métodos de traballo terminolóxicos profesionais.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer • Saber estar / ser
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• Saber estar / ser
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber facer
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada	• saber • saber facer
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• saber facer
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	• saber facer • Saber estar / ser
CE17	Capacidade de tomar decisións	• Saber estar / ser
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos	• saber facer
CT4	Resolución de problemas	• saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• Saber estar / ser
CT7	Toma de decisións	• saber facer
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer os fundamentos teóricos e metodolóxicos da descrición terminolóxica e a evolución dos estudos terminolóxicos.	CB5 CE5
Avaliar a adecuación terminolóxica en documentos especializados e xeneralistas	CB2 CE3 CE8 CE17 CT6 CT7 CT22
Coñecer e utilizar adecuadamente recursos terminolóxicos	CB2 CB3 CE8 CE18 CT6 CT7 CT22

Coñecer, identificar e solucionar os problemas terminolóxicos presentes nos procesos de Tradución e de Interpretación.	CB3 CE17 CE18 CT4 CT6 CT7 CT22
Coñecer a metodoloxía terminográfica e elaborar ferramentas terminolóxicas con obxectivos predefinidos	CB2 CE10 CE11 CE18 CT3 CT6 CT7 CT22

Contidos	
Tema	
TEMA 1. INTRODUCIÓN Á TERMINOLOXÍA E Á TERMINOGRAFÍA: CONCEPTOS, PRINCIPIOS E MÉTODOS	1. 1. Terminoloxía. Definición, obxecto, función, usuarios/as e aplicación ao proceso de tradución. Relación con outras disciplinas. Evolución da disciplina 1.2. Terminoloxía vs. terminografía vs. lexicografía. Métodos de traballo terminográfico 1.3. Lingua xeral e linguas de especialidade. O texto especializado 1. 4. O termo: definición, termo vs. palabra 1. 5. Identificación de termos en contexto
TEMA 2. A UNIDADE TERMINOLÓXICA: DENOMINACIÓN E CONCEPTO	2. 1. A denominación: morfoloxía. Procedementos de formación de termos 2. 2. O concepto: características, tipos e relacións 2. 3. Relacións entre denominación e concepto
TEMA 3. TRABALLO TERMINOGRÁFICO PUNTUAL E TRABALLO TERMINOGRÁFICO SISTEMÁTICO	3.1.Traballo terminolóxico puntual 3.2. Variación terminolóxica e neoloxía 3.3. O dossier terminolóxico 3.4. Traballo terminográfico sistemático: fases e instrumentos. 3.5. A ficha terminográfica: entrada, definición, contexto, termos relacionados, fontes etc. 3.6. Presentación de información terminolóxica
TEMA 4. TERMINOLOXÍA E TERMINOGRAFÍA PARA A TRADUCIÓN E A INTERPRETACIÓN	4. 1. Fontes documentais. 4. 2. Terminografía e lexicografía. Produtos terminográficos: dicionarios, glosarios, léxicos, vocabularios etc. 4. 3. Ferramentas terminolóxicas para a Tradución e a Interpretación. 4.4. Xerarquía de consulta de fontes
TEMA 5. PRINCIPAIS ENTIDADES QUE TRABALLAN EN TERMINOLOXÍA E OS SEUS PRODUTOS	5.1. Entidades internacionais 5.2. Centros institucionais de terminoloxía 5.3. Servizos de tradución e lingüísticos 5.4. Asociacións profesionais e redes de cooperación en terminoloxía

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	15	30	45
Seminario	9	7	16
Resolución de problemas de forma autónoma	20	20	40
Presentación	3	9	12
Traballo tutelado	3	30	33
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia, da súa guía docente e da estrutura do curso presencial e virtual
Lección maxistral	Sesións de presentación dos fundamentos teóricos da materia, a través de lecturas, apuntamentos, referencias bibliográficas e titoriais

Seminario	Sesións de traballo monográficas con participación activa de docente e discentes (presentacións, debates, elaboración de esquemas, dúbidas, resolución de cuestionarios etc.)
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades prácticas, problemas terminolóxicos, elaboración de árbores conceptuais etc.
Presentación	Presentación en aula de traballo terminolóxico puntual e sistemático
Traballo tutelado	Elaboración dun repertorio terminográfico e dun dossier terminolóxico

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es
Traballo tutelado	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	Proba tipo test, de resposta curta e prácticas de análise terminolóxica. Avaliación individual.	40	CB3 CB5 CE5 CE18 CT4 CT6 CT22
Resolución de problemas de forma autónoma	Entrega de traballos de curso (10%). Avaliación individual. Exposición de contidos teóricos en equipo (10%)	20	CB2 CE3 CE5 CE8 CE17 CE18 CT4 CT6 CT22
Traballo tutelado	Elaboración e presentación dun traballo terminográfico en equipo (30%)	30	CB2 CB3 CB5 CE5 CE8 CE10 CE11 CE17 CE18 CT3 CT6 CT7 CT22

Presentación	Elaboración e presentación do traballo de dossier terminográfico en equipo. Contidos e presentación (10%)	10	CB2 CB3 CE3 CE5 CE8 CE10 CE11 CE17 CE18 CT3 CT4 CT6 CT7

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA:

A docencia desta materia organízase en 2 grupos teóricos e 3 grupos prácticos. A adscrición a cada grupo presencial determinarao a docente segundo a combinación lingüística e a orde alfabética e debe respectarse na medida do posible durante todo o curso.

O alumnado deberá entregar unha ficha de clase nas dúas primeiras semanas do curso para manifestar así a súa decisión de acollerse á avaliación continua. A data límite de entrega de ficha será o 23 de setembro de 2019, salvo excepción xustificada ante a docente. Se non o fai nese prazo entenderase que renuncia a ela. En todo caso, para poder acollerse a esta modalidade, é necesario entregar TODAS as tarefas nos prazos indicados. O alumnado que por motivos de traballo ou saúde non poida asistir a todas as clases deberá comunicarllo persoalmente á profesora.
Para superar a materia mediante o sistema de avaliación continua a nota de cada unha das partes deberá ser igual ou superior a 5/10.

AVALIACIÓN ÚNICA:No caso de non presentarse por avaliación continua, o alumnado deberá presentarse ao exame final de avaliación única, que suporá o 100% da materia e terá lugar nas datas que se indiquen oficialmente e que se publicarán tamén en plataforma. O exame constará das seguintes partes:

a) Proba teórica tipo test ou resposta curta (30 %)
b) Proba práctica (30 %)
c) Traballo individual tutelado consistente na elaboración dun diccionario terminográfico (40 %) que se entregará de modo previo á realización do exame.
É igualmente necesario superar cada unha das partes cun 5/10 para superar a materia.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: No caso de non superar a materia na primeira convocatoria, o alumnado poderá presentarse ao exame da convocatoria de xullo, que suporá o 100% da materia, salvo indicación en contrario da docente. Esta proba realizarase nas mesmas condicións que se fose de avaliación única e terá lugar na data oficial indicada polo Decanato.

Independentemente do sistema de avaliación elixido non superará a materia quen incorra en plaxio ou copia total ou parcial.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cabré, M.ª Teresa, La terminología. Teoría, metodología y aplicaciones, Empuries, 1993, Barcelona

Cabré, M.ª Teresa, La terminología. Representación y comunicación, IULA, 1999, Barcelona

Montero Martínez, Silvia.; Faber Benítez, Pamela e Buendía Castro, Miriam, Terminología para traductores e intérpretes, 2, Tragacanto, 2011, Granada

Bibliografía Complementaria

L´Homme, Marie-Claude, La terminologie : Principes et techniques, Les Presses de l´Université de Montréal, 2004, Montreal

Pavel, Silvia e Nolet, Diane, Précis de terminologie, Bureau de la traduction, 2001, Ottawa

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313

Outros comentarios

Utilizarase a plataforma Tema de Faitic como contorna de comunicación virtual e colectiva para indicar e completar as lecturas e actividades desta materia.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01601			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Baxter , Robert Neal			
Profesorado	Baxter , Robert Neal			
Correo-e	jstefanlari@yahoo.com			
Web	http://cousasdeneal.webs.com/			
Descrición xeral	A materia constitúe o primeiro contacto do alumnado coa interpretación simultánea e ten por obxectivo impartir un coñecemento e manexo das técnicas básicas necesarias para a interpretación simultánea, apoiándose nos elementos teóricos necesarios para reforzar a práctica das mesmas. Ao nivel práctica, a materia pretende preparar o alumnado para realizar interpretacións simultáneas partindo de exercicios en torno ás técnicas da tradución á vista B-A aplicadas á interpretación simultánea, incluídos exercicios de tradución á vista cronometrados e cloze. A orientación da materia é esencialmente práctica, deseñada para proporcionar un coñecemento das técnicas básicas requiridos para realizar unha interpretación simultánea e para detectar potenciais especialistas na interpretación simultánea.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber facer
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber
CE12	Posuír unha ampla cultura	• saber
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión	• saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• Saber estar / ser
CE22	Destrezas de tradución	• saber facer
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• saber facer
CE30	Coñecemento de idiomas	• saber facer
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia	• saber facer
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber facer
CT4	Resolución de problemas	• saber facer
CT9	Razoamento crítico	• saber
CT12	Traballo en equipo	• Saber estar / ser
CT16	Adaptación a novas situacións	• Saber estar / ser
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas da interpretación simultánea: coñecemento das técnicas básicas	CB1 CB2 CB5 CE1 CE3 CE4 CE12 CE13 CE17 CE18 CE22 CE27 CE30 CE33 CT1 CT9 CT22
Introdución á tradución á vista libre	CB3 CB4 CE1 CE3 CE4 CE12 CE13 CE17 CE18 CE21 CE22 CE30 CE33 CT1 CT4 CT9 CT22
Introducir as técnicas de busca documental e a elaboración de glosarios aplicados á interpretación	CB3 CE8 CT4 CT22
Xestión da tensión (estrés) durante a interpretación	CB5 CE17 CE21 CE27 CT4 CT9 CT16
Traballo en equipo: repartición do traballo en cabina e capacidade de colaboración	CB5 CE17 CT12

Contidos	
Tema	
1. A interpretación simultánea: características definitorias	1.1. diferenzas coa interpretación consecutiva e de enlace 1.2. @ intérprete como alter ego do/a orador/a: o uso da primeira persoa 1.3. as 3 limitacións da IS segundo Shlesinger
2. O entorno de traballo	2.1. os congresos e reunións internacionais: características, usuari@s 2.2. os organismos internacionais: función e mandato 2.2. a cabina de IS: cabinas puras e mixtas; o uso do relay; o papel do pivote; o traballo en equipo en cabina; o uso de ferramentas informáticas
3. A división da atención	3.1. as canles de comunicación 3.2. limitacións e saturación das canles 3.3. a asignación de recursos atencionais
4. O modelo de esforzos de Gile para a IS	4.1. esforzo de escoita/comprensión 4.2. esforzo de memoria 4.3. esforzo de produción 4.4. esforzo coordinación

5. A anticipación da información: tipos de anticipación	5.1. gramatical 5.2. fraseolóxico-cultural 5.3. psicolóxico-contextual 5.4. discursiva
6. As tácticas e estratexias de traballo en IS	6.1. tácticas de comprensión 6.2. tácticas de reformulación 6.3. tácticas de memorización 6.4. o uso estratéxico del atraso 6.5. la xestión de elementos puntuais: díxitos, nomes propios e organismos
7. Tipoloxía discursiva e función en IS	7.1. persuadir 7.2. informar 7.3. mostrar cortesía 7.4. a comprensión do discurso especializado en IS
8. Estratexias de preparación dun congreso	8.1. documentación e busca terminolóxica 8.2. elaboración de glosarios para a IS 8.3. consultas previas e in situ
9. O código deontolóxico d@ intérprete	9.1 Funcionamento do mercado profesional 9.2 Lealdades: cara ao público; cara ao cliente; cara a si mesm@ (intérprete) 9.2 Ética e deontoloxía
10. A IS como profesión	10.1. os mercados locais: características 10.2. os organismos internacionais: características

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	6	22	28
Traballo tutelado	41	80	121
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Actividade práctica orientada cara á resolución de problemas e dúbidas, sobre todo de tipo técnico.
Traballo tutelado	Trátase do traballo principal que se desenvolve nos laboratorios habilitados para a práctica da interpretación. A metodoloxía utilizada é a descrita no artigo: Baxter, R.N. (2014) A simplified multi-model approach to preparatory training in simultaneous interpreting, Perspectives: Studies in Translatology Volume 22, Issue 3 [349-372] Realizaranse actividades relacionadas coas principais estratexias para a interpretación simultánea, xunto con exercicios prácticos de interpretación simultánea nos diferentes ámbitos (shadowing, cloze, tradución á vista). Para alén dos traballos realizados nas aulas, o/a profesor/a orientará @s estudantes sobre os traballos prácticos de interpretación simultánea que deberán levar a cabo por conta propia. Algúns dos traballos entregues poderán contribuíra para a nota de avaliación continua final.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	No horario de atendendemento publicado.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Resolución de problemas	Resolución de problemas e/ou exercicios ao longo do curso no desenvolvemento dos exercicios de intrepretación simultánea, sobre todo a tradución á vista	10	CB1 CB5 CE1 CE3 CE4 CE8 CE13 CE17 CE18 CE21 CE22 CE27 CE30 CE33 CT1 CT4 CT12 CT16 CT22
Práctica de laboratorio	Realización dunha proba de interpretación simultánea entre as linguas B-A. Para cualificar esta proba valorarase os seguintes elementos: 1. Técnica: capacidade de escoita activa e análise; toma de decisión a respecto da información principal necesaria (estratexia minimax, principio de simplificación); estruturación (ordenar os bloques coherentemente e uso de nexos); resolución de problemas 2. Contidos: corrección dos contidos; 3. Expresión oral: rexistro; fluidez; seguridade; compás/ritmo; 4. Corrección lingüística e vocabulario Á marxe da media final, a superación dos apartados 1 ; 2 é condición sine qua non para superar a proba no seu conxunto. Non rematar a proba ou deixar calquera elemento sen acabar implicarán suspender a proba no seu conxunto para alén de calquera outra consideración.	90	CB2 CB3 CB4 CE1 CE4 CE13 CE17 CE21 CE22 CE27 CE30 CE33 CT1 CT4 CT9 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudantes que desexaren acollerse á modalidade de avaliación continua deben comunicalo ao profesor ou á profesora cunha anterioridade máxima dun mes previa á data do exame final.

Independentemente da eventual nota de avaliación contunua, é imprescindíbel obter unha puntuación mínimo de 5 sobre 10 na proba de interpretación simultánea para aprobar a materia no seu conxunto, ao que se sumará a puntuación acadada nos outros apartados.

A avaliación única levarase a cabo nas mesmas condicións que o exame final ordinario.

Data do exame final: Segundo o publicado no calendario oficial.

A segunda convocatoria levarase a cabo nas mesmas condicións que a primeira. .

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Alonso Bacigalupe, Luis, El procesamiento de la información durante la interpretación simultánea: un modelo a tres niveles, Atrio, 2009

Alonso Bacigalupe, Luis, O mercado profesional da tradución e a interpretación, in Iserción profesional d@s estudantes de tradución e interpretación [pp. 13-25], Atrio, 2010

Alonso Bacigalupe, Luis et alii, A Interpretación en Galiza : unha profesión emerxente, in Viceversa, Nº 9/10 (2003/2004) [11-30], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004

Gile, Daniel, Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training, John Benjamins, 2009 (2ª ed. revi.)

Jones, Roderick, Conference interpreting explained, St. Jerome, 2002 (2ª ed.)

Nolan, James, Interpretation : techniques and exercises, Multilingual Matters, 2012 (2ª ed.)

Pöchhacker, Franz & Miriam Shlesinger, The Interpreting studies reader, Routledge, 2002

Seleskovitch, Danica, L'Interprete dans les conférences internationales : problèmes de langage et de communication, Minard, 1983

VVAA, Interpreter Training Resources (http://interpreters.free.fr/), -, -

Baxter, Robert Neal, A simplified multi-model approach to preparatory training in simultaneous interpreting, Perspectives 22: 3 [349-372], 2014

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01617

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210
Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés/V01G230V01303
Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01514

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Español				
Materia	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01602			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	García Oya, Elisabet			
Profesorado	García Oya, Elisabet Romero Fresco, Pablo			
Correo-e	elisabet.g.oya@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia introductoria ás técnicas de interpretación simultánea que inclúe contidos teóricos básicos sobre a comunicación oral e as técnicas de procesamento da información para a *IS e, sobre todo, a realización de exercicios prácticos de tradución a vista e de interpretación simultánea na dirección B-A, así como unha pequena parte dedicada á IS A-B			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber • saber facer
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber • saber facer
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber • saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada	• saber • saber facer
CE6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación	• saber • saber facer
CE7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización	• saber • saber facer
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer • Saber estar / ser
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• saber facer • Saber estar / ser
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	• saber facer
CE12	Posuír unha ampla cultura	• saber • Saber estar / ser
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión	• saber facer
CE14	Dominio de ferramentas informáticas	• saber facer
CE16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos	• saber facer • Saber estar / ser
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer • Saber estar / ser
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer • Saber estar / ser
CE19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	
CE20	Facilidade para as relacións humanas	• Saber estar / ser
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• Saber estar / ser
CE22	Destrezas de tradución	• saber facer
CE23	Uso de ferramentas de tradución asistida	• saber facer
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber • saber facer • Saber estar / ser

CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos	• saber facer • Saber estar / ser
CT4	Resolución de problemas	• saber facer • Saber estar / ser
CT5	Coñecementos de informática aplicada	• saber • saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer • Saber estar / ser
CT7	Toma de decisións	• saber facer • Saber estar / ser
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	• Saber estar / ser
CT9	Razoamento crítico	• Saber estar / ser
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade	• Saber estar / ser
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais	• Saber estar / ser
CT12	Traballo en equipo	• Saber estar / ser
CT13	Traballo nun contexto internacional	• Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• saber facer • Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber facer • Saber estar / ser
CT16	Adaptación a novas situacións	• Saber estar / ser
CT18	Creatividade	
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor	• Saber estar / ser
CT20	Lideranza	• Saber estar / ser
CT21	Sensibilidade co medio	• Saber estar / ser
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer • Saber estar / ser
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber facer • Saber estar / ser
CT24	Deseño e administración de proxectos	• saber facer • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Proporcionar coñecementos teóricos básicos sobre os principios que rexen a interpretación simultánea e a tradución a vista (TV)	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7 CE8 CE9 CE12 CT1 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT11 CT12 CT13

Adquirir os coñecementos das técnicas básicas da interpretación simultánea e da tradución a vista	CE13 CE16 CE17 CE18 CE19 CE21 CE22 CT3 CT4 CT7 CT8 CT9 CT13 CT14 CT15 CT16 CT20 CT22 CT23 CT24
Proporcionar as ferramentas básicas para a xestión do discurso e do manexo dos instrumentos técnicos para a interpretación simultánea	CE5 CE6 CE7 CE11 CE14 CT5 CT6
Introducir as técnicas de procura documental e de elaboración de glosarios aplicados á interpretación simultánea	CE5 CE6 CE7 CE8 CE14 CE21 CE23 CT3 CT4 CT5 CT6
Desenvolver as habilidades de traballo en equipo	CE10 CE11 CE16 CE17 CE19 CE20 CT3 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT16 CT18 CT19 CT20
Adquirir coñecementos sobre o mercado profesional da interpretación simultánea nos seus distintos ámbitos de traballo	CE9 CE18 CT4 CT14 CT16 CT21

Contidos	
Tema	
1. A interpretación simultánea: caracterísiticas definitorias	1.1. Diferenzas con interpretación consecutiva e de ligazón 1.2. O intérprete como alter ego do orador: o uso de lan primeira persoa 1.3. As 3 limitacións da IS segundo Shlesinger

2. A contorna de traballo	2.1. Os congresos e reunións internacionais: características, usuarios 2.2. Os organismos internacionais: función e mandato. 2.2. A cabina de IS: cabinas puras e mixtas; o uso do relay; o papel do pivot; o traballo en equipo en cabina; o uso de ferramentas informáticas.
3. A división da atención	3.1. As canles de comunicación. 3.2. Limitacións e saturación das canles 3.3. A asignación de recursos atencionais
4. O modelo de esforzos de Gile para a IS	4.1. Esforzo de escoita/comprensión. 4.2. Esforzo de memoria. 4.3. Esforzo de produción. 4.4. Esforzo coordinación.
5. O modelo en tres niveis de Bacigalupe	5.1. Nivel lingüístico. 5.2. Nivel cognitivo. 5.3. Automatismos.
6. A anticipación da información: tipos de anticipación	6.1. Gramatical. 6.2. Fraseológico-cultural. 6.3. Psicolóxico-contextual. 6.4. Discursiva
7. As tácticas e estratexias de traballo en IS	7.1. Tácticas de comprensión. 7.2. Tácticas de reformulación. 7.3. Tácticas de memorización. 7.4. O uso estratéxico do atraso. 7.5. A xestión de elementos puntuais: díxitos, nomes propios e de organismos internacionais, etc.
8. Tipoloxía discursiva e función en IS	8.1. Persuadir. 8.2. Informar. 8.3. Mostrar cortesía. 8.4. A comprensión do discurso especializado en IS
9. Estratexias de preparación dun congreso	9.1. Documentación e procura terminolóxica. 9.2. Elaboración de glosarios para a IS. 9.3. Consultas previas e in situ
10. O código deontolóxico do intérprete	10.1. Obrigacións éticas e morais. 10.2. Obrigacións administrativas. 10.3. Deberes dos clientes.
11. O mercado da IS	11.1. Os mercados locais: características 11.2. Os organismos internacionais: características
12. Prácticas de exercicios introdutorios á IS	11.1. Exercicios de shadowing A-A e B-B 11.2. Exercicios de reformulación simultánea A-A. 11.3. Exercicios de cloze A-A e B-B. 12.4. Exercicios introdutorios de tradución a vista
13. Prácticas de tradución a vista en cabina con tempo controlado: desenvolvemento da técnica	13.1 Produción 13.2. Transmisión de contidos 13.3. Expresión
14. Prácticas de interpretación simultánea	14.1 Produción 14.2. Transmisión de contidos 14.3. Expresión
15. Introdución á práctica da interpretación de ligazón en simultánea	15.1 Produción 15.2. Transmisión de contidos 15.3. Expresión

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	5	10	15
Traballo tutelado	34	71	105
Prácticas autónomas a través de TIC	0	21	21
Seminario	6	0	6
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición

Actividades introdutorias	Descrición da materia e do curso Formulación de obxectivos Descrición da metodoloxía do curso Familiarización cos equipos de interpretación simultánea Explicación de criterios de avaliación
Lección maxistral	Explicación minuciosa dos contidos teóricos da materia. En xeral, a sesión maxistral será unha actividade transversal que se desenvolverá no marco das sesións prácticas de traballo na aula cando os fenómenos relevantes aparezan durante a realización dos exercicios prácticos, excepto no relativo á explicación de modelos psicolingüísticos de procesamento da información que requirirán de sesións íntegras
Traballo tutelado	Explicación e práctica de exercicios introductorios á interpretación simultánea. Práctica exhaustiva da tradución a vista Práctica exhaustiva da interpretación simultánea B-A Introdución á práctica da IS A-B mediante a práctica de interpretación de ligazón en simuiltánea
Prácticas autónomas a través de TIC	Prácticas individuais de IS dos alumnos a partir de gravacións en vídeo de sesións reais e dispoñibles en cadeas de televisión on-line e nas webs dos diferentes organismos internacionais (UE, ONU e axencias especializadas, etc.).
Seminario	Recoñecemento de fenómenos relevantes Localización de problemas de lingua, de referentes culturais e sociais, e de tradución Procura de solucións: establecemento de tácticas e estratexias de traballo adaptadas ás necesidades de cada estudante e en función das súas características individuais; solucións estándar de tradución, automatismos, literalidade e procesamento profundo dos enunciados

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada realizarase en forma de titoría individual: (1) Profesor e alumno/a escoitarán as gravacións dos traballos prácticos realizados por este (xa sexa nas sesións de aula ou no seu traballo individual autónomo realizado con axuda dos Tics) e levará a cabo unha crítica exhaustiva e construtiva dos mesmos. A partir desa escoita detectaranse erros e analizaranse as posibles razóns que levaron aos mesmos (técnica deficiente, escasa preparación de temas e discursos, problemas de dicción, ritmo inadecuado, deficiente uso das linguas de traballo, anotación, confianza, etc...), e tentarase buscar solucións a eses problemas. (2) aceptaranse tamén gravacións enviadas polos alumnos ao profesorado para a emisión dun informe detallado no que se sinalen os defectos e virtudes atopados. (3) o terceiro modo de avaliación consistirá en comentarios e valoracións sobre o traballo individual dos estudantes en clase, xa sexa con comentarios ao grupo ou en sesións de revisión individuais co profesorado.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Traballo tutelado	A avaliación continua ten asignado como máximo unha porcentaxe do 30% da nota final, e empregarase para obter unha visión de conxunto do traballo realizado polo alumnado ao longo do curso e como mecanismo de corrección de ser o caso. A avaliación continua servirá para sumar puntos, nunca restar.	30	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7 CE8 CE9 CE10 CE11 CE12 CE13 CE14 CE16 CE17 CE18 CE19 CE20 CE21 CE22 CE23 CT1 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT18 CT19 CT20 CT21 CT22 CT23 CT24

Práctica de laboratorio	PARA OS ALUMNOS QUE SE ACOLLAN AO SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA 1. Proba obrigatoria de tradución a vista B-A en cabina e con tempo controlado. O sistema de avaliación é un sistema de asignación de penalizacións en función do tipo e a gravidade dos erros cometidos. Valoraranse tres aspectos. (1) Técnica de traballo, (2) Expresión correcta, e (3) Transmisión precisa dos contidos. En cada un dese tres apartados o alumnado partirá dunha puntuación de 50 puntos, dos cales se irán descontando puntos en función dos erros cometido. Ditas penalizacións oscilarán entre os menos 10 puntos para os erros máis graves (graves erros de contido, interrupción da produción, segmentos incomprensibles) e os menos 3 puntos para os menos graves (ruídos e muletillas, omisións, mal uso da terminoloxía) e para cada unha das categorías descritas. A presenza de elementos inaceptables nun traballo de TV (como a interrupción repetida da produción do intérprete, o uso de palabras malsonantes, a presenza de risas e expresións de desalento, ou o feitoi de non pór en marcha o sistema de gravación, etc.) invalidará en por si a totalidade do exame, que se dará como suspenso. A nota final do exame será o resultado de facer a media entre o tres apartados avaliados. O aprobado estará nos 25 puntos (a metade da puntuación total). Con todo, non se farán medias caso de que en calquera dos tres apartados a puntuación obtida non chegue á metade do aprobado (12,5 puntos): búscase un certo equilibrio entre o tres aspectos avaliados para que se considere unha TV aceptable. O texto obxecto da TV terá unha extensión aproximada de entre 800 e 1.000 palabras. O tempo asignado será coherente coa extensión do texto a traducir e oscilará entre os 12 e os 20 minutos. É obrigatorio superar a proba de TV para superar a totalidade da materia. 2. A nota final da parte obrigatoria da materia será o resultado de sumarlle á nota da proba de TV as posibles valoracións positivas da avaliación continua realizada ao longo de todo o curso. A nota máxima que se poderá obter mediante a avaliación do apartado obrigatorio será un 7 para a totalidade da materia. Os estudantes que desexen subir nota deberán presentarse á parte opcional da materia que se describe máis abaixo. Proba opcional de interpretación simultánea (B-A). Consistirá na realización da IS dun texto novo, diferente do empregado para a TV. Os apartados valorados serán os mesmos (CONT, TEC e EXP con certos matices que se desenvolverán máis abaixo) e buscarase un certo equilibrio entre o tres, de tal modo que caso de considerarse un apartado inaceptable invalidarase a totalidade da proba. A proba servirá para subir ou baixar a nota do exame práctico obrigatorio ata un máximo de cinco puntos, é dicir, poderase dar unha valoración de ata menos 5 ou máis 5 puntos. Prestarase especial atención a 5 aspectos: (1) técnica de traballo correcta, (2) habilidade para resolver problemas novos, (3) correcta xestión de datos puntuais, (4) transmisión dos contidos, e (5) uso dunha expresión correcta. A valoración farase asignando unha puntuación positiva ou negativa de ata un máximo dun punto para cada un deses apartados, excepto de considerarse precisa unha valoración máis xeral se se atopase algún dos problemas cualificados de inaceptables. A nota final será o resultado de sumar á puntuación da proba obrigatoria de TV a nota de avaliación continua e, de ser o caso, da proba opcional de IS, utilizándose un baremo de 0 a 50 puntos cos seus equivalentes no baremo habitual de 0 a 10 puntos. Os parámetros de valoración e de penalización das probas explícanse con todo luxo de detalle na primeira e na última sesión práctica do curso. Recoméndase a todos os estudantes que asistan a polo menos una desas sesións.	70	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7 CE8 CE9 CE10 CE11 CE12 CE13 CE14 CE16 CE17 CE18 CE19 CE20 CE21 CE22 CE23 CT1 CT3 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT18 CT19 CT20 CT21 CT22 CT23 CT24

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos que decidan acollerse ao sistema de avaliación continua deberán indicalo por escrito ao longo do primeiro mes do curso. Pasado ese prazo e de non haber indicación respecto diso entenderase que se acollen ao sistema de exame final único.

Para acollerse ao sistema de avaliación continua recoméndase asistir a, polo menos, un 80% das sesións de clase.

A proba obrigatoria de TV, e a opcional de IS levarán a cabo nas datas oficiais establecidas no calendario de exames da FFT en todas as convocatorias. Ese mesmo día e nesa mesma sesión realizaranse as probas tanto para os alumnos de avaliación continua como para os de avaliación única.

PARA OS ALUMNOS QUE SE ACOLLAN AO SISTEMA DE EXAME FINAL ÚNICO EN CONVOCATORIA COMÚN E EN SEGUNDA CONVOCATORIA

En segunda convocatoria o sistema de avaliación será o mesmo que para a primeira convocatoria, excepto porque en segunda convocatoria non se valorará a avaliación continua do alumnado que se acolleu ao devandito sistema.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Alonso Bacigalupe, Luis, Investigación experimental en interpretación de linguas: primeiros pasos, 2003, Servicio de Publicacións. Universidade de Vigo

Alonso Bacigalupe, Luis, El procesamiento de la información durante la IS: un modelo en tres niveles, 2009, Atrio. Granada

Collados, et al. (eds.), La evaluación de la calidad en interpretación: docencia y profesión, 2003, Comares. Granada

Gile, Daniel, Basic concepts and models for interpreter and translator training, 1995, John Benjamisn. Amsterdam

Pöchhacker, F. y Shlesinger, M. (eds.), The Interpreting Studies Reader, 2002, Routledge. London

Alonso Bacigalupe, Luis, Proyecto docente, 1997, Departamento de Traducción y Lingüísitica

Collados et al. (eds), Avances en la investigación sobre interpretación, 2003, Comares. Granada

Alonso Bacigalupe, Luis, Inserción profesional de los estudiantes de T/I, 2010, Atrio. Granada

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01906
Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01901

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01618

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01515

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Galego				
Materia	Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01603			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Profesorado	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Correo-e	xoanmontero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é que o estudante perfeccione a súa competencia interpretativa no marco da interpretación simultánea e que desenvolva as técnicas de tradución á vista como actividade profesional e como aprendizaxe da coordinación de esforzos cognitivos. O que se procurará con esta materia é que o alumno sexa quen ao final da súa carreira formativa interpretar de forma simultánea un discurso.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber • saber facer
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber • saber facer
CE6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión	• saber • saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber • saber facer
CT4	Resolución de problemas	• saber • saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber • saber facer
CT13	Traballo nun contexto internacional	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber • saber facer • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Proporcionar conceptos teóricos sobre os principios da interpretación simultánea.	CE1 CE2 CE6 CE9 CE13 CE17 CT23

Adquirir os conceptos teóricos e metodolóxicos para a asimilación das técnicas de interpretación simultánea.	CE1 CE9 CE17 CT4 CT7 CT13 CT23
Desenvolver as destrezas de lectura, comprensión, análise e produción oral nas linguas traballadas.	CE1 CE2 CE13 CT7 CT23
Adquirir as técnicas da interpretación simultánea.	CE1 CE2 CE13 CE17 CT4 CT7 CT23

Contidos	
Tema	
1.- Introducción á interpretación simultánea.	1.1. Particularidades da comunicación oral con relación á escrita. Superación do estrés e nerviosismo. A voz. Os rexistros. 1.2. Elaboración de discursos nas linguas traballadas. 1.3. Modelos e fases de procesamento da información para a interpretación simultánea.
2.- Introducción á técnica de interpretación simultánea.	2.1. Introducción á comunicación oral nas linguas de traballo: comprensión, análise, memoria e expresión. 2.2. Exercicios introductorios á interpretación simultánea. 2.2.1 Análise da conversación e do discurso oral. 2.2.2 Tradución á vista. 2.2.3 División da atención. 2.2.4 Anticipación da información.
3.- Prácticas de interpretación simultánea.	3.1. Exercicios de intepretación simultánea, con discursos procedentes dos diversos países da francofonía.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	6	8
Lección maxistral	7	11	18
Prácticas de laboratorio	29	58	87
Debate	4	12	16
Estudo de casos	5	15	20
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado, o docente presentará a materia e a súa programación. Explicará os contidos, a metodoloxía, o funcionamento das cabinas e o sistema de avaliación
Lección maxistral	Neste apartado o docente repasará co alumnado os perfis profesionais da interpretación simultánea, as modalidades da actividade e as técnicas de interpretación máis estendidas nas distintas situación comunicativas. Repasaranse os esforzos implicados no proceso de interpretación. A encomenda de interpretación. Tamén neste apartado trataremos as diferentes técnicas de interpretación simultánea para que os alumnos as poñan en práctica. Explicaranse en xeral os contenidos teóricos de forma transversal nas sesións prácticas de traballo nos laboratorios de interpretación.
Prácticas de laboratorio	Nun primeiro momento faranse exercicios de análise, memoria, reactivación léxica, reformulación. Seguidamente pasarase á práctica da técnica da tradución á vista. Faranse exercicios de preinterpretación. Tradución á vista de diferentes tipos de texto (non especializado). E, finalmente, realizaranse prácticas individuais de IS a partir do visionado e/ou a escoita de sesións reais de conferencias e discursos. Corrección de exercicios.

Debate	O docente e os alumnos debatirán sobre as dificultades que teñen á hora de facer os exercicios prácticos. O que se tentará procurar é que entre todos podan resolver problemas que vaian xurdindo ao longo do curso.
Estudo de casos	Neste apartado visualizaremos vídeos e textos para tentar resolver dificultades que tería un intérprete á hora de traballar.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	As dúbidas puntuais atenderanse nos horarios de titoría.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Prácticas de laboratorio	Terase en conta só para os estudantes que se acolleren á avaliación continua. Valorarase a participación na resolución de problemas derivados da práctica da IS e da tradución á vista, para alén da entrega dos traballos derivados das interpretacións corrixidas.	15	CE1 CE2 CE6 CE9 CE13 CE17 CT4 CT7 CT13 CT23
Práctica de laboratorio	Consistirá nunha proba final de interpretación simultánea de francés a galego. Para cualificar esta proba valoraranse os seguintes elementos: 1. Técnica: capacidade de escoita activa e análise; toma de decisións a respecto da información principal necesaria (estratexia mínima, principio de simplificación); estruturación (ordenar os bloques coherentemente e uso de nexos); resolución de problemas. 2. Contidos: corrección e adecuación dos contidos. 3. Produción: rexistro, fluidez, prosodia, seguridade, ritmo/compás, articulación. 4. Expresión: corrección lingüística e adecuación léxica.	85	CE1 CE2 CE6 CE9 CE13 CE17 CT4 CT7 CT13 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes serán avaliados a través dunha proba consistente na interpretación simultánea dun discurso na combinación FR>GL.
Os criterios de avaliación serán os descritos no apartado anterior.
ALUMNADO DE AVALIACIÓN CONTINUA:
A proba terá lugar na última semana do calendario lectivo.
A porcentaxe da nota do exame é do 85% para os estudantes que se acolleren a este sistema de avaliación.
Será imprescindíbel obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 na proba de interpretación simultánea para aprobar a materia no seu conxunto, ao que se sumará a puntuación acadada nos outros apartados.
ALUMNADO DE AVALIACIÓN ÚNICA:
A proba terá lugar no día indicado no calendario de exames aprobado no decanato.
A porcentaxe da nota do exame é do 100% para os estudantes que se acolleren a este sistema de avaliación.
EXAME DE XULLO
O exame da convocatoria extraordinaria de xullo celebrarase o día marcado no calendario oficial. Empregaranse os mesmos criterios de avaliación que se aplican á proba realizada na convocatoria ordinaria. Non se terá en conta o 15% correspondente á avaliación continua e a cualificación de xullo corresponderá unicamente ao resultado do exame realizado nesta convocatoria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Collados, A et al., La evaluación de la calidad en interpretación: docencia y profesión, Comares, 2003, Granada
Collados, Á. y Sabio J.A., Avances en la Investigación sobre interpretación, Comares, 2003, Granada

Iglesias Fernández, E., La didáctica de la interpretación de conferencias: Teoría y Práctica, Comares, 2007, Granada
Montero Domínguez, X., Intérpretes de cine. Análisis del papel mediador en la ficción audiovisual, Peter Lang, 2019, Berlín

Bibliografía Complementaria

Bacigalupe, L. A., Investigación experimental en interpretación de linguas, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 2003, Vigo

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01619

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104
Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313
Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101
Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01516

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Español				
Materia	Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Español			
Código	V01G230V01604			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Mascuñán Tolón, Patricia Silvia			
Profesorado	Mascuñán Tolón, Patricia Silvia			
Correo-e	mascunan@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia introdutoria ás técnicas de Interpretación Simultánea (IS) que inclúe contidos teóricos básicos sobre as distintas operacións realizadas durante a interpretación, a comunicación oral e as técnicas de procesamento da información así como a realización de exercicios prácticos de tradución a vista e de IS directa e unha introdución á IS inversa.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada	
CE6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación	• saber
CE7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización	
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• saber
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	• saber
CE12	Posuír unha ampla cultura	• saber
CE14	Dominio de ferramentas informáticas	
CE16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos	
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	• saber facer
CE20	Facilidade para as relacións humanas	• saber facer
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• saber facer
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos	• saber facer
CT4	Resolución de problemas	• saber facer
CT5	Coñecementos de informática aplicada	
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber facer
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	• Saber estar / ser
CT9	Razoamento crítico	• Saber estar / ser
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais	• Saber estar / ser
CT12	Traballo en equipo	• Saber estar / ser
CT13	Traballo nun contexto internacional	• Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser
CT16	Adaptación a novas situacións	• Saber estar / ser
CT18	Creatividade	• Saber estar / ser
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor	• Saber estar / ser
CT20	Lideranza	• Saber estar / ser
CT21	Sensibilidade co medio	• Saber estar / ser
CT23	Capacidade de traballo individual	

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

(*)Proporcionar as ferramentas básicas para a xestión do discurso discurso oído e/ou lido na lingua 1 e idioma 1.	CE5 CE6 CE7 CE11 CE14 CT5 CT6
(*)Introducir as técnicas de procura *documental e de elaboración previa e ad-hoc de *glosarios aplicados á IS.	CE5 CE6 CE7 CE8 CE10 CE12 CE14 CE21 CT3 CT4 CT5 CT6 CT16 CT23
(*)Desenvolver as habilidades de traballo en equipo	CE10 CE11 CE16 CE17 CE19 CE20 CE21 CT3 CT7 CT8 CT9 CT11 CT12 CT13 CT16 CT18 CT19 CT20
(*)Adquirir coñecementos sobre o mercado profesional da interpretación nos seus distintos ámbitos	CE9 CE18 CE20 CT14 CT16 CT21

Contidos	
Tema	
1. Introducción á Interpretación imultánea	1.1. Diferenzas con outras técnicas de interpretación: consecutiva e enlace 1.2. O intérprete como alter ego do orador o uso da primeira persoa 1.3. A contorna de traballo : as cabinas de IS: puras e mixtas; o relais/o pivot, o traballo en equipo. 1.4. O mercado laboral.
2. Os modelos teóricos da IS	2.1. A teoría do sentido. 2.2. O modelo de esforzos de Gile. 2.3. O modelo en tres niveles de Bacigalupe.
3. O modelo de esforzos en tradución a vista.	3.1. As distintas operacións 3.2. O soporte visual versus a memoria 3.3. A coordinación na T.V.
4. A tipoloxía discursiva	4.1 Persuadir 4.2. Informar 4.3. Mostrar cortesía: :discursos protocolarios 4.4. Comprender o discurso especializado
5. As estratexias e tácticas de traballo en IS	5.1. A comprensión 5.2. A reformulación 5.3. A memorización 5.4. O decalage ou atraso 5.5. Xestión de elementos puntuales: díxitos, siglas, nomes propios

6. Exercicios introdutorios á IS	6.1. Exercicios de repetición ou shadowing 6.2. Exercicios de clozing 6.3. Exercicios de reformulación 6.4. Exercicios de anticipación
7. Prácticas de introdución á tradución a vista e IS con texto	7.1. División da atención: lectura e escoita 7.2. Preparación de texto e prevención de erros 7.3. Exercicios de tradución a vista e interpretación con texto
8. Prácticas de IS con texto e IS	8.1. O produto 8.2. A calidade do discurso: produción, transmisión de contidos e expresión 8.3. A corrección: identificación de erros e as súas causas.
9. Introdución ás prácticas de *IS, TV e *IS con texto: inversa e enlace	9.1. A división da atención: novo enfoque no equilibrio dos esforzos 9.2. O produto, a calidade do discurso producido: - contido: coherencia *intra e intertextual, omisións, falsos sentidos e contrasensos - expresión: grámatica, léxico; os calcos ecóicos - produción: fluidez, prosodia.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Traballo tutelado	36	72	108
Prácticas autónomas a través de TIC	0	30	30
Seminario	5	0	5
Lección maxistral	4	0	4
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Descrición da materia e do curso Formulación de obxectivos Descrición da metodoloxía Formulación dos criterios de avaliación
Traballo tutelado	Traballos de aula Familiarización con equipos de interpretación. Explicación e prácticas de exercicios introdutorios á Traduccion a vista. Corrección de exercicios. Introdución á práctica da IS inversa e bilateral.
Prácticas autónomas a través de TIC	Prácticas individuais de IS a partir de visionado e escoita de sesións reais de conferencias e discursos on line. Corrección de exercicios.
Seminario	Recoñecemento de fenómenos relevantes. Identificación e localización de problemas de lingua, de referencias culturais e sociais, gramática de contraste e tradución. Busca de solucións: tácticas e estratexias de traballo adaptadas a necesidades e capacidades dos estudantes.
Lección maxistral	Explicación de contidos teóricos da materia que se impartirán de forma transversal nas sesións prácticas de traballo nos laboratorios de interpretación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas autónomas a través de TIC	Realizaranse mediante tutorías individuais. Escoitarase a gravación do exercicio e valorarase a corrección levada a cabo polo estudante. Non se escoitarán exercicios non corrixidos. Detectaranse erros situándoos dentro das distintas operacións da IS ou tradución a vista, analizando as súas causas e buscando solucións. Indicaranse tarefas e exercicios específicos para paliar deficiencias e erros e supervisaranse as fichas léxicas e gramaticales
Traballo tutelado	Tras a realización de interpretación simultánea con/sen texto, procederase en clase ou mediante titorías individuais á avaliación do proceso e produto; escoitarase a gravación do exercicio e valorarase a corrección realizada polo estudante.. Detectaranse erros situándoos dentro das distintas operacións da IS ou tradución a vista, analizando as súas causas e buscando solucións. Indicaranse tarefas e exercicios específicos para paliar deficiencias e erros.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Prácticas autónomas a través de TIC	Avaliarase a preparación e corrección dos contidos dos exercicios mediante a revisión de devandito traballo.	5	

Traballo tutelado	Teranse en conta só para os estudantes que se acollan á avaliación continua. Valorarase a participación na resolución de problemas derivados da práctica da IS e a Tradución a vista, a corrección exhaustiva dos exercicios practicados en clase, sendo esta supervisada no horario de titorías, así como a entrega da análise das devanditas correccións e a autoevaluación da evolución na adquisición das técnicas de interpretación e na resolución de erros. Así mesmo valorarase a entrega dunha gramática de contraste propia .	10	CE17 CE18 CE20 CE21 CT4 CT6 CT7 CT8 CT9 CT11 CT12 CT14 CT16 CT18 CT23
Práctica de laboratorio	Realización dunha proba final de interpretación con texto ou sen texto do francés ao castelán, sendo a nota máxima un 9 no primeiro caso e un 10 no *segungo. Será o propio estudante quen escolla o tipo de proba que será avaliada. Cualificaranse os seguintes elementos: -técnica: capacidade de lectura e escoita coordinadas, toma de decisións e resolución dos problemas - contidos: coherencia intra e intertextual - produción: expresión oral, rexistro, fluidez e prosodia. - expresión: gramatical e léxico Non acabar a proba, saltar, engadir ou non acabar unha frase implicarán suspender a proba. No caso da interpretación con texto, adiantarse ou atrasarse con respecto ao orador, sempre que non sexa unha técnica de décalage, implicará suspender a proba.	85	CE17 CE18 CE21 CT4 CT6 CT7 CT8 CT9 CT14 CT16 CT18 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua: a proba práctica realizarase nas últimas sesións de clase. Deberase obter un mínimo de 5 sobre 10 nesta proba para dar por aprobada a materia. Tanto a avaliación única (para aqueles/os alumnos/as que renuncien á avaliación continua) como a segunda convocatoria consistirán nunha proba de interpretación simultánea con texto ou sen texto do francés ao castelán dun discurso -sendo a nota máxima un 9 no primeiro caso e un 10 no segungo - na data oficial fixada polo centro. Os criterios de avaliación serán os expostos para a proba práctica de laboratorio. En ambos os casos, para aprobar a materia será necesario obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba.

☒

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Alonso Bacigalupe, Luis, El procesamiento de la información durante la interpretación simultánea: un modelo a tre niveles, Atrio, 2009,

Alonso Bacigalupe , Luis et alii, A Interpretación en Galiza: unha profesion emerxente, Servizo de Publicacións, 2004, Viceversa, 9-10

Errico, Elena e Morelli Mara, Le sfide della qualitá in interpretazione: ricerca, didattica e práctica professionale, FrancoAngeli, 2015,

Escandell Vidal.,María Victoria, Introducción a la pragmática, Anthropos, 2013,

Gile, Daniel, Regards sur la recherche en Interprétation de conférences, Presses Universitaires de Lille, 1995, Lille

Herbert, Jean, Manuel de l'Interprète, Georg, 1952

Monacelli, Claudia, Self-Preseration in Simultaneous Interpreting, Jonh Benjamins Publishing Company, 2009, Benjamins Translation Library vol 84

Nolan, James, Interrpretation: techniques and exercices, 2ª, Multilingual matters, 2012,

Pöcchaker, Franz and Shlesinger, Miriam, The Interpreting Studies reader, Routledge Language Letter, 2002,

Séleskovitch, Danica et Lederer, Marianne, Interpreter pour traduire, Didier Eruditions, 1986,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Francés-Español/V01G230V01904
Relacións Internacionais/V01G230V01917

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Español/V01G230V01620

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418
Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Español/V01G230V01517
Idioma 2, III: Francés/V01G230V01306

Outros comentarios

Para profundar na técnica de Interpretación Simultánea recoméndase cursar en 4º curso as materias de Interpretación Consecutiva e Interpretación Simultánea de Idioma 1 e a Interpretación de Idioma 2.
Recoméndase tamén unha actualización permanente das informacións nacionais e internacionais da actualidade política, social, económica e cultural utilizando material impreso e audiovisual, así como estar ao corrente dos debates internacionais sobre temas de distintos ámbitos.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego

Materia	Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01605			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana			
Profesorado	Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	lilianavalado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia será unha introdución á tradución inversa que lle permitirá ao alumno consolidar coñecementos previamente adquiridos sobre o proceso de tradución e as estratexias e fontes de documentación das que dispoñe para afrontalo ao tempo que lle permitirá prepararse para a tradución especializada.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber • saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber • saber facer
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• saber facer
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	• saber • saber facer
CE12	Posuír unha ampla cultura	• saber
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber • saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber • saber facer
CE22	Destrezas de tradución	• saber • saber facer
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• saber facer
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• saber
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• saber facer
CE30	Coñecemento de idiomas	• saber • saber facer
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade	• saber
CT4	Resolución de problemas	• saber • saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber facer
CT9	Razoamento crítico	• saber • saber facer
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade	• saber
CT12	Traballo en equipo	• saber facer
CT13	Traballo nun contexto internacional	• saber
CT14	Motivación pola calidade	• saber facer
CT16	Adaptación a novas situacións	• saber
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	• saber
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor	• saber
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber facer

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
O alumno será capaz de analizar o xénero e rexistro do texto fonte e as condicións da encomenda, o que lle permitirá manexar as estratexias de tradución máis apropiadas.	CE3 CE4 CT4
O alumno será capaz de identificar problemas de tradución e solventalos defendendo o seu traballo.	CE9 CE10 CE11 CE12 CE17 CE18 CE22 CT4 CT6 CT7 CT9 CT10 CT13 CT14 CT17
O alumno manexará as fontes de documentación existentes para a tradución galego-inglés e coñecerá a situación do mercado.	CE2 CE4 CE8 CE9 CE10 CT10 CT12
O alumno demostrará a súa capacidade de traballo individual e en grupo.	CE24 CE25 CE27 CE30 CE32 CT13 CT14 CT16 CT19 CT22 CT23

Contidos

Tema	
Unidade 1. A tradución inversa.	Características da tradución inversa. Tradución e cultura. Estratexias de trasvase na tradución galego-inglés.
Unidade 2. Fontes de documentación para a tradución galego-inglés.	Fontes de documentación trad. galego-inglés. O mercado laboral da tradución galego-inglés (revisión informes, estatísticas, editoriais, organismos, normas procesos...).
Unidade 3. Análise da tipoloxía textual, problemas de trasvase, factores que interveñen, propostas de tradución e a súa xustificación.	3.1. Textos instrutivos 3.2. Textos turísticos 3.3. Textos xornalísticos 3.4. Outros textos editoriais

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo previo	0	12	12
Lección maxistral	10	22	32
Actividades introdutorias	2	0	2
Seminario	2	0	2
Resolución de problemas de forma autónoma	0	20	20
Traballo tutelado	8	0	8
Resolución de problemas	30	0	30
Traballo	0	30	30
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición

Estudo previo	Lectura e análise da bibliografía obrigatoria.
Lección maxistral	Nestas sesións introduciranse os puntos teóricos que se implementarán mediante diferentes tarefas dentro e fóra da aula para que o alumno adquira e mellore as súas competencias.
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial dedicarase a explicar os obxectivos, temario, avaliación e metodoloxía docente. Uso de FAITIC. É responsabilidade do alumnado consultar as novidades e os materiais e estar atento ás probas e tarefas solicitadas.
Seminario	Nas titorías en grupos permitirán o comentario ou revisión das encomendas e entregas obrigatorias.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os aspectos teóricos exercitaranse mediante a realización de diferentes tarefas dun xeito individual e na casa.
Traballo tutelado	Formularanse tarefas de todo tipo en base a os obxetivos e competencias pertinentes, o que lle permitirá ao alumno fomentar o espíritu crítico, o traballo en equipo e a súa propia aprendizaxe.
Resolución de problemas	En grupos ou en parellas os alumnos terán que realizar diversas tarefas para implementar os coñecementos teóricos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	En grupo ou individual para solventar dúbidas ou problemas.
Probas	Descrición
Traballo	Acquisición e consolidación dos coñecementos dun xeito práctico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Lectura obrigatoria individual (20%). O alumnando terá que entregar unha tarefa sobre a novela/lectura de poesía obrigatoria. Se non a entrega, ou a entrega non ten un mínimo de calidade, terá unha penalización de 0,4 na cualificación final. Todas as tarefas faranse en inglés.	20	CE3 CE4 CE8 CE10 CE18 CE22 CE24 CE30 CE32 CT4 CT6 CT7 CT9 CT17 CT22 CT23

Traballo	Dúas encomendas de tradución individuais en inglés. Data entrega primera encomenda:do 5 ao 9 de marzo (25%). Data entrega segunda encomenda: do 2 ao 6 de abril (25%). Ao logo do curso, fixarase a data concreta e os contidos da encomeda.	50	CE2 CE3 CE4 CE8 CE9 CE11 CE12 CE17 CE18 CE22 CE24 CE25 CE27 CE30 CE32 CT4 CT6 CT7 CT9 CT10 CT13 CT14 CT16 CT17 CT19 CT22 CT23
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame final da materia que terá unha parte práctica que consitirá nunha tradución ó inglés (con dicionarios e glosarios, pero sen ordenador). A data da proba será na penúltima sesión de aula. Ao longo do curso, fixarase a data concreta e os contidos. O alumnado que suspenda esta proba terá que repetila en xullo.	30	CE3 CE4 CE9 CE17 CE18 CE22 CE25 CE30 CT4 CT7 CT9 CT16 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

A materia impartirase en inglés.

O alumnado de avaliación contínua ten que entregar, en prazo e en FAITIC ou na aula, TODAS a tarefas solicitadas pola profesora.

A proba de avaliación única (o alumando que escolla escollerse a esta modalidade de avaliación deberá comunicalo por correo electrónico á docente durante as dúas priemiras semanas de sesións) será na data oficial (maio/xullo) establecida no calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade. A parte teórica versará sobre os contidos da materia e as lecturas obrigatorias establecidas en cada unidade (e a novela obrigatoria). O alumnado terá que redactar esta parte en inglés. A parte práctica do exame final será unha tradución ao inglés dun texto que siga a tipoloxía dos contidos da materia, e un comentario crítico tradutolóxico das súas propostas de tradución (redactado en inglés). O alumnado poderá utilizar material de consulta (dicionarios ou glosarios), pero non fontes telemáticas. O alumnado terá que superar as dúas partes da proba. A

teoría suporá o 30% do exame e a práctica o 70%.

Aos alumnos que sigan a avaliación continua gardaráselles as partes superadas para a convocatoria de xullo.

En todas as probas e tarefas catro erros gramaticais serios implicarán un suspenso (un 3,5/10).

Se se detecta que os traballos ou tarefas son plaxios, a cualificación será 0.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

ISO, ISO 17100:2015. Translation services -- Requirements for translation services, ISO, 2015, Vernier

Mossop, B., Editing and Revising for Translators, Routledge, 2014, Londres

Recomendacións

Outros comentarios

A bibliografía completarase durante as sesións.
O alumnado debe ter unha competencia C1 na lingua inglesa.
A planificación poderá modificarse para axustarse á heteroxeneidade do alumnado.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 1, III: Inglés-Español				
Materia	Tradución idioma 1, III: Inglés-Español			
Código	V01G230V01606			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Correo-e	brodriguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia será unha introdución á tradución inversa que lle permitirá ao alumnado consolidar coñecementos previamente adquiridos sobre o proceso de tradución e as estratexias e fontes de documentación das que dispoñen para afrontalo, ao tempo que lle permitirá prepararse para a tradución especializada.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber • saber facer
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• saber
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber • saber facer
Materia	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01703			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	López González, Rebeca Cristina			
Profesorado	García Oya, Elisabet López González, Rebeca Cristina Veiga Díaz, María Teresa			
Correo-e	rebecalopez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo principal formar os estudantes na práctica da tradución directa e inversa inglés-español nos eidos legal e institucional, cos obxectivos secundarios de orientalos de cara á comprensión profunda dos textos destes eidos, de dotalos duns coñecementos básicos sobre dereito e xestión, de proporcionarlles unha certa perspectiva das condicións do mundo da tradución profesional e de fomentar o espírito crítico de cara á actividade da tradución.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber • saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• Saber estar / ser
CE22	Destrezas de tradución	• saber • saber facer
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións	• saber
CT4	Resolución de problemas	• saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	• Saber estar / ser
CT9	Razoamento crítico	• saber facer • Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber facer
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias

Ser quen de comprender os textos máis complexos de natureza xurídica e administrativa para desenvolverse mellor ante as administracións e a xusticia.	CB1 CB5 CE4 CE8 CE26 CT6 CT9 CT15
Adquirir uns coñecementos básicos sobre dereito e xestión que poidan aplicar na tradución de diversos tipos de documentos xurídicos e administrativos.	CB1 CB3 CB5 CE8 CE26 CT6 CT9 CT15
Adquirir un certo espírito crítico respecto á calidade e fiabilidade dos textos orixinais, das fontes documentais e das traducións propias e alleas. Desenvolver a determinación para defender as decisións tomadas de xeito razoado en calquera tradución que fagan e os procesos diplomáticos e de crítica construtiva asociados á revisión de textos traducidos por outros.	CB3 CE4 CE17 CE21 CE22 CT6 CT8 CT9 CT14 CT15
Ser quen de traducir do inglés ao castelán (castelán ao inglés), dun xeito preciso e co estilo axeitado, os textos máis complexos de natureza xurídica e administrativa.	CB2 CB4 CE4 CE8 CE17 CE21 CE22 CE26 CT4 CT6 CT14 CT15 CT22

Contidos	
Tema	
FONTES DE DOCUMENTACIÓN PARA A TRADUCIÓN XURÍDICO-ADMINISTRATIVA.	Textos de aplicación ao dereito e textos xudiciais. Organización e administración da xustiza inglesa. (Docente: María Teresa Veiga Díaz)
TEXTOS E TRADUCIÓN: DIRECTA	Definición, análise textual e tradución de: Demanda. Documentos notariais. Sentenza. (Docente: Elisabet García Oya)
TEXTOS E TRADUCIÓN: INVERSA	Definición, análise textual e tradución de: Contratos. Notificación. Testamento. (Docente: Rebeca Cristina López González)

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	16	0	16
Estudo previo	14	18	32
Traballo tutelado	6	0	6
Resolución de problemas de forma autónoma	0	16	16
Actividades introdutorias	6	0	6
Práctica de laboratorio	4	48	52

Resolución de problemas e/ou exercicios	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	As sesións maxistrais consistirán nunha exposición por parte das docentes de todas as cuestións teóricas que resulten oportunas para desenvolver cada un dos temas que se imparten, o que inclúe cuestións tradutolóxicas mediante lecturas orientadas ó ámbito de traballo da tradución xurídica e administrativa e cuestións relativas ós contidos especializados desta materia.
Estudo previo	Nestas sesións as docentes proporcionarán información sobre os temas que compoñen os textos que se traducirán. Insisitirase na fase de documentación previa á realización de encomendas e traducións na aula. As docentes recomendarán certas fontes pero espérase que os alumnos tamén aporten documentación paralela que axude á realización das súas versións.
Traballo tutelado	Realizaranse na aula varios exercicios de análise textual e de tradución supervisada, individuais e en grupo. Realizarase atención personalizada dos estudantes durante as titorías. A plataforma de teledocencia FAITIC funcionará como medio para incluír os materiais necesarios para o deselvolvemento da materia e para a comunicación individualizada de calificacións, etc. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e estar ó tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar. A atención do alumnado que non asista ás clases realizarase unicamente no horario de titorías. Os periodos correspondentes coas revisións de traballos, encomendas e exames non superarán as 3 semanas e realizaranse durante as titorías do profesorado.
Resolución de problemas de forma autónoma	Estas actividades consistirán, sobre todo, na tradución dos textos propostos nas sesións na forma de encomendas avaliables que deberán realizarse de maneira autónoma ou grupal.
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias consistirán na realización de microtraducións nas cales aparecerán reflectidos os principais problemas aos cales se enfrontan os tradutores xurídicos e administrativos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Primeiras lecturas teóricas que contextualicen a materia. Tradución de fragmentos de varios textos e revisión dos mesmos para salientar aspectos que poderán empregarse en textos diversos. Análise das dificultades que presentan os textos xurídicos e administrativos.
Estudo previo	Previa á realización das traducións dos textos propostos na aula, levarase a cabo unha análise da tipoloxía textual do texto de maneira conxunta para cada tema. Proporanse lecturas teóricas que introduzan cada texto práctico. Esperase a participación activa dos alumnos na procura de textos que axuden a mellorar as súas destrezas como tradutores.
Traballo tutelado	Durante a realización de traballos na aula, avaliaranse de maneira individual o traballo realizado polos estudantes, supervisándose, corrixindo e explicando as súas opcións tradutolóxicas. Na resolución de problemas e actividades de forma autónoma, avaliarase o traballo dos estudantes, a súa maneira de coordinarse e organizar as tarefas e o desenvolvemento da tradución antes da súa entrega final.
Probas	Descrición
Práctica de laboratorio	As probas prácticas realizaranse nas datas publicadas na plataforma FAITIC, e nas datas oficiais do calendario aprobado pola Xunta de Facultade da FFT. Para as encomendas establécense os prazos de entrega indicados no apartado 'Avaliación' desta guía docente.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Práctica de laboratorio	As probas prácticas consistirán nun total de dúas traducións realizadas fóra da aula (directa (20%) e inversa (20%)) e dous exames prácticos (directa (20%) e inversa (20%)). A entrega fóra de prazo do encargo contará como un 0. Realizaranse como traducións realizadas fóra da aula un encargo de grupo para a parte de directa cuxa data de entrega será a mediados de novembro de 2019 e un encargo de grupo para a parte de inversa cuxa data de entrega será a principios de novembro de 2019.	80	CB2 CB3 CB4 CE4 CE17 CE21 CE22 CE26 CT4 CT6 CT9 CT14 CT15 CT22
Resolución de problemas e/ou exercicios	A proba teórica celebrarase de acordo coa data publicada en FAITIC e na segunda sesión presencial da sexta semana do curso.	20	CB1 CB3 CB4 CB5 CE26 CT6 CT8 CT9 CT15

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA: Cada alumno poderá acollerse a dúas oportunidades de avaliación por curso, decembro e xullo. Só se realizará avaliación continua para a convocatoria de decembro, e acollerse á avaliación continua implicará consumir a convocatoria oficial de decembro (data no calendario oficial). Os alumnos que desexen acollerse á avaliación continua deberán indicarllo á docente Rebeca López durante a primeira semana da materia na ficha que se debe entregar con foto. A entrega dunha soa encomenda avaliable suporá a aceptación implícita da avaliación continua. Os estudantes que escollan a avaliación continua deberán facer unha proba teórica que se celebrará nas aulas asignadas para cada grupo (datas, aulas e horarios en Faitic). Os alumnos que suspendan na primeira edición de actas poderanse presentar á convocatoria de xullo, sendo o exame similar á da primeira edición de actas sen avaliación continua. Para aprobar é necesario obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes das que consta a asignatura (teoría, directa e inversa). Para facer o cálculo da calificación da parte de directa e inversa realizarase a media entre a nota da encomenda de grupo e o exame práctico de cada unha das partes prácticas. Excepcionalmente, poderá negociarse cós alumnos de avaliación continua, sempre e cando unicamente suspendan 1 das 3 partes das que consta a materia, a realización desta parte na segunda convocatoria de actas (xullo). AVALIACIÓN ÚNICA OU NON CONTINUA:

Os exames sen avaliación continua consistirán en tres preguntas teóricas breves, que poderán responderse en galego, castelán ou inglés e suporán o 20 % da nota; un exercicio de tradución directa, que suporá o 40 % da nota; e un exercicio de tradución inversa que suporá o 40% da nota. A data desta proba é a que aparece no calendario oficial de exames. Para aprobar a materia deben superarse as tres partes das que consta (teoría, directa e inversa) cunha nota mínima de 5 en cada unha delas. Copiar doutro alumno ou dunha terceira persoa nunha encarga ou nun exame suporá un suspenso automático, e ademais posible apertura de expediente contra o alumno. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto. OUTROS COMENTARIOS: En calquera das probas, traballos ou exercicios, independentemente da convocatoria e do sistema de avaliación elixido, obterán a cualificación de suspenso aqueles alumnos que: -Cometan máis de dúas faltas de ortografía (este criterio non se aplicará nas tarefas de tradución inversa). -Non realicen correctamente a tradución de cuantías e cifras (directa e inversa). -Cometan máis de dous erros gramaticais na parte directa (catro no caso das tarefas de tradución inversa). A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística. -Cometan un contrasentido (aplicable ás traducións). -Incorran en plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto. -A docencia de cada parte dos contidos poderá experimentar modificacións de acordo coas necesidades do alumnado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Alcaraz Varó, E., El inglés jurídico: textos y documentos, Ariel, 2000, Barcelona
Alcaraz Varó, E. & Hughes, B., Diccionario de términos jurídicos, Ariel, 2003, Barcelona
Valpuesta Gastamiza, E.M., Introducción al derecho para no juristas, Eunate, 1996, Pamplona
Mayoral Asensio, R., Translating Official Documents, St Jerome, 2003, Manchester
Borja Albi, A., El texto jurídico inglés y su traducción al español, Ariel, 2000, Barcelona

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/V01G230V01991

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Relacións Internacionais/V01G230V01917
Tradución económica idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01802

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302
Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés/V01G230V01417
Tradución idioma 1, I: Inglés-Español/V01G230V01310
Tradución idioma 1, II: Inglés-Español/V01G230V01503

Outros comentarios

A docencia desta asignatura poderá experimentar variacións para adaptarse ás necesidades docentes e dos estudantes.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Francés-Español

Materia	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Francés-Español			
Código	V01G230V01705			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua impartición	Castelán Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cruces Colado, María Susana			
Profesorado	Cruces Colado, María Susana Marta Rodríguez, Valentina			
Correo-e	scruces@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo principal iniciar ao alumnado na práctica da tradución directa e inversa francés-castelán de textos procedentes do ámbito xurídico e administrativo cos obxectivos de orientalos cara á comprensión dos xéneros textuais propios de devanditos ámbitos, de dotalos duns coñecementos básicos sobre dereito de proporcionarlles una certa perspectiva das condicións do mundo da tradución profesional e de fomentar o espírito crítico cara á actividade da tradución. Cando nos referimos a xurídicos e administrativos incluímos tanto os textos que xeran organismos institucionais de ámbito local, autonómico, estatal e *supraestatal, ben por iniciativa lexislativa propia, ben nos textos xerados a partir da súa relación cos administrados ou das relacións dos organismos entre si; con esta mesma denominación incluímos os textos das institucións do dereito nas súas decisións xurisdiccionais tanto nas súas relacións cos cidadáns e destes entre si a través dos axentes da Xustiza. A materia impartirase en sesións alternas cada semana dedicadas á tradución directa (profesora: Susana Cruces Colado) e á tradución inversa (profesora:Valentina Marta Rodríguez).			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer • Saber estar / ser
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber • saber facer
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• Saber estar / ser
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• Saber estar / ser
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización	• saber
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións	• saber
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• Saber estar / ser
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber facer
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos	• saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT9	Razoamento crítico	• saber facer • Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber facer
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	• Saber estar / ser
CT23	Capacidade de traballo individual	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Ser capaces de comprender textos de natureza xurídica e administrativa identificando o campo temático e o xénero textual	CB1 CB5 CE1 CE3 CE26 CE27 CT9 CT15 CT23
Ser capaz de traducir do francés ao castelán e do castelán ao francés dunha maneira precisa e co estilo idóneo, os textos de natureza xurídica e administrativa.	CB2 CB4 CE1 CE2 CE3 CT1 CT3
Adquirir uns coñecementos básicos sobre dereito e administración dos ordenamentos xurídicos de países francófonos para que que se poidan aplicar á tradución de diversos xéneros de documentos xurídicos e administrativos.	CB1 CB3 CB5 CE8 CE24 CE26 CT6 CT15 CT17 CT23
Coñecer os aspectos profesionais da tradución xurídica e xurada	CB3 CB4 CB5 CE2 CE9 CE25 CE26 CE27 CT9 CT14 CT17

Contidos	
Tema	
1. A tradución xurídica, xurada, xudicial, administrativa	1.1 Características e diferenzas entre tradución xurídica, xurada, xudicial, administrativa 1.2 Lexislación española sobre tradución 1.2.1 Tradución en dereito civil 1.2.2 Tradución en dereito penal. A directiva 2010/64 1.2.3 A tradución xurada. A OIL
2. As especificidades da lingua xurídica	2.1 A lingua xurídica francesa 2.2 A lingua xurídica española 2.3 Fontes de documentación da lingua xurídica francesa e española
3. Elementos básicos da organización xurídica e administrativa nas diferentes comunidades lingüísticas	3.1 O sistema administrativo e xurídico nas diferentes comunidades francófonas 3.2 O sistema xurídico-administrativo español
4. Ramas do Dereito, Administracións e xéneros textuais	4.1 Dereito civil: actos do rexistro civil (partidas de nacemento, certificados de matrimonio, defunción), sentenzas 4.2 Dereito Mercantil: actos do rexistro mercantil, contratos 4.3 Dereito administrativo 4. 4 Dereito Penal: sentenzas, autos, comisións rogatorias 4.5. Dereito Internacional Público: convenios e tratados internacionais 4.6 Dereito Comunitario: regulamentos, directivas, ditames, sentenzas TJUE 4.7 Administración: certificados, recursos, notificacións
5. O exercicio da profesión	5.1 A tradución para a xustiza 5.2 A tradución/interpretación xurada 5.3 Deontología

6. Prácticas de tradución directa e inversa Os temas teóricos iranse desenvolvendo en paralelo ás prácticas de tradución. Nesta parte daranse as indicacións e recomendacións necesarias para a presentación das traducións xuradas.	6.1 Textos rexistrais: estado civil, rexistros de vehículos, certificados de antecedentes penais. (fr-é; é-fr) 6.2 Textos procedentes da administración educativa: certificados de notas, títulos, outras certificacións. (fr-é; é-fr) 6.3 Textos do ámbito civil: sentenzas de divorcio; testamentos; outras sentenzas. (fr-é; é-fr) 6.4 Textos de ámbito penal: comisións rogatorias, denuncias, ateigados (fr-é; é-fr) 5.5 Textos notariais (poderes, testamentos) 5.6 Textos institucionais: Comisión Europea (fr-é) .

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	2	6	8
Lección maxistral	16	30	46
Prácticas en aulas informáticas	26	22	48
Traballo tutelado	4	24	28
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	20	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Presentación	Exposición oral en francés de 10-15 minutos (aproximadamente) que realizará o alumnado por grupos sobre temas indicados polas docentes. Debe presentarse ademais un resumo escrito.
Lección maxistral	. As sesións maxistrais consistirán na exposición por parte do docente de todas as cuestións teóricas precisas para desenvolver así como as cuestións traductológicas específicas do ámbito xurídico e administrativo na combinación fr-é-fr. Estas complementaranse con lecturas obrigatorias e coas presentacións (exposicións orais) que realizará o alumnado por grupos sobre temas indicados polas docentes.
Prácticas en aulas informáticas	Realizaranse, baixo a supervisión das docentes, traducións, revisións ou traballos de procura documental e terminolóxica, comparación de textos paralelos, avaliación de fontes de información, etc. Algúns destes traballos serán de entrega obrigatoria para ser avaliados
Traballo tutelado	O traballo tutelado consistirá na elaboración e entrega de dous encargos de tradución; un de directa e outro de inversa. Ademais da tradución pedirase unha breve caracterización do xénero textual, un comentario do proceso de tradución onde se xustifiquen as decisións tomadas e unha bibliografía.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	As docentes indicarán o tema da exposición oral, planificarán o calendario para esta, e en titorías presenciais de preferencia, proporcionarán as fontes bibliográficas necesarias para a súa preparación.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Lección maxistral	Faranse probas escritas de resposta curta sobre os contidos das leccións maxistrais, das lecturas complementarias e das presentacións en francés do alumnado. Poden ter lugar despois destas sesións ou nunha data fixada de común acordo co alumnado. As presentacións avaliaranse neste apartado. É necesario obter un 5 para poder facer media coas outras partes.	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CE2 CE3 CE9 CE24 CE25 CE26 CT1 CT6 CT9 CT15 CT17 CT23
Traballo tutelado	O traballo tutelado consistirá na elaboración e entrega de dous encargos de tradución; un de directa (20%) e outro de inversa (20%). O encargo de tradución directa entregarase a última semana de novembro. O encargo de tradución inversa entregarase a segunda semana de decembro. Ademais da tradución pedirase unha breve caracterización do xénero textual, un comentario do proceso de tradución onde se xustifiquen as decisións tomadas e unha bibliografía. É necesario que ambos estean aprobados para facer a media.	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CE1 CE2 CE3 CE8 CE9 CE24 CE25 CE26 CE27 CT3 CT6 CT9 CT14 CT15 CT17 CT23

Prácticas en aulas informáticas	Realizaranse, baixo a supervisión das docentes, traducións, revisións ou traballos de procura documental e terminolóxica. Valorarase a presentación dun glosario *bilingüe.	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE8 CE9 CE24 CE25 CE26 CE27 CT1 CT3 CT6 CT9 CT14 CT15 CT17 CT23
Resolución de problemas e/ou exercicios	Na data oficial fixada pola Facultade farase un exame de tradución directa (15%) e outro de tradución inversa (15%). É necesario que ambos estean aprobados para facer a media.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CE1 CE2 CE3 CE8 CE9 CE24 CE25 CE26 CT3 CT6 CT9 CT14 CT15 CT17 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas, etc. O plaxio ou copia cualificarase cun 0, que computará para a nota final. O exercicio ou traballo que fose obxecto de copia ou plaxio non se poderá repetir. Considérase plaxio o uso de programas de tradución automática, mesmo con correccións.
RESUMO DE PORCENTAXES 15 % Contidos teóricos 15%
Prácticas na aula 35%
Tradución DIRECTA (20% ENCARGO 15% EXAME) 35% Tradución INVERSA (20% ENCARGO 15% EXAME)
AVALIACIÓN CONTINUA 1 - O alumnado deberá informar o profesorado nas dúas primeiras semanas de clase a súa decisión de acollerse á avaliación continua ou non. Para esta recoméndase a asistencia continuada a clase. 2 - Aquelas persoas que por motivos de traballo ou familiares non poidan asistir ás clases, deben comunicalo persoalmente ao profesorado para que tomen as medidas compensatorias para facilitar a

conciliación laboral e familiar.
3 - O non entregar algún dos encargos ou non realizar algunha das probas implicará a perda do dereito á avaliación continua e a anulación de todas cualificacións obtidas anteriormente. Será obrigatorio entón presentarse á convocatoria única. 4 - O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo na data publicada polo decanato.
Conservaranse as partes aprobadas, e só haberá que repetir aquelas que estean suspensas (encargos, exames e parte teórica)

CONVOCATORIA ÚNICA (DECEMBRO E XULLO) O alumnado que non se acolla á avaliación continua ou que teña a materia pendente de cursos anteriores presentarase na data oficial do exame (decembro ou xullo segundo corresponda) publicada polo decanato unha proba que consistirá en:
1. Tradución directa (25%) e inversa (25%): 50% da nota. É necesario aprobar ambas as partes para fai a media (2 h 1/2)
2. Cuestionario sobre teoría de preguntas de respostas curtas: 20% da nota. É necesario aprobar esta parte para fai a media coas traducións. (1/2 hora) 3. Revisión e corrección dun TO e a súa tradución (30%). (1 hora)
Todo o material para poder cursar a materia atoparase a disposición do alumnado na palataforma Faitic.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

La bibliografía completa estará disponible en Faitic,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución económica idioma 1: Francés-Español/V01G230V01804

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Relacións Internacionais/V01G230V01917

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313
Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518
Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Outros comentarios

Forma parte do traballo autónomo do alumnado a lectura tanto de libros como de diarios, blogs e revistas da actualidade social, como o visionado de películas e series das culturas francófonas e española.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución económica idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Tradución económica idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01801			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	García González, Marta			
Profesorado	García González, Marta			
Correo-e	mgarciag@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia é unha introdución á tradución directa e inversa de textos de temática económica e comercial, a través do estudo teórico e o traballo práctico directo e inverso con diferentes tipos de discursos. Enténdese que o alumnado está familiarizado cos principios metodolóxicos básicos da tradución e que posúe un coñecemento excelente das linguas de traballo.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber • saber facer
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada	• saber facer
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• Saber estar / ser
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	• saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CE21	Rigor e seriedade no traballo	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE22	Destrezas de tradución	• saber facer
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

- Adquirir o coñecemento das características fundamentais dos xéneros textuais máis relevantes dos eidos económico-empresarial e comercial nas correspondentes linguas, con perspectiva contrastiva e tradutiva.	CB4 CB5 CE1 CE2 CE4 CE8 CE24
- Adquirir o coñecemento das características fundamentais do léxico e da morfosintaxe das linguas especializadas económico-empresarial e comercial, utilizadas nas diferentes comunidades socioculturais vinculadas pola tradución	CB4 CB5 CE1 CE3 CE4 CE24
- Adquirir as bases para o recoñecemento dos diferentes tipos de tradución practicados no eido profesional dos campos económico-empresarial e comercial e para seleccionalos eficazmente en función dos correspondentes xéneros textuais e contextos de traballo.	CB2 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE17 CE18 CE22 CE24
- Recoñecer no texto de partida económico-empresarial ou comercial as estructuras léxicas e morfosintácticas e os trazos textuais e culturais que, no marco da correspondente tradución, poidan resultar críticos ou problemáticos.	CB2 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE17 CE22
Detectar e analizar elementos problemáticos de maneira autónoma e eficaz e aplicar as pertinentes estratexias no marco da correspondente tradución dos textos económico-empresariais e comerciais.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE9 CE18 CE21 CE22 CE24
Integrarse, sexa como coordinador, sexa como tradutor, documentalista ou revisor, en equipos de tradución, para a resolución conxunta de encomendas, aceptando as opinións dos demais e sendo capaz de defender xustificadamente as propias. Respectar os prazos e o traballo dos outros integrantes do equipo.	CE10 CE11 CE17 CE21 CE24

Contidos	
Tema	
A documentación para a tradución económica.	As necesidades de documentación na tradución económica Fontes terminolóxicas Fontes de documentación institucional Outras fontes de documentación Busca e procesamento de información Internet como fonte de documentación

Os tipos de erros da tradución económica	Erros lingüísticos Erros textuales Erros extralingüísticos Problemas de intencionalidade Problemas pragmáticos Os falsos amigos
Introdución á tradución directa de textos de temática microeconómica	Principios básicos de microeconomía Optimización, árbores de decisión Teoría de xogos Oferta e demanda
Tradución directa de textos de temática macroeconómica	Principios básicos de macroeconomía Desemprego Prezos, inflación e xuros PIB Comercio internacional
Introdución á tradución inversa de textos de temática contable	Contabilidade financeira

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	2	6
Estudo previo	10	15	25
Estudo de casos	30	45	75
Práctica de laboratorio	2	2	4
Traballo	0	23	23
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	15	17

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Nas actividades introdutorias valorarase o nivel de coñecementos previos de economía dos estudantes.
Estudo previo	Nas sesións de estudo e actividades previas a docente proporcionará información sobre os diferentes temas que compoñen os contidos. Ademais, os estudantes deberán adquirir pola súa conta coñecementos sobre un tema económico, por medio da busca documental e o procesamento da información buscada. Tamén se incluirá nesta fase a lectura obrigatoria dunha obra sobre temática económica.
Estudo de casos	Realizaranse na aula e nos períodos de traballo autónomo do estudante exercicios de análise textual e de tradución supervisada, individuais e en grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Durante a realización de traballos de aula, a docente avaliará de maneira individualizada o traballo realizado polos estudantes, supervisando, corrixindo e explicando as súas opcións traductolóxicas. Tamén se realizará atención personalizada dos estudantes durante as titorías oficiais da docente. A plataforma de teledocencia faitic empregarase como medio para a posta a disposición dos estudantes dos materiais necesarios para o desenvolvemento da materia e para a entrega de traballos e realización de tarefas por parte destes, así como para comunicación individualizada de correccións, cualificacións, etc. A atención do alumnado que non asista ás clases realizarse unicamente en horario de titorías.
Probas	Descrición
Traballo	Na resolución de problemas e exercicios de forma autónoma, avaliarase o traballo dos estudantes, a súa forma de coordinarse e organizar as tarefas, e a evolución da tradución antes da entrega final. Tamén se realizará atención personalizada dos estudantes durante as titorías oficiais da docente. A plataforma de teledocencia faitic empregarase como medio para a posta a disposición dos estudantes dos materiais necesarios para o desenvolvemento da materia e para a entrega de traballos e realización de tarefas por parte destes, así como para comunicación individualizada de correccións, cualificacións, etc. A atención do alumnado que non asista ás clases realizarse unicamente en horario de titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Práctica de laboratorio	Os alumnos deberán realizar dúas probas individuais de tradución con tempo e material controlados. Cada unha delas representará o 20% da nota final. A primeira celebrarase na metade do cuadrimestre e a segunda na data oficial de exames marcada polo decanato	40	CB2 CB4 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE17 CE18 CE22
Traballo	Os alumnos deberán executar un proxecto de tradución tutelado en grupo. O traballo desenvolverase ao longo de todo o cuadrimestre.	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE9 CE10 CE11 CE17 CE18 CE21 CE22 CE24
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os alumnos realizarán probas de resposta curta relacionados cos contidos teóricos da materia e co libro de lectura obrigatoria. A proba de lectura obrigatoria do libro realizarase na cuarta semana de docencia presencial.	20	CB1 CB5 CE9 CE18 CE24

Outros comentarios sobre a Avaliación

A obra de lectura obrigatoria anunciarase a través da plataforma de teledocencia faitic na primeira semana de clase.

Na convocatoria de maio existirán dúas posibilidades de avaliación, a continua ou a única.

Os alumnos que desexen acollerse á avaliación única deberán indicarllo á profesora durante as dúas primeiras semanas de clase. Transcorrido ese período, entenderase que os alumnos que non o fixeron optan pola avaliación continua.

Avaliación continua:

As probas para a avaliación continua serán as indicadas no apartado de avaliación desta guía, nas porcentaxes expresadas. A materia terá dúas partes vinculadas pero diferenciadas (teoría e tradución) e será obrigatorio que os estudantes superen as dúas para superar a materia. Dentro da parte de tradución, haberá avaliación individual e en grupo. Os estudantes que superen a tradución en grupo pero non a tradución individual deberán recuperar en xullo a parte de tradución individual.

As probas de resposta curta corresponderanse coa parte teórica da materia, que incluirá a lectura obrigatoria de varios textos sobre economía e tradución e dun libro de lectura obrigatoria a longo do curso. Estas lecturas poranse a disposición dos alumnos na plataforma de teledocencia. Para a resolución das probas da parte teórica non se permitirá o emprego de materiais. Todas as actividades da parte teórica da materia serán de carácter obrigatorio, polo que se non se realizan durante o curso terán que realizarse na convocatoria de xullo.

Na parte de tradución faranse probas de tipo "probas prácticas" e "traballos e proxectos". Nas probas de tradución só se permitirá o uso de materiais controlados, que se comunicarán na clase. Todas as actividadesavaliables da parte práctica da materia serán de carácter obrigatorio. A cualidade dos traballos de tradución avaliarase por medio de rúbricas que se publicarán no apartado correspondente de faitic antes da realización de cada proba.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que teñan lugar as probas de avalliación.

Avaliación única:

Aqueles estudantes que poidan demostrar documentalmente (contrato de traballo con incompatiblidade horaria ou semellante) que non poden facer avaliación continua, poderán optar por comprimir as probas durante o período oficial de exames marcado polo decanato. No entanto, as probas realizadas serán as mesmas que se inclúen na avaliación continua (tradución de dous textos, unha directa e outra inversa, proba teórica e proba de lectura do libro obrigatorio, e proxecto de documentación e tradución, neste caso individual e non tutelado). As porcentaxes neste caso serán as seguintes:

Probas de tradución: 50% (25% cada unha)

Traballo de documentación e tradución: 25%

Teoría e lectura do libro obrigatorio: 25%

Todas as probas realizaranse na data oficial fixada polo decanato, non sendo o traballo non tutelado, cuxa formulación se porá a disposición dos estudantes en faitic na mesma data que a dos alumnos de avaliación continua e terá como data de entrega o 24 de maio. Será obrigatorio que o estudante supere as tres partes para aprobar a materia e non se gardarán as partes aprobadas para o curso seguinte. Para as respostas ás preguntas da proba de teoría poderá empregarse calquera das dúas linguas da combinación lingüística da materia e ningún material. Non se permitirá o uso de medios telemáticos para as traducións nin medios de ningún tipo para a parte teórica e de lectura do libro.

Na convocatoria de xullo, a avaliación consistirá nas mesmas probas que a avaliación continua (tradución de dous textos, unha directa e outra inversa, proba teórica e proba de lectura do libro obrigatorio, e proxecto de documentación e tradución, neste caso individual e non tutelado). As porcentaxes neste caso serán as seguintes:

Probas de tradución: 50% (25% cada unha)

Traballo de documentación e tradución: 25%

Teoría e lectura do libro obrigatorio: 25%

Todas as probas presenciais realizaranse na data oficial fixada polo decanato, data na que se entregará tamén o traballo non tutelado, cuxa formulación se porá a disposición dos estudantes en faitic na mesma data que a dos alumnos de avaliación continua. Será obrigatorio que o estudante supere as tres partes para aprobar a materia e non se gardarán as partes aprobadas para o curso seguinte. Para as respostas ás preguntas da proba de teoría poderá empregarse calquera das dúas linguas da combinación lingüística da materia. Non se permitirá o uso de medios telemáticos para as traducións nin medios de ningún tipo para a parte teórica e de lectura do libro.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que teñan lugar as probas de avalliación.

En calquera das probas, traballos ou exercicios, independentemente da convocatoria e do sistema de avaliación elixido, obterán a cualificación de 0 aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía.

- Cometan máis de dous erros gramaticais.

- Cometan un contrasentido grave ou dous falsos sentidos graves.

- Incorran en plaxio total ou parcialmente. Alegar descoñecemento de que é un plaxio non eximirá o alumno da súa responsabilidade neste aspecto.

A cualidade dos traballos de tradución avaliarase por medio de rúbricas que se publicarán no apartado correspondente de faitic antes da realización de cada proba.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bauman, Y.; Klein, G., The Cartoon Introduction to Economics: Volume one. Microeconomics, Hill and Wang, 2010, New York

Bibliografía Complementaria

Alcaraz Varó, E., El inglés jurídico: textos y documentos, Ariel, 1994, Barcelona
Alcaraz Varó, E.; Campos Pardillos, M.A.; Miguélez, C., El inglés jurídico norteamericano., Ariel, 2001, Barcelona
Bauman, Y.; Klein, G., The Cartoon Introduction to Economics: Volume two. Macroeconomics, Hill and Wang, 2012, New York
García Durán, J.A., Introducción a la economía, Ariel, 2003, Barcelona
López Vidal, M.P. et alii, Economía e organización de empresas, Grupo Academia Postal, 1998, Ourense
Pardellas, X., Economía Básica, Xerais, 2006, Vigo
Pizarro, I., Análisis y traducción del texto económico, inglés-español, Netbiblo, 2010, A Coruña

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Alemán-Galego/V01G230V01943

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309
Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502
Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego/V01G230V01605
Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01702

Outros comentarios

É imprescindible que o estudante intente estar ao día da actualidade económica internacional e nacional, e que se afaga a ler textos de temática económica e comercial nas linguas de traballo da materia.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución económica idioma 1: Inglés-Español				
Materia	Tradución económica idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01802			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	López González, Rebeca Cristina			
Profesorado	López González, Rebeca Cristina			
Correo-e	rebecalopez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia é unha introdución á tradución directa e inversa de textos de temática económica e comercial, a través do estudo teórico (20%) e traballo práctico directo (40%) e inverso (40%) con diferentes tipos de discursos. Enténdese que o alumnado está familizarizado cos principios metodolóxicos básicos da tradución e que posúe un coñecemento excelente das linguas de traballo.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer • Saber estar / ser
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer • Saber estar / ser
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada	• saber • saber facer
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber • saber facer
CE22	Destrezas de tradución	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións	• saber • saber facer
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT4	Resolución de problemas	• saber • saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber • saber facer
CT9	Razoamento crítico	• saber • Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber • saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
- Adquirir o coñecemento das características fundamentais do léxico e da morfosintaxe das linguas especializadas económico-empresarial e comercial, utilizadas nas diferentes comunidades socioculturais vinculadas pola tradución	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE5 CE22 CE26 CT4 CT6 CT9 CT14
- Adquirir o coñecemento das características fundamentais dos xéneros textuais máis relevantes dos eidos económico-empresarial e comercial nas correspondentes linguas, con perspectiva contrastiva e tradutiva.	CB2 CB3 CB4 CE5 CE8 CT4 CT6 CT9 CT22
- Adquirir as bases para o recoñecemento dos diferentes tipos de tradución practicados do eido profesional dos campos económico-empresarial e comercial e para seleccionalos eficazmente en función dos correspondentes xéneros textuais e contextos de traballo.	CB1 CB2 CB3 CB4 CE5 CE8 CE22 CE26 CT6 CT9 CT14 CT22
- Recoñecer no texto de partida económico-empresarial ou comercial as estruturas léxica e morfosintácticas e os trazos textuais e culturais que, no marco da correspondente tradución, poidan resultar críticos ou problemáticos.	CB1 CB3 CE5 CE8 CE22 CE26 CT4 CT6 CT9 CT22
Detectar e analizar elementos problemáticos de maneira autónoma e eficaz e aplicar as pertinentes estratexias no marco da correspondente tradución (directa ou inversa), dos textos económico-empresariais e comerciais.	CB3 CB4 CE5 CE8 CE22 CE26 CT4 CT6 CT9 CT14 CT15 CT22
Integrarse, sexa como tradutor, sexa como documentalista ou revisor, en equipos de tradución na aula, para a resolución conxunta de encomendas, aceptando as opinións dos demais e sendo capaz de defender xustificadamente as propias.	CB3 CB4 CE22 CT3 CT4 CT9 CT22

Contidos
Tema

Os tipos de erros da tradución económica	Erros lingüísticos Erros textuales Erros extralingüísticos Problemas de intencionalidade Problemas pragmáticos Os falsos amigos
A documentación para a tradución económica	As necesidades de documentación na tradución económica Fontes terminolóxicas Fontes de documentación institucional Outras fontes de documentación Busca e procesamento de información Internet como fonte de documentación
Introdución á macroeconomía	Principios básicos de economía Os sistemas económicos Os factores de produción O PIB e a contabilidade nacional Sector Público. Paro e políticas de emprego Prezos, inflación e xuros
As sociedades	Tipos de sociedades
O comercio	Importacións e exportacións
As institucións financeiras	Moeda e divisa A banca
Exercicios de tradución directa e inversa	O texto divulgativo económico O texto académico económico O texto comercial Informes anuais Manual sobre sociedades Dailies & Weeklies Outros...

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Estudo previo	8	0	8
Lección maxistral	9	0	9
Traballo tutelado	24	0	24
Práctica de laboratorio	4	16	20
Traballo	0	86	86
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo primordial desta materia é un achegamento tanto á actividade da tradución audiovisual en si mesma como a todos os aspectos que a rodean e que van influír no traballo do profesional da tradución. Isto será imprescindible para que os futuros tradutores e tradutoras adquiran unha base sólida sobre a que comezar a traballar e para que coñezan polo miúdo e tomen conciencia do factor colectivo desta actividade, primeiro paso para enfrontarse a unha encomenda de tradución audiovisual. Trátase dunha introdución ao campo e á combinación na que se dará unha visión panorámica das principais modalidades e se exporán con maior detimento 2: subtitulación e dobraxe.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber
CE14	Dominio de ferramentas informáticas	• saber
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística	
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber • saber facer
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira	
CT5	Coñecementos de informática aplicada	• saber • saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	
CT7	Toma de decisións	• saber facer
CT12	Traballo en equipo	• saber facer
CT15	Aprendizaxe autónoma	
CT16	Adaptación a novas situacións	
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (inglés e galego) a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	CE2 CE3 CE4 CT1 CT2 CT15 CT17 CT22

Ter un coñecemento profundo da cultura das dúas linguas de traballo, que repercutirá nunha comprensión óptima dos textos audiovisuais orixinais, factor clave para a realización dunha tradución de calidade.	CE2 CE8 CE28 CT6 CT15 CT17
Analizar correctamente todos os aspectos relativos a cada encargo de tradución audiovisual concreto, para deseñar unha estratexia xeral de traballo apropiada e produtiva.	CE8 CE9 CE17 CT6 CT7 CT12 CT15 CT16 CT22
Analizar o texto orixinal para detectar problemas de tradución ou problemas derivados da modalidade de tradución audiovisual concreta coa que se estea a traballar. Aprender a resolver eses problemas escollendo a solución máis apropiada entre varias e sabendo xustificar a escolla.	CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE28 CT1 CT2 CT6 CT7 CT16 CT17 CT22
Aplicar os coñecementos de informática para aprender a manexar todas as ferramentas que se requiren para certas modalidades de tradución audiovisual.	CE14 CT5

Contidos

Tema	
1. Introdución á tradución audiovisual (TAV)	1.1. Os medios audiovisuais. 1.2. O texto audiovisual. Características e particularidades. 1.3. A tradución audiovisual (TAV). Definición e modalidades. 1.3.1. Características diferenciais da TAV. 1.3.2. Modalidades principais de TAV. Características e particularidades. - Dobraxe. - Subtitulación.
2. A práctica da TAV	2.1. A dobraxe. Fases, participantes e problemas de tradución (xerais e específicos dos códigos de significación audiovisuais). 2.2. A subtitulación. Fases, participantes e problemas de tradución (xerais e específicos dos códigos de significación audiovisuais). 2.3. Análise crítica de estudos de caso.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	24	36
Resolución de problemas de forma autónoma	0	48	48
Aprendizaxe baseado en proxectos	0	30	30
Resolución de problemas	33	0	33
Exame de preguntas obxectivas	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición

Lección maxistral	Exposición dos contidos teóricos recollidos no apartado correspondente desta guía. Malia tratarse de sesións maxistrais, cómpre a participación activa do alumnado (resolución de dúbidas, debates abertos, etc.).
Resolución de problemas de forma autónoma	Realización de exercicios prácticos de tradución audiovisual, que se expoñerán e corrixirán nas correspondentes sesións prácticas presenciais.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Preparación de dúas encomendas, unha por cada modalidade básica (dobraxe e subtitulación). Poden facerse de xeito individual ou colectivo, previa consulta coa profesora. Adoptarán as seguintes formas: - SUBTITULACIÓN: Realización de 40 subtítulos e xustificación (se o alumno/a o considera pertinente) das decisións de tradución. O alumno escollerá o material de traballo e consultará coa profesora a súa pertinencia antes de emprender a tarefa. - DOBRAXE: Análise crítica dunha tradución para dobraxe xa existente (15-20 minutos mínimo ou o que o alumno/a estime oportuno para dar conta de problemas/solucións de tradución tomadas). O alumnado deberá demostrar que adquiriu as técnicas necesarias para levar a cabo con éxito unha tradución audiovisual, sexa para dobraxe ou para subtitulación e que dispón das ferramentas analíticas mínimas para facer unha análise crítica ou para explicar as súas decisións de tradución.
Resolución de problemas	Sesións prácticas que se desenvolverán a modo de obradoiros de comentario e tradución en equipo a partir das propostas individuais (previamente preparadas) de cada alumno ou alumna. O alumnado deberá demostrar que conta cunhas destrezas básicas á hora de acometer unha tradución audiovisual e, así mesmo, que interiorizou os conceptos básicos expostos nas sesións teóricas. Estas sesións terán lugar na aula habitual e na biblioteca cando o traballo en equipo e a consulta de material bibliográfico (revistas especializadas) así o requira. Neste caso, estarán titorizados en tempo real dende faitic pola profesora.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en titorías (presenciais ou online) para solucionar dúbidas.
Resolución de problemas	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en titorías (presenciais ou online) para solucionar dúbidas.
Resolución de problemas de forma autónoma	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en titorías (presenciais ou online) para solucionar dúbidas.
Aprendizaxe baseado en proxectos	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en titorías (presenciais ou online) para solucionar dúbidas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Asistencia habitual ás sesións presenciais e participación activa, que require a preparación previa dos exercicios propostos. Entrega de todos os traballos e exercicios de clase que a profesora demande.	20	CE2 CE3 CE4 CE8 CE9 CE14 CE17 CT1 CT5 CT6 CT7 CT22

Aprendizaxe baseado en proxectos	Dúas encomendas de tradución (vid. metodoloxía docente), unha de subtitulado e outra de dobraxe. As datas de entrega fixaranse na clase e publicaranse en faitic, atendendo ao calendario e procurando unha distribución racional da carga de traballo.	60	CE2 CE3 CE4 CE8 CE9 CE14 CE17 CT1 CT5 CT6 CT7 CT12 CT22
Exame de preguntas obxectivas	Proba de resposta curta dos contidos teóricos da materia (preguntas tipo test ou pequeno desenvolvemento). Constará dunha parte teórica (non se poderá usar ningún material) e dunha práctica (pódese usar material, agás correo electrónico). A parte práctica que pode adoptar a forma de traducións de microtextos con problemas específicos de TAV ou análise dalgún caso proposto. Para que faga media, hai que sacar un mínimo de 5 nesta proba. A data do exame final será consensuada en clase coa profesora.	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

****PODERANSE DESCONTAR ATA 2 PUNTOS POR FALTA DE ORTOGRAFÍA EN CALQUERA DAS PROBAS DE AVALIACIÓN ESPECIFICADAS ARRIBA.**

PRIMEiRA EDICIÓN DE ACTAS:

Esta materia é presencial e a súa avaliación continua (as probas e porcentaxes de avaliación son os arriba indicados). Porén, se algún alumno/a, por motivos xustificados, non pode seguir este sistema de avaliación,deberá presentar nas dúas primeira semanas seguintes ao día en que se inicien as clases xustificante especificando este particular. Nese caso, para ser avaliado na primeira edición de actas deberá ir á avaliación única na data consensuada co alumnado de avaliación continua (normalmente a última ou penúltima semana de docencia). A proba consistirá en: un exame teórico (30%) e a entrega dun traballo de subtitulado (35%) e outro de dobraxe (35%). **Para superar a materia cómpre aprobar as tres partes.**

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO):

O/A alumno/a que siga o sistema de avaliación continua e non acade a nota mínima presentarase en xullo ás partes non superadas na data indicada no elcalendario de exames. As partes aprobadas gardaranse unicamente ata a convocatoria de xullo.

Os/as alumnos/as que sigan a avaliación única e non superen a materia na primeira edición de actas presentaranse á proba fixada no calendario de exames, que terá as mesmas partes e condicións que o exame de avaliación única de maio.

Todas as probas se realizarán na lingua termo da combinación da materia.

Con respeto á avaliación de traballos e proxectos, se se detecta que istos (ou algunha das súas partes) son plaxios, a cualificación dos mesmos será 0.

É responsabilidade do/da alumno/a consultar os materiais e novidades a través da plataforma de teledocencia FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

**Esta materia NON se recomenda para ALUMNADO ERASMUS.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Chaume, Frederic, Cine y traducción, Cátedra, 2004, Madrid
Díaz Cintas, Jorge, Teoría y práctica de la subtitulación, Ariel, 2003, Barcelona

Bibliografía Complementaria

A bibliografía completarase na aula,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109
Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309
Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español				
Materia	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01923			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Pereira Rodríguez, Ana María			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes Pereira Rodríguez, Ana María			
Correo-e	pereira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia concíbese como un espazo didáctico que ha de servir ao alumno, por unha banda, para coñecer os conceptos básicos da tradución audiovisual, fundamentalmente as súas modalidades principais, a dobraxe e o subtitulado, e, por outra, para saber identificar os principais problemas de tradución dos textos audiovisuais en lingua inglesa e implementar as estratexias para resolvelos. Así mesmo, o alumno aprenderá a aplicar métodos analíticos aos textos audiovisuais co fin de alcanzar unha boa tradución (análise textual e contextual) ou de establecer a calidade de traducións xa existentes e saberá manexar un programa de subtitulación.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada	• saber facer
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión	• saber facer
CE14	Dominio de ferramentas informáticas	• saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira	• saber
CT5	Coñecementos de informática aplicada	• saber facer
CT6	Capacidade de xestión da información	• saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber facer
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	• Saber estar / ser
CT12	Traballo en equipo	• Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber facer
CT16	Adaptación a novas situacións	• Saber estar / ser
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	• saber
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
O alumno coñecerá os conceptos básicos da tradución audiovisual, fundamentalmente nas modalidades de dobraxe e subtitulado.	CE9

O alumno identificará os principais problemas de tradución dos textos audiovisuais en lingua inglesa e aplicará as estratexias apropiadas para resolvelos	CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE13 CE17 CE18 CT2 CT7 CT15 CT17 CT22
O alumno aplicará métodos analíticos aos textos audiovisuais e ás traducións audiovisuais do inglés co fin de obter unha tradución de calidade ou de avaliar a calidade de traducións existentes.	CE18 CT8 CT14
O alumno aprenderá a manexar un programa de subtitulado.	CE14 CE18 CT5 CT6 CT12 CT16 CT22

Contidos	
Tema	
1. INTRODUCIÓN Á TRADUCIÓN AUDIOVISUAL (TAV) Ana	1.1. Definición de TAV 1.2. Características diferenciais do TAV 1.3. Tipoloxía do texto audiovisual 1.4. Modalidades básicas de TAV: dobraxe, subtitulado e modalidades menores
2. O SUBTITULADO Ana	2.1. Historia: evolución do subtitulado en España 2.2. Etapas do proceso de subtitulado 2.3. A práctica subtituladora: software, condicións laborais, convencións, o discurso subtitulador 2.4. Principais problemas de subtitulado: xerais (referentes culturais e intertextuales, xogos de palabras, etc.) e específicos (limitacións de espazo, "canned laughter", subordinación da palabra á imaxe, caracter "vulnerable" e oralidade prefabricada)
3. A DOBRAXE Lourdes	3.1. Historia: evolución da dobraxe en España 3.2. Etapas do proceso de dobraxe 3.3. Tipos de encargos 3.4. Convencións de dobraxe 3.5. Principais problemas de dobraxe: xerais (tradución de neoloxismos, do humor, etc.) e específicos (subordinación da palabra á imaxe, "canned laughter" e oralidade prefabricada)

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	19	0	19
Traballo tutelado	9	0	9
Resolución de problemas de forma autónoma	0	21	21
Estudo previo	0	15	15
Lección maxistral	12	24	36
Actividades introdutorias	2	0	2
Seminario	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	12	14
Traballo	0	30	30
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente
Descrición

Resolución de problemas	Os puntos teóricos explicados nas clases maxistrais exercitaranse a través de actividades de resolución de problemas e distintos tipos de exercicios que se farán na aula, normalmente en parellas ou pequenos grupos.
Traballo tutelado	Actividades máis extensas nas que non só se pon en práctica o asimilado a través de explicacións e lecturas, senón que buscan fomentar a aprendizaxe e práctica autónomos, o espírito crítico, o traballo en equipo, etc.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os puntos teóricos explicados nas clases maxistrais exercitaranse a través de actividades e prácticas que o alumno realizará individualmente en casa.
Estudo previo	Todas as unidades do temario teñen unha bibliografía básica obrigatoria que o alumno debe asimilar, xa que será examinado do seu contido.
Lección maxistral	Nas sesións maxistrais explicaranse os puntos teóricos que, a continuación, exercitaranse mediante actividades prácticas fose e dentro da aula. É fundamental que devanditos puntos teóricos sexan estudados e asimilados polo alumno.
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial desta materia dedicarase a explicar con detalle os obxectivos que se pretenden alcanzar, o temario, a forma na que se desenvolverá a docencia e os procedementos de avaliación.
Seminario	Nas tutorías grupais comentaranse e revisarán as entregas obrigatorias previstas para esta materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	As profesoras estarán a disposición do alumnado tanto na clase como en horas de titoría (presenciais ou telemáticas) para resolver dúbidas.
Traballo tutelado	As profesoras estarán a disposición do alumnado tanto na clase como en horas de titoría (presenciais ou telemáticas) para resolver dúbidas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas e/ou exercicios	Asistencia habitual ás sesións presenciais e participación activa, que require a preparación previa dos exercicios propostos. Entrega de todos os traballos e exercicios de clase que as profesoras demanden.	20	CE3 CE4 CE9 CT15 CT22
Traballo	Realizaranse dúas entregas, unha de subtitulado e outra de dobraxe. As datas de entrega fixaranse en clase, atendendo ao calendario, ao ritmo de impartición dos contidos e a unha distribución racional da carga de traballo. Como datas orientativas: o traballo de subtitulado entregarase a semana 10 e o de dobraxe a 14.	60	CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE9 CE13 CE14 CE17 CE18 CT2 CT5 CT6 CT7 CT8 CT12 CT14 CT16 CT17 CT22
Exame de preguntas obxectivas	Proba de resposta curta dos contidos teóricos da materia. Para que faga media, hai que sacar un mínimo de 5 nesta proba. DATA: esta proba coincidirá coa de avaliación única do calendario oficial de exames da FFT.	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

**** PODERANSE DESCONTAR ATA 2 PUNTOS POR FALTA DE ORTOGRAFÍA EN CALQUERA DAS PROBAS DE AVALIACIÓN ESPECIFICADAS ARRIBA**

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS:

Esta materia é presencial e a súa avaliación continua (as probas e porcentaxes da avaliación continua son os arriba indicados). No entanto, se algún alumno, por motivos xustificados, non pode seguir este sistema de avaliación, deberá presentar nas dúas semanas seguintes ao día en que se matricule un xustificante especificando este particular. Nese caso, para ser avaliado na primeira edición de actas deberá ir á avaliación única na data especificada no calendario de exames aprobado en Xunta de Facultade. A proba consistirá en: un exame teórico (30%) e a entrega dun traballo de subtitulado (35%) e outro de dobraxe (35%). Para superar a materia é necesario aprobar as tres partes.

As entregas, exercicios, lecturas, etc. feitas ao longo do curso servirán ao final para redondear a nota á alza, cun peso máximo (para a totalidade de entregas) de 0,75 e valores intermedios de 0,5 e 0,25.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO):

O alumno que siga o sistema de avaliación continua e non alcance a nota mínima presentarase en xullo ás partes non superadas na data indicada no calendario de exames. As partes aprobadas gardaranse unicamente ata a convocatoria de xullo.

Os alumnos que sigan a avaliación única e non superen a materia na primeira edición de actas presentaranse á proba fixada no calendario de exames, que consistirá en: un exame teórico (30%) e a entrega dun traballo de subtitulado (35%) e outro de dobraxe (35%). Para superar a materia é necesario aprobar as tres partes.

Todas as probas realizaranse na lingua termo da combinación da materia.

Con respecto á avaliación de traballos e proxectos, se se detecta que estes (ou algunha das súas partes) son plaxios, a cualificación dos mesmos será 0.

É responsabilidade do alumno consultar os materiais e novidades a través da plataforma de teledocencia FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

ALUMNADO ERASMUS

Requírese un nivel B2 de lingua A español.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Chaume Varela, Frederic, Cine y traducción, 1, Cátedra, 2004, Madrid

Díaz Cintas, Jorge, Teoría y práctica de la subtitulación inglés-español, 1, Ariel, 2003, Barcelona

Bibliografía Complementaria

Se facilitará mis bibliografía en clase,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 1, I: Inglés-Español/V01G230V01310
Tradución idioma 1, II: Inglés-Español/V01G230V01503
Tradución idioma 1, III: Inglés-Español/V01G230V01606

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego				
Materia	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01924			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Profesorado	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Correo-e	xoanmontero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	-Introducir o alumnado nas técnicas da tradución audiovisual. -Desenvolver aptitudes para poder acometer calquera encomenda de tradución audiovisual. -Familiarizarse cos xéneros audiovisuais.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber • saber facer
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber • saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber • saber facer
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber • saber facer
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber • saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer
CE7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización	• saber • saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber • saber facer
CT5	Coñecementos de informática aplicada	• saber • saber facer
CT15	Aprendizaxe autónoma	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT18	Creatividade	• saber • saber facer • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (francés-galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE3 CE4 CT1 CT15
COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto audiovisual. SUBCOMPETENCIAS: coñecer textos de tipo audiovisual coas súas características propias (dobraxe e subtitulación)	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender textos redactados na lingua de partida. SUBCOMPETENCIA: Coñecer os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais, etcétera	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE2
COMPETENCIA TRADUTORA: adquirir as diferentes competencias precisas para traducir un texto de tipo audiovisual. SUBCOMPETENCIAS: Identificar os axentes que interveñen no proceso de tradución audiovisual (iniciador, mediador (estudio), tradutor, cliente, espectador...) e a función comunicativa do texto. Aprender a analizar textos con vistas á súa tradución. Coñecer as distintas técnicas e estratexias de tradución audiovisual. Identificar os problemas de tradución audiovisual e aprender a resolvelos, e argumentar as escollas. Traducir textos especializados. Aprender a traballar con textos paralelos. Aprender a manexar as ferramentas de tradución (procesadores de texto, programas de subtitulación...). Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural e como axente normalizador. Coñecer as normas de revisión e presentación de traducións. Coñecer o mercado laboral e a práctica profesional. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE7 CE17 CT1 CT5 CT18

Contidos	
Tema	
1. Introdución á tradución audiovisual	1.1. Definición de tradución audiovisual (TAV) 1.2. Características diferenciais da TAV 1.3. Tipoloxía do texto audiovisual 1.4. Modalidades básicas de TAV: dobraxe, subtitulación, localización, multimedia...
2. A subtitulación	2.1. Etapas no proceso de subtitulación 2.2. A práctica subtituladora 2.2.1. Software de subtitulación 2.2.2. Convencións de subtitulación 2.2.3. O discurso subtitulador: reducións, simplificacións léxicas, equilibrio sintáctico, etc.
3. A dobraxe	3.1. Historia 3.2. Etapas no proceso de dobraxe 3.3. Convencións de dobraxe en galego 3.4. Problemas principais de tradución (xerais e específicos de TAV)
4. O axuste	4.1. Etapas do axuste

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	12	24
Resolución de problemas de forma autónoma	30	50	80
Práctica de laboratorio	6	40	46

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	As 10h de sesión maxistral destinaranse a presentar a situación da tradución audiovisual desde o francés cara ao galego en Galicia e a explicar o proceso tradutor para a subtitulación e para a dobraxe. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativo e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.
Resolución de problemas de forma autónoma	Neste apartado de 30 horas, realizaranse correccións exercicios de ámbito audiovisual ou exercicios aplicados á teoría achegada durante as sesións maxistrais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	As dúbidas puntuais atenderanse nos horarios de titoría.
Resolución de problemas de forma autónoma	As dúbidas puntuais atenderanse nos horarios de titoría.
Probas	Descrición
Práctica de laboratorio	As dúbidas puntuais atenderanse nos horarios de titoría.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	A avaliación das sesións maxistrais permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante un exame, ben mediante a encomenda de resumos ou crítica de artigos.	20	CE2 CE3 CE4 CE7 CE17 CT1 CT5 CT15 CT18
Resolución de problemas de forma autónoma	Neste apartado avaliaranse todo tipo de exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora do ámbito audiovisual corrixidos na aula.	10	CE2 CE3 CE4 CE7 CE17 CT1 CT5 CT15 CT18
Práctica de laboratorio	Neste apartado, entregaránselle ao alumnado unha encarga (ou exame) para ser traducida que tente simular situacións reais de traballo. Esta formará parte da avaliación continua.	70	CE2 CE3 CE4 CE7 CE17 CT1 CT5 CT15 CT18

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá informar o profesorado nas dúas primeiras semanas de clase a súa elección de acollerse ou non á avaliación continua. En caso de aprobar todas as probas con nota igual ou superior a 5/10, considerarase que o alumnado aprobou a avaliación continua. Non se fai nota media. De non aprobar a avaliación continua, deberá avaliarse de todo o temario na convocatoria de xullo.

O alumnado que non siga a avaliación continua deberá realizar un exame a finais do cuadrimestre (avaliación única) sobre todos os contidos da materia especificados no apartado CONTIDOS da guía docente, así como das lecturas obrigatorias.

O exame da convocatoria de maio (avaliación única) e de xullo consistirá na realización dunha tradución do francés ao galego dun texto audiovisual (que contará o 70% da nota), así como do control das lecturas obrigatorias (que contará o 30% da nota). As faltas de ortografía penalizaranse con 1 punto/erro.

Datas das probas:

AVALIACIÓN CONTINUA:

- Proba de teoría: Na décima semana.

- Proba tradución audiovisual: Última semana de docencia de cada docente.

AVALIACIÓN ÚNICA:

A proba de avaliación única terá lugar na data oficial marcada polo decanato.

O que suspenda a convocatoria de maio, terá que avaliarse de todos os contidos da materia en xullo.

Penalizarase a copia ou plaxio.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
CHAUME, F., Cine y traducción, Cátedra, 2004, Madrid
DÍAZ CINTAS, J., Teoría y práctica de la subtitulación inglés-español, Ariel, 2003, Barcelona
MONTERO DOMÍNGUEZ, X., Achegas para a tradución de produtos destinados á dobraxe cara ao galego, Viceversa. Revista galega de tradución, 12, Universidade de Vigo, 2006, Vigo
MONTERO DOMÍNGUEZ, X. (Ed.), Tradución para a dobraxe en Galicia, País Vasco e Cataluña. Experiencias investigadoras e profesionais, Servizo de publicacións da Universidade de Vigo, 2010, Vigo
MONTERO DOMÍNGUEZ, X. (Ed.), El doblaje. Nuevas vías de investigación, Comares, 2017, Granada
ROALES RUIZ, A., Técnicas para la traducción audiovisual: subtitulación, Escolar y mayo, 2017, Madrid
MONTERO DOMÍNGUEZ, X., Intérpretes de cine. Análisis del papel mediador en la ficción audiovisual, Peter Lang, 2019, Berlín
Bibliografía Complementaria

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Español

Materia	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Español			
Código	V01G230V01925			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral				

Competencias

Código	Tipoloxía

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias

Contidos

Tema

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición

Atención personalizada

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01926			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana			
Profesorado	Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	lilianavalado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia de especialización nas teoría e práctica da tradución editorial, na combinación de inglés a galego, é dicir, tradución directa. Nesta disciplina, enténdese que a etiqueta de tradución editorial engloba todos aqueles produtos traducidos suxeitos a un proceso editorial, profesional e pautado segundo a secuenciación dos protocolos normativos internacionais (UNE-EN 15038: 2006 e ISO 17100). A tradución editorial enténdese, xa que logo, como un proceso; proceso que se lle exporá ao alumnado para que acade a calidade obxecto de avaliación en consonancia cos estándares existentes no mercado e, polo tanto, de grande utilidade para o seu futuro profesional como tradutoras e tradutores. O alumnado poderá achegarse á práctica profesional das principais modalidades de tradución editorial presentes no mercado actual, nas linguas citadas, é dicir, tradución de literatura para audiencia adulta, xuvenil e infantil; as principais: ensaio, poesía, prosa e teatro, tamén outros produtos sometidos a edición como material publicitario e de divulgación (extractos explicativos de libros, CD, DVD...--"galletas", sinopses...--) e documentación interna de institucións internacionais. Mediante a simulación de procesos reais de tradución editorial, o alumnado poderá coñecer e/ou adquirir as competencias esixidas polo mercado profesional non só en materia de tradución, senón tamén de iniciación á edición. Os materiais empregados extraeranse de encomendas reais de tradución profesional.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CE1	Dominio de linguas estranxeiras	• saber
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE10	Capacidade de traballo en equipo	• Saber estar / ser
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	• saber facer • Saber estar / ser
CE19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos	• saber facer
CE22	Destrezas de tradución	• Saber estar / ser
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma	• Saber estar / ser
CE27	Capacidade de razoamento crítico	• saber facer • Saber estar / ser
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia	• saber
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	• saber
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira	• saber
CT4	Resolución de problemas	• saber facer
CT7	Toma de decisións	• saber facer
CT8	Compromiso ético e deontolóxico	• Saber estar / ser
CT9	Razoamento crítico	• Saber estar / ser
CT12	Traballo en equipo	• saber facer • Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Competencia lingüística: dominar á perfección a norma e os usos das linguas de traballo (inglés-galego), a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico. Subcompetencias: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos.	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE33 CT14
Competencia comunicativa e cultural: comprender textos redactados na lingua orixe. Subcompetencia: coñecer a historia e as culturas das dúas linguas co fin de entender á perfección os textos, así como dominar os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais; entre elas, saber relacionarse coas e cos diferentes axentes, é dicir, relación tradutora/tradutor-clienta/cliente.	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE19 CE22 CE24 CE27 CE33 CT1 CT2 CT7 CT9
Competencia textual: comprender a estrutura e os principios organizadores dos textos que se editan. Subcompetencias: coñecer os diferentes tipos de texto mencionados e as súas características (argumentativos, expositivos...), así como a técnica de edición máis común á que adoitan ser sometidos.	CE1 CE3 CE4 CE33
Competencia tradutora: saber traducir un texto sen interferencias e con calidade. Subcompetencia: identificar as e os axentes do proceso de tradución editada (autoría, axente que traduce, autorrevisa, corrixe, revisa de xeito alleo, paxina, maqueta, compón a páxina, axente receptora ou receptor, quén e cómo critica e recensiona, quén e cómo realiza os controis de calidade, as auditorías da Norma...) e a función do texto. Coñecer as distintas técnicas e estratexias empregadas pola tradutora ou tradutor como editora ou editor, pola tradutora ou tradutor como correctora ou corrector, como revisora ou revisor, así como o mercado laboral no que estas e estes axentes desenvolven o seu labor profesional na actualidade (cántas editoriais precisan tradutoras e tradutores con inglés e galego e cál é o seu volume de publicación). Para isto, definirase a tradución de encomendas individuais e en equipo, así como se ensinará a xestionar proxectos de tradución editorial.	CE8 CE10 CE17 CE18 CE22 CE24 CE27 CT4 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14

Contidos	
Tema	
1 A industria editorial. 2 A industria editorial en galego e inglés.	1.1 Historia da tradución en Galicia: edición e tradución (1991-2005, 2006-actualidade). 2.1 Traducir para editoriais: simulación real dunha proposta de proxecto de tradución editorial para unha editorial en Galicia (candidatura voluntaria por parte do alumnado á empresa editora). 2.2 Traducir para empresas: publicación real dunha tradución editorial cara ao galego para unha empresa internacional (demanda real da empresa ao alumnado).
3 Lexislación para emprender: tradutoras/es autónomos ou SL? 4 Ética e deontoloxía profesionais na consecución da calidade na tradución: o modelo Qualitrapo como protocolo para unha tradución editorial de calidade.	3.1 Lei de propiedade intelectual. 3.2 Propiedade industrial. 3.3 Tradutoras/es autónomos ou SL? 4.1 Códigos deontolóxicos: os principais das asociacións de profesionais de tradución. 4.2 Tradución como profesión: asociacionismo (de profesionais, de empresas de tradución, federacións en España). 4.3 Calidade e tradución: asociacionismo (ISO, AENOR, AEN, CTN) e normas (ISO, EN, UNE-EN). 4.4 Simulación da aplicación dun modelo para traducir no tema 5 desta materia.

5 Práctica do proceso de tradución editorial emulando o modelo Qualitrapo para a edición traducida. 6 Práctica do proceso de revisión para a edición segundo a terminoloxía da norma "ISO 17100 Translation services Requirements for translation services" [en prensa].	5.1 Tradución de novela infantil e de adulto e proposta mediante candidatura voluntaria (v. 2.1). 5.2 Tradución de poesía. 5.3 Tradución de banda deseñada. 5.4 Tradución de cancións. 6.1 Introdución e práctica simulada en aula da revisión das traducións (v. 5) sobre papel vs. en pantalla segundo a terminoloxía da norma "EN 17100": conferencia-seminario de membro AEN/CTN 174 "Servicios de traducción" de AENOR. 6.1.1 Chamadas de corrección internacionais. 6.1.2 Corrección humada por parte de empresas: mostra real.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1.5	1.5	3
Lección maxistral	12	28	40
Resolución de problemas	10	20	30
Traballo tutelado	1.5	3	4.5
Prácticas de laboratorio	20	37.5	57.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	12	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	A profesora presentará o programa docente, mediante explicación polo miúdo dos contidos, os traballos que cómpre realizar para as presentacións, así como as lecturas de carácter obrigatorio e mais o sistema de avaliación. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é recomendable que lla formule directamente á docente durante ou tras estas actividades introdutorias. De non haber dúbidas, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade das actividades introdutorias.
Lección maxistral	As sesións maxistrais están destinadas a presentar a tradución editorial e a explicar o proceso tradutivo profesional. Malia a estaren no apartado de sesións maxistrais, a impartición será de índole participativa e sempre irá acompañada de apoio mediante soporte práctico. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é necesario que lla formule directamente á docente durante ou tras estas actividades. De non haber dúbidas, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade das sesións maxistrais.
Resolución de problemas	Consistirá na resolución de exercicios de tradución de diferentes tipos de textos na modalidade editorial cos que se tentará emular o proceder profesional da tradución como proceso. Mediante estes exercicios poderán resolverse problemas (dificultades de tradución) empregando as técnicas necesarias para a corrección sobre papel e en pantalla. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é recomendable que lla formule directamente á docente durante ou tras as actividades. De non haber dúbidas, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade da resolución de problemas e exercicios.
Traballo tutelado	Durante as sesións dedicadas a este apartado, a profesora explicará o procedemento e as normas de elaboración de traducións e guiará o alumnado para que simule unha pre-tradución profesional mediante o procedemento exposto nunha proxección ad-hoc.
Prácticas de laboratorio	O alumnado realizará encomendas de tradución editorial, revisión e corrección dos tipos de textos mencionados no temario, emulando os dous procesos profesionais reais presentados durante as sesións. Estas encomendas realizaranse na aula. O alumnado contará co apoio do material e as fontes de consulta necesarias para acadar un produto traducido idóneo, segundo as referencias facilitadas pola profesora. Unha vez autorrevisada a tradución, a profesora procederá á súa revisión mediante a proxección das opcións de tradución que o alumnado lle facilite. Desbotaranse as non correctas e validaranse como definitivas as correctas. A continuación, o alumnado intercambiará as traducións e realizarase a revisión allea mediante cotexo coa versión validada e definitiva dispoñible na proxección. Facilitarase un modelo de baremo previamente. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é necesario que lla formule directamente á docente durante ou tras estas actividades. De non haber dúbidas, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade das prácticas de laboratorio.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Revisión e corrección durante as sesións de aula.
Lección maxistral	Revisión e corrección durante as sesións de aula.
Resolución de problemas	Revisión e corrección durante as sesións de aula.
Prácticas de laboratorio	Revisión e corrección durante as sesións de aula.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	A avaliación das sesións maxistrais permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente á aplicación na práctica dos conceptos téoricos da materia. Estes contidos avaliaranse coa entrega dunha tradución a través de Faitic.	15	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE10 CE17 CE18 CE19
Resolución de problemas	Avaliarase todo tipo de exercicios relacionados coa competencia tradutora. Poderán ser exercicios nos que se avalíe a autorrevisión, revisión e corrección alleas, así como a tradución (competencias practicadas durante as sesións). Terase moi en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado. Estes contidos serán detallados e avaliados na proba presencial de exame (parte práctica).	30	CE22 CE24 CE27 CE33 CT1 CT2
Prácticas de laboratorio	Entragaráselle ao alumnado textos para seren traducidos. O alumnado tentará simular procesos reais de traballo. Terase moi en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado. Estes contidos avaliaranse na entrega de revisión e corrección xustificadas dunha proba non presencial de tradución. O control da entrega farase mediante Faitic.	30	CT14
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado deberá pór na práctica os coñecemento en revisión, corrección e tradución.	25	CT4 CT7 CT8 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

a) Avaliación

O alumnado ten que optar a comezos de curso por unha das dúas modalidades de avaliación: continua ou única.

1 Para o alumnado que segue a avaliación continua, todas as probas propostas son obrigatorias. O alumnado deberá superar todas as probas para poder superar a materia. O alumnado que suspenda algunha das probas deberá recuperar esa parte na data oficial do exame de maio-xuño.

O alumnado que suspenda a avaliación de maio-xuño poderá presentarse á convocatoria de xullo na data oficial, fixada pola Facultade, que incluirá todos os contidos da materia. Gardarase a parte aprobada para xullo no caso de habela. A avaliación continua consta das seguintes probas obrigatorias:
-- Entrega a través de Faitic dunha tradución. A data de entrega será na segunda sesión da semana de 1 a 8 de abril: 15%.

-- Revisión e corrección xustificadas dunha proba non presencial de tradución. A data fíxase para a segunda sesión da semana de 18 a 22 de marzo: 30%.
-- Proba presencial de exame consistente nunha parte práctica de tradución e corrección. Non se permitirá o uso de computador. A data fíxase segundo o calendario oficial: 55%.

2 Para o alumnado que non se acolla á avaliación continua, o de avaliación única, haberá dúas convocatorias de exame: maio-xuño

(data oficial) e xullo (data oficial). O exame consistirá na realización dun traballo de tradución directa (inglés-galego), así como dunha proba de respostas curtas e longas sobre as lecturas que aparecen marcadas como [lectura obrigatoria] publicadas en Faitic e dispoñibles na biblioteca. Non se permitirá empregar materiais auxiliares, nin computador na parte de respostas sobre lecturas. Deberá superar as dúas probas para facer media. Non se gardará para xullo a parte aprobada en xuño no caso de habela.

b) Baremo e outros comentarios

O baremo é o seguinte:

1 Exercicio de proba teórica sobre lecturas: resposta incorrecta: -0,2.

Os erros ortograficogramaticales, así como os tipográficos tamén descontan nesta parte, tal e como aparece a continuación.

2 Exercicio de tradución:
Sen sentido (SS): -1,00

Contrasenso (CS): -1,00

Omisións (Om): -1,00

Erro de gramática (G): -0,50

Erro de sintaxe (S): -0,50
Erro de ortografía (Ou): -0,25

Non idiomático ou erro de estilo (E): -0,15

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.
A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

ISO, UNE-EN ISO 17100:2015. Servicios de traducción. Requisitos para los servicios de traducción., AENOR, 2017, Madrid

Luan, A., Analysis Criteria for Editorial Translation Policies, Peter Lang, 2011, Berna

Bará, L., Políticas de traducción de la Consellería de Cultura de la Xunta de Galicia, Peter Lang, 2011, Berna

Gentzler, E., Translation, Culture and Publishing in the United States, Peter Lang, 2011, Berna

Valado, L., An Overview of a New Focus on TQA: Translation Error Detection Method (Tedemet), Peter Lang, 2011, Berna

Mossop, B., Editing and Revising for Translators, Routledge, 2014, London

ACT, La importancia del español y su traducción multilingüe en la empresa., AENOR, 2006, Madrid

Álvarez Lugrís, A., "La Asociación de Tradutores Galegos (ATG)".En Translation Quality Assessment Policies from Galicia., Peter Lang, 2011, Berna

Luna, A, S. Montero Küpper e L. Valado., "Translation Policies from the Insight". En Translation Quality Assessment Policies from Galicia., Peter Lang, 2011, Berna

Martínez De Sousa, J., "La traducción y sus trampas". En Translation Quality Assessment Policies from Galicia., Peter Lang, 2011, Berna

Nord, C., Translation as a purposeful Activity. Functional Approaches Explained., St. Jerome, 1997, Manchester

Valado, L., "Quality in Translation in Publishing as a Process". En Tradución na edición de libro de texto. Proposta de protocolo de actuación do castelán ao galego na procura de calidade., SPUV, 2012, Vigo

Nord, C., Translation as a purposeful Activity. Functional Approaches Explained., St. Jerome, 1997, Manchester

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103
Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés/V01G230V01417
Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución editorial idioma 1: Inglés-Español				
Materia	Tradución editorial idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01927			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Correo-e	brodriguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia de tradución 100% directa permitiralle ao alumnado unha primeira aproximación á teoría e práctica da tradución editorial. O alumno será capaz de identificar as características dos textos literarios, de defender as súas propostas de tradución, manexar as estratexias de trasvase e fontes de documentación necesarias.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
